

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12913 *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A avaliación ambiental resulta indispensable para a protección do ambiente. Facilita a incorporación dos criterios de sustentabilidade na toma de decisións estratéxicas a través da avaliación dos plans e programas. E a través da avaliación de proxectos garante unha adecuada prevención dos impactos ambientais concretos que se poidan xerar, ao tempo que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación.

A avaliación ambiental é un instrumento plenamente consolidado que acompaña o desenvolvemento e asegura que este sexa sustentable e integrador; no ámbito internacional, mediante o Convenio sobre avaliación do impacto no ambiente nun contexto transfronteirizo, do 25 de febreiro de 1991, coñecido como Convenio de Espoo e ratificado polo noso país o 1 de setembro de 1992, e o seu Protocolo sobre avaliación ambiental estratéxica, ratificado o 24 de xuño de 2009; no dereito comunitario, pola Directiva 2001/42/CE, do 27 de xuño, sobre avaliación das repercusións de determinados plans e programas no ambiente, e pola Directiva 2011/92/UE, do 13 de decembro, de avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente, que a presente lei traspón ao ordenamento interno.

Merece unha mención especial o feito de que en España xa é plenamente aplicable o Convenio europeo da paisaxe, ratificado o 26 de novembro de 2007, polo que deberá aplicarse tanto na avaliación de impacto ambiental como na avaliación ambiental estratéxica.

A presente reforma faise en sintonía cos principios que animan a revisión da normativa comunitaria sobre a avaliación ambiental de proxectos. Ademais, tendo en conta esta circunstancia prevense os mecanismos necesarios para unha adaptación rápida dos contidos técnicos que resulten da futura reforma europea.

A lei reúne nun único texto o réxime xurídico da avaliación de plans, programas e proxectos e establece un conxunto de disposicións comúns que aproximan e facilitan a aplicación de ambas as regulacións.

Esta lei parte da experiencia acumulada nos vinte e cinco anos de aplicación, en España, da avaliación ambiental. Durante este tempo, a consideración dos impactos ambientais dos proxectos, primeiro, e dos plans e programas, despois, mostrouse como unha ferramenta útil para asegurar a sustentabilidade do desenvolvemento económico. No entanto, neste amplo período, tamén se apreciaron importantes disfuncións e carencias técnicas que importa corrixir sen dilación. Son exemplo destas insuficiencias a tardanza na emisión dalgunhas declaracións de impacto ambiental ou a diversidade de normativas (en ocasións sen xustificación ambiental), que poden chegar a desvirtuar os efectos preventivos do procedemento de avaliación ambiental.

As melloras técnicas que incorpora o presente texto legal aséntanse na maior experiencia adquirida e na mellor consciencia de onde e como acostuman producirse os impactos e o mellor modo de mitígalos.

En España, a eficacia da avaliación ambiental exige establecer un procedemento que sexa común en todo o territorio nacional, sen prexuízo da facultade constitucional de que as comunidades autónomas dispoñen para estableceren normas adicionais de protección.

Nesta liña, cabe citar o detallado informe do Consello Económico e Social de 2012 titulado «Desenvolvemento autonómico, competitividade e cohesión social. Ambiente», no cal se expón, a propósito da avaliación de impacto ambiental, que en ocasións unha mesma actividade pode rexerse por limiares de impacto máis ou menos severos ou mesmo estar sometida a unha avaliación nalgunhas comunidades e excluída noutras. O informe propón que no marco da Conferencia Sectorial sobre Ambiente, se debería «impulsar a harmonización dos procedementos administrativos autonómicos actualmente en vigor, co fin de simplificar os trámites, reducir as cargas administrativas que soportan as empresas e evitar diferenzas inxustificadas nos niveis de exixencia ambiental das comunidades autónomas».

A necesidade dunha coordinación vertical efectiva entre os diferentes niveis de goberno foi posta de manifesto en diferentes lugares: pola OCDE («Sustainability in Impact Assessments. A review of Impact Assessment Systems in selected OECD countries and the European Commission, de 2012») ou pola Comisión Europea («Industrial Performance Scoreboard and Member's States»). Este último informe sinala que a proliferación de distintas regulacións é un obstáculo para a mellora da produtividade, advertencias que deben pórse en relación co lugar que ocupa España, o posto 44, na clasificación do Banco Mundial de países segundo a súa facilidade para facer negocios («Doing Business, 2012»).

De acordo con estas premisas, a presente lei pretende ser un instrumento eficaz para a protección ambiental. Para alcanzar este obxectivo primordial, tenciona simplificar o procedemento de avaliación ambiental, incrementar a seguranza xurídica dos operadores e, en íntima relación con este último fin, lograr a concertación da normativa sobre avaliación ambiental en todo o territorio nacional.

Mediante este proxecto, como anteriormente se anunciou, unifícanse nunha soa norma dúas disposicións: a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, e o Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, e modificacións posteriores ao citado texto refundido.

A lei establece un esquema similar para ambos os procedementos –avaliación ambiental estratéxica e avaliación de impacto ambiental– e unifica a terminoloxía. Ademais, estes procedementos regúlanse de maneira exhaustiva, o cal proporciona dúas vantaxes: por unha parte pode encoraxar as comunidades autónomas para os adoptaren no seu ámbito de competencias, sen máis modificacións que as estritamente necesarias para atender ás súas peculiaridades e, por outra parte, fai que o desenvolvemento regulamentario da lei non resulte imprescindible.

Así mesmo, esta lei incrementa a seguranza xurídica dos promotores. O establecemento duns principios a que debe someterse a avaliación ambiental e o chamamento á cooperación no marco da Conferencia Sectorial de Ambiente determinarán o desenvolvemento dunha lexislación homoxénea en todo o territorio nacional, que permitirá aos promotores coñecer de antemán cales serán as exixencias legais de carácter ambiental requiridas para a tramitación dun plan, un programa ou un proxecto, con independencia do lugar onde pretendan desenvolvelo. De acordo con estes principios, debe subliñarse que todos os anexos que se incorporan á lei son lexislación básica e, por tanto, de aplicación xeral.

O lexislador, consciente da importancia que ten a concertación dos procedementos de avaliación ambiental que existen no noso país, introduce un innovador mecanismo de entrada en vigor, previsto na súa disposición derogatoria e na súa disposición derradeira décima, para o que afecta os seus aspectos de lexislación básica e respecto das comunidades autónomas que dispoñan de normativa propia sobre avaliación ambiental. Así, outórgase un prazo dun ano para que as comunidades autónomas poidan adaptar a súa normativa a esta lei. Non obstante, se antes de que finalice ese prazo calquera

comunidade autónoma axusta a súa normativa, entrará en vigor nese momento. En todo caso, aínda que non fixesen a oportuna adaptación, esta lei aplicarase, como lexislación básica, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Por último, a existencia dun marco xurídico común –coas especificidades estritamente necesarias en cada comunidade autónoma– evitará procesos de deslocalización.

En materia de ambiente, a regulación básica estatal e a autonómica de desenvolvemento deben asegurar, por imperativo do artigo 45 da Constitución, a protección e preservación do ambiente, para o cal un marco básico e común é absolutamente indispensable.

A presente lei aséntase na competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección (artigo 149.1.23.^a da Constitución).

II

A lei consta de 64 artigos distribuídos en tres títulos: o título I contén os principios e disposicións xerais, o título II as disposicións reguladoras dos procedementos de avaliación ambiental e, por último, o título III regula o seguimento e o réxime sancionador.

O título I establece os principios e as disposicións de carácter xeral, aplicables tanto á avaliación ambiental estratéxica como á avaliación de impacto ambiental.

Os principios contidos na lei non se establecen *ex novo*, senón que preexisten nos ordenamentos comunitario e nacional. No entanto, considerouse conveniente a súa inclusión explícita na norma coa finalidade de que estean moi presentes, así resumidos e compilados, no momento de adoptar decisións sobre avaliación ambiental e, en especial, para que as comunidades autónomas os teñan en consideración se deciden facer uso da habilitación constitucional que lles permite adoptar normas adicionais de protección en materia de ambiente.

Os mencionados principios son o de protección e mellora do ambiente; acción preventiva e cautelar: prevención, corrección e compensación dos impactos sobre o ambiente; quen contamina paga; racionalización; simplificación e concertación de procedementos de avaliación ambiental; cooperación e coordinación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, proporcionalidade entre os efectos sobre o ambiente dos plans, programas e proxectos e o tipo de procedemento de avaliación a que, se for o caso, deban someterse, colaboración activa dos distintos órganos administrativos que interveñen no procedemento de avaliación facilitando a información necesaria que se lles requira, participación pública, desenvolvemento sustentable e integración dos aspectos ambientais na toma de decisións.

Para que a lexislación sobre avaliación ambiental veña inspirada nestes principios e para conseguir un alto grao de homoxeneidade entre as normas aplicables nas distintas partes do territorio nacional, a lei realiza un chamamento á cooperación no marco da Conferencia Sectorial de Ambiente, na cal se analizarán e proporán as modificacións normativas necesarias para cumprir coa lei e, en particular, para impulsar os cambios normativos e reformas necesarias, que poderán consistir na modificación, derogación ou refundición da normativa autonómica existente, ou a remisión a esta lei, coas particularidades que exixan as súas particularidades organizativas. No seu seo poderán constituírse grupos de traballo de carácter técnico que elaboren guías metodolóxicas de avaliación ambiental que permitan a estandarización destes procedementos.

Este título I regula tamén as cuestións xerais como o obxecto e finalidade da norma; as definicións; o ámbito de aplicación; os supostos excluídos da avaliación ambiental e os proxectos exceptuables; o mandado xeral de someter a avaliación ambiental os plans, programas e proxectos incluídos no ámbito de aplicación; a consecuencia xurídica da falta de emisión das declaracións e informes ambientais e outras cuestións como a determinación do órgano ambiental; a relación entre administracións; a relación entre a avaliación estratéxica e a de impacto ambiental; a relación entre esta e a autorización ambiental integrada contida na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control

integrados da contaminación; a confidencialidade e a capacidade técnica e responsabilidade do autor dos estudos e documentos ambientais.

En materia de relacións entre administracións e como consecuencia da consideración da avaliación ambiental como un procedemento instrumental respecto do procedemento substantivo, considerouse necesario establecer que o órgano substantivo informe o órgano ambiental de calquera incidencia que se produza durante a tramitación do procedemento de adopción, aprobación ou autorización dun plan, programa ou proxecto que teña relevancia para os efectos da tramitación dos procedementos de avaliación ambiental, singularmente aquelas que supoñan o arquivamento ou a caducidade do procedemento substantivo. Deste modo evitase que o órgano ambiental continúe cunha tramitación innecesaria.

A obriga principal que establece a lei é a de someter a unha adecuada avaliación ambiental todo plan, programa ou proxecto que poida ter efectos significativos sobre o ambiente, antes da súa adopción, aprobación ou autorización, ou ben, se procede, no caso de proxectos, antes da presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa ás cales se refire o artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A consecuencia xurídica derivada do incumprimento desta obriga, expresamente sinalada na propia lei, é que carecerán de validez os actos de adopción, aprobación ou autorización dos plans, programas e proxectos ou, se for o caso, cando proceda a declaración responsable ou a comunicación previa relativa a un proxecto que, estando incluído no ámbito de aplicación desta lei, non se sometese a avaliación ambiental, sen prexuízo das sancións que, se for o caso, poidan corresponder.

Este aspecto preventivo, esencial e inherente á lei vén reforzado pola mención expresa das consecuencias xurídicas da falta de pronunciamento nos procedementos ambientais –en coherencia co dereito e a xurisprudencia comunitarios e nacionais–. De acordo con esta regulación, a falta de emisión da declaración ambiental estratéxica, do informe ambiental estratéxico, da declaración de impacto ambiental ou do informe de impacto ambiental, nos prazos legalmente establecidos, en ningún caso poderá entenderse que equivale a unha avaliación ambiental favorable.

As definicións establecéronse co nivel de detalle necesario e suficiente para clarificar os conceptos do articulado. A fin de facilitar a súa utilización, dividíronse en tres partes: definicións xerais, definicións para os efectos da avaliación ambiental estratéxica e definicións para os efectos da avaliación de impacto ambiental.

Como novidade, cabe destacar que por primeira vez se define a natureza xurídica tanto dos procedementos ambientais como dos pronunciamentos ambientais, de acordo coa xurisprudencia consolidada ao respecto durante os anos de vixencia desta lexislación.

Polo que se refire aos primeiros, a avaliación ambiental estratéxica e a avaliación de impacto ambiental cualifícanse como «procedemento administrativo instrumental» con respecto ao procedemento substantivo e sectorial de aprobación ou adopción dos plans e programas ou da autorización dos proxectos.

Pola súa parte, os pronunciamentos ambientais, é dicir, a declaración ambiental estratéxica, o informe ambiental estratéxico, a declaración de impacto ambiental e o informe de impacto ambiental, teñen a natureza xurídica dun informe preceptivo e determinante. O carácter determinante dos pronunciamentos ambientais maniféstase nunha dobre vertente, formal e material. Desde o punto de vista formal ou procedemental, o carácter determinante dos pronunciamentos ambientais implica que non é posible continuar coa tramitación do procedemento substantivo en canto este non se efectúe.

Desde o punto de vista material, isto é, en canto á vinculación do seu contido para o órgano que resolve, o carácter determinante dun informe supón, conforme a recente xurisprudencia, que o informe resulta necesario para que o órgano competente para resolver poida formarse criterio sobre as cuestións ás cales o propio informe se refire.

Este carácter determinante materialízase no mecanismo previsto nesta lei para a resolución de discrepancias, de maneira que o órgano substantivo está determinado polo

condicionado dos pronunciamentos ambientais e pode apartarse motivadamente só no ámbito das súas competencias e formulando a correspondente discrepancia ante o Consello de Ministros ou o Consello de Goberno da comunidade autónoma correspondente ou, se for o caso, o que a dita comunidade determinase.

Os pronunciamentos ambientais en si mesmos non serán impugnables, ben que si o serán, como non pode ser doutra maneira se se quere evitar a indefensión, os pronunciamentos do órgano substantivo en virtude dos cales se aproben ou adopten os plans ou programas ou se autoricen os proxectos, nos cales se incorporan os pronunciamentos ambientais.

Unha das pezas esenciais da avaliación ambiental é a consulta ás administracións públicas afectadas. Para evitar demoras que non teñen xustificación desde o punto de vista ambiental e conseguir que o procedemento sexa eficaz, a falta de pronunciamento das administracións públicas afectadas non pode, en modo ningún, ralentizar, e menos aínda paralizar, o procedemento, que poderá continuar sempre que o órgano ambiental dispoña dos elementos de xuízo suficientes para realizar a avaliación ambiental.

No caso de que as administracións públicas afectadas non emitisen os seus informes, ou se estes non resultasen suficientes, a lei prevé que o órgano ambiental requira o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que, no prazo de dez días, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días, sen prexuízo das responsabilidades en que puiden incurrir o responsable da demora e da posibilidade que ten o promotor de reclamar á Administración competente a emisión do informe, a través do procedemento previsto no artigo 29.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Tamén resulta destacable que tanto para a avaliación ambiental estratéxica como para a de impacto ambiental se deseñan dous procedementos: o ordinario e o simplificado. A terminoloxía empregada está moi estendida e consolidada nas comunidades autónomas e pon o acento na natureza esencialmente procedemental da norma. Os motivos que levaron a establecer esta distinción encóntranse nas propias directivas comunitarias, que obrigan a realizar unha avaliación ambiental con carácter previo de todo plan, programa ou proxecto «que poida ter efectos significativos sobre o ambiente».

Para determinados tipos de plans, programas ou proxectos as directivas establecen a presunción *iuris et de iure* de que, en todo caso, terán efectos significativos sobre o ambiente e, por tanto, deben ser avaliados antes da súa aprobación, adopción ou autorización, de acordo co procedemento ordinario. Para os restantes plans, programas e proxectos, cada Estado membro deberá realizar unha análise, quer caso a caso quer mediante limiares ou ben combinando ambas as técnicas, para determinar se teñen efectos significativos sobre o ambiente. Esta análise é o que se denominou «procedemento de avaliación simplificado» e, se concluír que o plan, programa ou proxecto ten efectos significativos sobre o ambiente, deberá realizarse unha avaliación ordinaria.

Desta forma, garántese o correcto cumprimento das directivas comunitarias, de acordo coa interpretación efectuada polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Polo que respecta aos prazos máximos, establécense os seguintes: avaliación estratéxica ordinaria, vinte e dous meses, prorrogable por dous meses máis por razóns xustificadas debidamente motivadas; avaliación ambiental estratéxica simplificada, catro meses; avaliación de impacto ambiental ordinaria, catro meses, prorrogable por dous meses máis por razóns xustificadas debidamente motivadas; e avaliación de impacto ambiental simplificada, tres meses.

Sobre o ámbito de aplicación da lei non se introduciron modificacións substanciais en relación coas leis que agora se derrogan, xa que este ámbito vén claramente delimitado nas directivas comunitarias, polo que non se fixo máis que manter a transposición que delas se efectuou. Non obstante, incorporáronse no ámbito de aplicación desta lei, por cuestións de técnica normativa, determinadas epígrafes dos anexos I e II do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro. Así mesmo, incluíuse a posibilidade de que

os proxectos suxeitos a avaliación de impacto ambiental simplificada se sometan ao procedemento ordinario cando así o solicite o promotor. En materia de competencias e coordinación administrativa, a lei trata de clarificar algunhas actuacións administrativas compartidas previstas na normativa anterior.

Sobre a relación entre a avaliación ambiental estratéxica e a de impacto ambiental debe sinalarse que, de conformidade coas directivas comunitarias, a primeira non exclúe a segunda, de forma que se mantén a anterior regulación. Igualmente, mantense o artigo relativo á relación entre a avaliación de impacto ambiental e a autorización ambiental integrada, xa que esta regulación está contida na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

Como novidade, inclúese a regulación da confidencialidade que deben manter as administracións públicas en relación con determinada documentación presentada polo promotor. Desta maneira solucionaranse moitos problemas que se suscitan ante solicitudes de acceso a documentos de procedementos aínda non finalizados ao aplicar a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Finalmente, inclúese a exixencia de que os documentos que presenten os promotores durante a avaliación ambiental sexan realizados por persoas que posúan a capacidade técnica suficiente, o que permitirá manter un elevado nivel de calidade técnica de tales documentos.

O título II está dedicado, en capítulos separados, á avaliación ambiental estratéxica e á avaliación de impacto ambiental, e establece unha regulación de carácter básico, aplicable, por tanto, a todo o territorio do Estado, coas excepcións establecidas na disposición derradeira oitava, que determina os artigos que non teñen carácter básico.

Con independencia de que o órgano substantivo poida resolver, de conformidade coa lexislación sectorial, a inadmisión meramente formal da solicitude de adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto se o promotor non presentase o expediente completo, a lei regula tamén un trámite de inadmisión de carácter substantivo ou material, que ten como finalidade que os promotores coñezan, desde unha fase moi preliminar do procedemento, que existen fundadas razóns para entender que o plan, programa ou proxecto non poderá contar cunha declaración ambiental favorable por razóns ambientais ou cando os estudos ambientais non reúnen condicións de calidade suficientes apreciadas ou cando se inadmitise ou se ditase unha declaración ambiental desfavorable nun plan, programa ou proxecto análogo ao presentado. Esta resolución de inadmisión declarada polo órgano ambiental afecta exclusivamente a solicitude de inicio da avaliación ambiental –tanto estratéxica como de impacto, e tanto ordinaria como simplificada– e dítase sen prexuízo do que resolva o órgano substantivo, de conformidade coa lexislación sectorial, sobre a solicitude de adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto.

Aínda que as directivas comunitarias non obrigan a isto, pero coa previsión de que en breve será un mandado comunitario, e en todo caso por entender que é unha referencia ineludible, a lei introduce a obriga de ter en consideración o cambio climático, para o cal, como é inevitable, deberán utilizarse as informacións e as técnicas que estean dispoñibles en cada momento.

O capítulo I deste título II contén as disposicións relativas á avaliación ambiental estratéxica e regula os procedementos ordinario e simplificado antes aludidos, ao tempo que precisa algunhas cuestións da Lei 9/2006, do 28 de abril, que resultaran de difícil interpretación.

Este capítulo I divídese en dúas seccións dedicadas, respectivamente, á avaliación ambiental estratéxica ordinaria e simplificada.

Na sección 1.^a tentouse sistematizar o procedemento ordinario, seguindo unha orde cronolóxica que facilite aos promotores a aplicación desta lei.

Así mesmo, tentouse asimilar a terminoloxía da avaliación ambiental estratéxica coa empregada na avaliación de impacto ambiental, máis antiga e xa consolidada no noso ordenamento xurídico.

Desta maneira, o informe de sustentabilidade ambiental que regulaba a Lei 9/2006, do 28 de abril, pasa agora a denominarse estudo ambiental estratéxico, mentres que a memoria ambiental pasa a ser, en virtude desta lei, da declaración ambiental estratéxica, a semellanza, respectivamente, do estudo de impacto ambiental e a declaración de impacto ambiental.

As consultas ás administracións afectadas resultan fundamentais para a determinación do alcance e contido que debe ter o estudo ambiental estratéxico e por este motivo se conforman con carácter obrigatorio na directiva comunitaria de avaliación ambiental de plans e programas e, por tanto, na propia lei. Para lograr unha correcta integración dos aspectos ambientais na planificación, a norma ordena que as sucesivas versións dun plan ou programa –borrador, versión inicial e proposta final– incorporen o contido do documento ambiental previo correspondente –documento inicial estratéxico, estudo ambiental estratéxico e declaración ambiental estratéxica–.

O procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica finaliza coa declaración ambiental estratéxica, pronunciamento do órgano ambiental que, como xa se apuntou, ten a natureza xurídica dun informe preceptivo e determinante, non será obxecto de recurso e deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica do órgano ambiental.

Conclúe esta sección coa regulación, *ex novo* e en paralelo coa que se establece para a avaliación de impacto ambiental, da vixencia da declaración ambiental estratéxica e do procedemento para a súa modificación, e coa resolución de discrepancias, que se atribúe, no ámbito da Administración xeral do Estado ao Consello de Ministros, e no ámbito das comunidades autónomas ao Consello de Goberno ou ao órgano que elas determinen.

A sección 2.^a regula o procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica, que inclúe como novidade a previa admisión a trámite, continúa coas consultas ás administracións afectadas e conclúe cun informe ambiental estratéxico que pode determinar ben que o plan ou programa ten efectos significativos sobre o ambiente, e por tanto debe someterse a unha avaliación estratéxica ordinaria, ou ben que o plan ou programa non ten efectos significativos sobre o ambiente e, por tanto, pode adoptarse ou aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

Para o caso de que no informe ambiental estratéxico se conclúe que é preciso realizar unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria, régulase expresamente e por primeira vez que se conservarán as actuacións realizadas no procedemento simplificado.

O capítulo II deste título II regula a avaliación de impacto ambiental de proxectos cun maior grao de detalle do que o facía a anterior lei, o que proporciona unha maior seguranza xurídica. Poderá ser, igual que a estratéxica, ordinaria ou simplificada.

A sección 1.^a regula o procedemento ordinario de avaliación de impacto ambiental, que se aplica aos proxectos enumerados no anexo I, incluíndo algunhas novidades á vista da experiencia adquirida e dos problemas diagnosticados.

O procedemento propiamente dito iníciase cando o órgano substantivo remite ao órgano ambiental o expediente completo, que inclúe o proxecto, o estudo de impacto ambiental e o resultado da información pública e das consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas. Non obstante, con carácter previo ao procedemento, deben efectuarse unha serie de trámites, algúns obrigatorios e outros de carácter potestativo. O primeiro destes trámites previos é a determinación do alcance do estudo de impacto ambiental que, como novidade nesta lei, terá carácter voluntario para o promotor, como se establece na Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro.

A seguir, e unha vez que o promotor elaborou o estudo de impacto ambiental, o órgano substantivo debe realizar, nesta ocasión con carácter obrigatorio, os trámites de información pública e de consultas ás administracións afectadas e ás persoas interesadas. A lei establece, por primeira vez, que terán carácter preceptivo o informe do órgano con competencias en materia de ambiente da comunidade autónoma, o informe do organismo

de bacía, o informe sobre patrimonio cultural e, se for o caso, o informe sobre dominio público marítimo-terrestre.

A avaliación de impacto ambiental ordinaria propiamente dita desenvólvese en tres fases: inicio, análise técnica e declaración de impacto ambiental.

Admitido o expediente e despois da súa análise técnica, o procedemento finaliza coa resolución pola que se formula a declaración de impacto ambiental, que determinará se procede ou non a realización do proxecto para os efectos ambientais e, se for o caso, as condicións ambientais en que pode desenvolverse, as medidas correctoras dos efectos ambientais negativos e, se proceden, as medidas compensatorias dos citados efectos ambientais negativos. Ademais, o contido mínimo da declaración de impacto ambiental regúlase con maior detalle e prevese non só a súa publicación en xornais oficiais senón tamén na sede electrónica do órgano ambiental.

Como xa se afirmou dos restantes pronunciamentos ambientais, a declaración de impacto ambiental ten a natureza xurídica dun informe preceptivo e determinante, non será impugnabile e deberá ser obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente. Conclúe esta sección coa regulación da vixencia da declaración de impacto e do procedemento para a súa modificación, e coa resolución de discrepancias, que se atribúe ao Consello de Ministros ou ao Consello de Goberno da comunidade autónoma ou ao órgano que esta determinase.

A vixencia das declaracións de impacto ambiental foi un dos elementos da normativa anterior cuxa aplicación, sen dúbida, xerou maiores dificultades. Para resolver esta situación considérase que as datas relevantes son a de publicación da declaración de impacto ambiental para iniciar o cómputo do prazo da súa vixencia e a data de inicio da execución do proxecto para a súa finalización. Prevese, así mesmo, a posibilidade de prórroga da vixencia da declaración de impacto ambiental por un prazo adicional.

Finalmente, regúlase, por primeira vez, a modificación do condicionado ambiental dunha declaración de impacto ambiental, por solicitude do promotor, cando concorran determinadas circunstancias.

A sección 2.^a do capítulo II regula a avaliación de impacto ambiental simplificada, á cal se someterán os proxectos comprendidos no anexo II e os proxectos que, non estando incluídos no anexo I nin no anexo II, poidan afectar directa ou indirectamente os espazos Rede Natura 2000.

Trámite esencial deste procedemento, como nos restantes, é o de consultas, que obrigatoriamente deberán efectuarse ás administracións afectadas e, como novidade, tamén obrigatoriamente se consultarán as persoas interesadas.

O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas realizadas, resolverá mediante a emisión do informe de impacto ambiental, que deberá publicarse cando o órgano ambiental determine que o proxecto non debe someterse ao procedemento ordinario de avaliación de impacto ambiental.

É destacable que a lei indica, expresamente e por primeira vez, que se o procedemento simplificado conclúe coa necesidade de someter o proxecto ao procedemento ordinario se conservarán as actuacións realizadas, polo que non será necesario realizar novas consultas se o promotor decide solicitar á administración que determine o alcance e contido do estudo de impacto ambiental.

O capítulo III regula as consultas transfronteirizas, que deberán efectuarse tanto cando un plan, programa ou proxecto que vaia ser executado en España poida ter efectos significativos sobre o ambiente noutro Estado membro da Unión Europea ou noutro Estado que España teña obriga de consultar en virtude de instrumentos internacionais, como cando se dea a situación inversa, é dicir, cando un plan, programa ou proxecto que se vaia executar noutro Estado poida ter efectos significativos sobre o ambiente en España.

III

O título III regula, en tres capítulos separados, o seguimento dos plans e programas e das declaracións de impacto ambiental, que se atribúen ao órgano substantivo, o réxime

sancionador e o procedemento sancionador, e incorpora melloras técnicas para superar algunhas deficiencias da anterior lei.

Sobre o réxime e o procedemento sancionador (capítulos II e III), esta lei regula medidas de carácter provisorio, como aquelas imprescindibles que se aplican con anterioridade á iniciación do procedemento sancionador, cos límites e condicións establecidos no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, aclárase a regulación da previsión relativa á reparación e indemnización de danos en consonancia coa Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

IV

A parte final está integrada por quince disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e once disposicións derradeiras. As disposicións adicionais versan sobre proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación previa; plans e programas cofinanciados pola Unión Europea; obrigas de información; relación da avaliación ambiental con outras normas; concorrencia e xerarquía de plans ou programas; infraestruturas de titularidade estatal; avaliación ambiental dos proxectos estatais que poidan afectar espazos da Rede Natura 2000; bancos de conservación da natureza; certificado de non afección á Rede Natura 2000; operacións periódicas, acumulación de procedementos de avaliación de impacto ambiental; aplicación supletoria da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e tramitación electrónica.

Os bancos de conservación da natureza son un mecanismo voluntario que permite compensar, reparar ou restaurar as perdas netas de valores naturais, e serán obxecto de desenvolvemento regulamentario polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Os créditos xerados nos bancos de conservación da natureza serán inscritos nun rexistro oficial dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e poderán ser comercializados en condicións de libre mercado directamente a entidades que os requiran no ámbito de calquera actividade que produza unha perda neta inevitable e irreparable de valores naturais —especialmente no caso de medidas compensatorias de impacto ambiental, reparadoras complementarias e reparadoras compensatorias de dano ambiental—, entidades sen ánimo de lucro e as propias administracións públicas.

A disposición derradeira primeira ten como finalidade a modificación parcial do réxime sancionador incluído na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

A lei acompáñase de seis anexos: o primeiro e o segundo conteñen a relación de proxectos que deben someterse, respectivamente, a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria ou simplificada. En boa medida, mantivéronse os grupos e categorías de proxectos da normativa até agora vixente, ben que se introduciron melloras técnicas e se incorporaron novas tipoloxías de proxectos para avaliar o uso de novas técnicas, como a fractura hidráulica. Así mesmo, adecuáronse ao contido da directiva os proxectos contidos nos anexos, de maneira que se sometan a avaliación de impacto ambiental ordinaria aqueles proxectos que realmente poidan ter impactos significativos sobre o ambiente. O terceiro anexo contén os criterios en virtude dos cales o órgano ambiental debe determinar se un proxecto do anexo II debe someterse a unha avaliación ambiental ordinaria. O cuarto anexo detalla o contido do estudo ambiental estratéxico. O quinto contén os criterios para determinar se un plan ou programa debe someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria. Por último, o anexo VI detalla o contido do estudo de impacto ambiental e os criterios técnicos para a interpretación dos anexos I e II.

Finalmente, a lei introduce unha serie de modificacións relativas aos transvasamentos interbacías, en xeral, e particularmente ao funcionamento do transvasamento Texo-Segura; deste modo, adáptanse as normas específicas sobre o transvasamento Texo-

Segura á lexislación xeral de augas nacida en España a partir de 1985 e outórgase seguranza xurídica ao sistema xeral.

Ademais de seguranza xurídica, establécese un mecanismo de seguranza e estabilidade técnica ao ordenar ao Goberno a actualización mediante real decreto das magnitudes determinantes da regra de explotación do transvasamento. Isto resulta necesario para adecuar de forma flexible estas magnitudes ás variacións hidrolóxicas observadas nos últimos anos e para dispor de instrumentos áxiles de adaptación a posibles efectos de alteración hidrolóxica como os inducidos polo cambio climático.

Dotar dunha excesiva rixidez o sistema nestes aspectos operativos pode dar lugar a efectos non desexados que o mecanismo previsto permite obviar.

Deberase afrontar a modificación, en profundidade, da lexislación de augas, que deberá establecer, entre outras cosas, un novo réxime de cesión de dereitos que a dote de maior eficacia no futuro. Neste momento modifícase parcialmente o artigo 72 do texto refundido da Lei de augas co obxectivo de flexibilizar o seu réxime xurídico sen prexuízo da regulación específica de cada un dos transvasamentos.

Así mesmo, resulta necesario que, no futuro próximo, a regulación dos transvasamentos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos de bacía se incorporen ao Plan hidrolóxico nacional, tal e como dispón o propio texto refundido da Lei de augas. E nese contexto, a próxima Lei do Plan hidrolóxico nacional deberá integrar, harmonizar e actualizar nun único bloque normativo as disposicións relativas a todos os transvasamentos interbacías, que se encontran dispersas en diferentes normas.

Derrógase a disposición adicional primeira da Lei 11/2005, do 22 de xullo, pola súa manifesta inviabilidade técnica, porque o intercambio de caudais non é posible, dado que as redes de distribución dos recursos transvasados e dos non convencionais non se superpoñen nin proporcionan a cobertura necesaria para o intercambio de auga. Por outra parte, o réxime xurídico dos recursos transvasados e dos non convencionais é completamente distinto e non admite o cambio de toma ordinario previsto para as concesións na lexislación de augas. Ademais, o réxime económico é tamén distinto, con diferenzas de custos moi notorias que impiden a mera substitución dun recurso por outro.

TÍTULO I

Principios e disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. Esta lei establece as bases que deben rexer a avaliación ambiental dos plans, programas e proxectos que poidan ter efectos significativos sobre o ambiente e garantir en todo o territorio do Estado un elevado nivel de protección ambiental, co fin de promover un desenvolvemento sustentable, mediante:

- a) A integración dos aspectos ambientais na elaboración e na adopción, aprobación ou autorización dos plans, programas e proxectos;
- b) a análise e a selección das alternativas que resulten ambientalmente viables;
- c) o establecemento das medidas que permitan previr, corrixir e, se for o caso, compensar os efectos adversos sobre o ambiente;
- d) o establecemento das medidas de vixilancia, seguimento e sanción necesarias para cumprir coas finalidades desta lei.

2. Así mesmo, esta lei establece os principios que informarán o procedemento de avaliación ambiental dos plans, programas e proxectos que poidan ter efectos significativos sobre o ambiente, así como o réxime de cooperación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Ambiente.

Artigo 2. *Principios da avaliación ambiental.*

Os procedementos de avaliación ambiental suxeitaranse aos seguintes principios:

- a) Protección e mellora do ambiente.
- b) Precaución.
- c) Acción preventiva e cautelara, corrección e compensación dos impactos sobre o ambiente.
- d) Quen contamina paga.
- e) Racionalización, simplificación e concertación dos procedementos de avaliación ambiental.
- f) Cooperación e coordinación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas.
- g) Proporcionalidade entre os efectos sobre o ambiente dos plans, programas e proxectos, e o tipo de procedemento de avaliación a que, se for o caso, deban someterse.
- h) Colaboración activa dos distintos órganos administrativos que interveñen no procedemento de avaliación, facilitando a información necesaria que se lles requira.
- i) Participación pública.
- j) Desenvolvemento sustentable.
- k) Integración dos aspectos ambientais na toma de decisións.
- l) Actuación de acordo co mellor coñecemento científico posible.

Artigo 3. *Relacións entre administracións públicas.*

1. As administracións públicas axustarán as súas actuacións en materia de avaliación ambiental aos principios de lealdade institucional, coordinación, información mutua, cooperación, colaboración e coherencia. Para tal efecto, as consultas que deba realizar unha Administración pública garantirán a debida ponderación da totalidade dos intereses públicos implicados e, en particular, a daqueles cuxa xestión estea encomendada a outras administracións públicas.

2. O órgano substantivo informará o órgano ambiental de calquera incidencia que se produza durante a tramitación do procedemento substantivo de adopción, aprobación ou autorización dun plan, programa ou proxecto que teña relevancia para os efectos da tramitación dos procedementos de avaliación ambiental, singularmente aquelas que supoñan o arquivamento ou a caducidade do procedemento substantivo.

3. Cando corresponda á Administración xeral do Estado formular a declaración ambiental estratéxica ou a declaración de impacto ambiental, ou ben emitir o informe ambiental estratéxico ou o informe de impacto ambiental regulados nesta lei, consultarase preceptivamente o órgano que exerza as competencias en materia de ambiente da comunidade autónoma en que se localice territorialmente o plan, programa ou proxecto.

Artigo 4. *Cooperación no marco da Conferencia Sectorial de Ambiente.*

1. A Conferencia Sectorial de Ambiente analizará e propondrá as modificacións normativas necesarias para cumprir cos principios recollidos neste título e establecer un procedemento de avaliación ambiental homoxéneo en todo o territorio nacional.

2. En particular, a Conferencia Sectorial impulsará os cambios normativos e reformas necesarias que poderán consistir na modificación, derogación ou refundición da normativa autonómica existente, ou a remisión a esta lei, coas excepcións que exixan as súas particularidades organizativas.

3. A Conferencia Sectorial poderá establecer mecanismos para garantir que as administracións públicas afectadas emitan en prazo os informes previstos nesta lei.

4. No seo da Conferencia Sectorial poderán constituírse grupos de traballo de carácter técnico que elaboren guías metodolóxicas de avaliación ambiental que permitan a estandarización destes procedementos.

Artigo 5. *Definicións.*

1. Para os efectos desta lei entenderase por:

a) «Avaliación ambiental»: procedemento administrativo instrumental respecto do de aprobación ou de adopción de plans e programas, así como respecto do de autorización de proxectos ou, se for o caso, respecto da actividade administrativa de control dos proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación previa, a través do cal se analizan os posibles efectos significativos sobre o ambiente dos plans, programas e proxectos. A avaliación ambiental inclúe tanto a «avaliación ambiental estratéxica» como a «avaliación de impacto ambiental»:

1.º A «avaliación ambiental estratéxica» procede respecto dos plans e programas e conclúe:

i) Mediante a «declaración ambiental estratéxica», respecto dos sometidos ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria, conforme o disposto na sección 1.ª do capítulo I do título II.

ii) Mediante o «informe ambiental estratéxico», respecto dos sometidos ao procedemento de avaliación estratéxica simplificada, conforme o disposto na sección 2.ª do capítulo I do título II.

2.º A «avaliación de impacto ambiental» procede respecto dos proxectos e conclúe:

i) Mediante a «declaración de impacto ambiental», respecto dos sometidos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, conforme o disposto na sección 1.ª do capítulo II do título II.

ii) Mediante o «informe de impacto ambiental», respecto dos sometidos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada, conforme o disposto na sección 2.ª do capítulo II do título II.

b) «Impacto ou efecto significativo»: alteración de carácter permanente ou de longa duración dun valor natural e, no caso de espazos da Rede Natura 2000, cando, ademais, afecte os elementos que motivaron a súa designación e obxectivos de conservación.

c) «Documento de alcance»: pronunciamento do órgano ambiental dirixido ao promotor que ten por obxecto delimitar a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que debe ter o estudo ambiental estratéxico e o estudo de impacto ambiental.

d) «Órgano substantivo»: órgano da Administración pública que exerce as competencias para adoptar ou aprobar un plan ou programa, para autorizar un proxecto ou para controlar a actividade dos proxectos suxeitos a declaración responsable ou comunicación previa, salvo que o proxecto consista en diferentes actuacións en materias cuxa competencia teñan distintos órganos da Administración pública estatal, autonómica ou local, e neste caso considerárase órgano substantivo aquel que exerza as competencias sobre a actividade a cuxa finalidade se orienta o proxecto, con prioridade sobre os órganos que teñen competencias sobre actividades instrumentais ou complementarias respecto daquela.

e) «Órgano ambiental»: órgano da Administración pública que realiza a análise técnica dos expedientes de avaliación ambiental e formula as declaracións estratéxica e de impacto ambiental e os informes ambientais.

f) «Público»: calquera persoa física ou xurídica, así como as súas asociacións, organizacións ou grupos, constituídos consoante a normativa que lles sexa de aplicación, que non reúnan os requisitos para ser considerados como persoas interesadas.

g) «Persoas interesadas»: considéranse interesados no procedemento de avaliación ambiental:

1.º Todos aqueles en que conorra calquera das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.º Calquera persoa xurídica sen ánimo de lucro que, de conformidade coa Lei 27/2006, do 18 de xullo, de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, cumpra os seguintes requisitos:

i) Que teña entre os fins acreditados nos seus estatutos a protección do ambiente en xeral ou a dalgún dos seus elementos en particular, e que tales fins poidan resultar afectados pola avaliación ambiental.

ii) Que leve, ao menos, dous anos legalmente constituída e veña exercendo, de modo activo, as actividades necesarias para alcanzar os fins previstos nos seus estatutos.

iii) Que, segundo os seus estatutos, desenvolva a súa actividade nun ámbito territorial que resulte afectado polo plan, programa ou proxecto que deba someterse a avaliación ambiental.

h) «Administracións públicas afectadas»: aquelas administracións públicas que teñen competencias específicas nas seguintes materias: poboación, saúde humana, biodiversidade, xeodiversidade, fauna, flora, solo, auga, aire, ruído, factores climáticos, paisaxe, bens materiais, patrimonio cultural, ordenación do territorio e urbanismo.

i) «Patrimonio cultural»: concepto que inclúe todas as acepcións de patrimonio, tales como histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, industrial e inmaterial.

j) «Medidas compensatorias»: as definidas no artigo 3, número 24) da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

2. Para os efectos da avaliación ambiental estratéxica regulada nesta lei, entenderase por:

a) «Promotor»: calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, que pretende elaborar un plan ou programa dos incluídos no ámbito de aplicación desta lei, independentemente considerado da Administración que no seu momento sexa a competente para a súa adopción ou aprobación.

b) «Plans e programas»: o conxunto de estratexias, directrices e propostas destinadas a satisfacer necesidades sociais non executables directamente senón a través do seu desenvolvemento por medio de un ou varios proxectos.

c) «Estudo ambiental estratéxico»: estudo elaborado polo promotor que, sendo parte integrante do plan ou programa, identifica, describe e avalía os posibles efectos significativos sobre o ambiente que poidan derivar da aplicación do plan ou programa, así como unhas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, que teñan en conta os obxectivos e o ámbito territorial de aplicación do plan ou programa, co fin de prever ou minimizar os efectos adversos sobre o ambiente da aplicación do plan ou programa.

d) «Declaración ambiental estratéxica»: informe preceptivo e determinante do órgano ambiental con que conclúe a avaliación ambiental estratéxica ordinaria que avalía a integración dos aspectos ambientais na proposta final do plan ou programa.

e) «Informe ambiental estratéxico»: informe preceptivo e determinante do órgano ambiental con que conclúe a avaliación ambiental estratéxica simplificada.

f) «Modificacións menores»: cambios nas características dos plans ou programas xa adoptados ou aprobados que non constitúen variacións fundamentais das estratexias, directrices e propostas ou da súa cronoloxía pero que producen diferenzas nos efectos previstos ou na zona de influencia.

3. Para os efectos da avaliación de impacto ambiental de proxectos regulada nesta lei entenderase por:

a) «Promotor»: calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, que pretende realizar un proxecto dos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei, con independencia da Administración que sexa a competente para a súa autorización.

b) «Proxecto»: calquera actuación que consista na execución ou explotación dunha obra, unha construción ou unha instalación, así como o desmantelamento ou demolición ou calquera intervención no medio natural ou na paisaxe, incluídas as destinadas á explotación ou ao aproveitamento dos recursos naturais ou do solo e do subsolo e das augas mariñas.

c) «Estudo de impacto ambiental»: documento elaborado polo promotor que contén a información necesaria para avaliar os posibles efectos significativos do proxecto sobre o ambiente e permite adoptar as decisións adecuadas para previr e minimizar eses efectos.

d) «Declaración de impacto ambiental»: informe preceptivo e determinante do órgano ambiental con que conclúe a avaliación de impacto ambiental ordinaria, que avalía a integración dos aspectos ambientais no proxecto e determina as condicións que deben establecerse para a adecuada protección do ambiente e dos recursos naturais durante a execución e a explotación e, se for o caso, o desmantelamento ou demolición do proxecto.

e) «Informe de impacto ambiental»: informe preceptivo e determinante do órgano ambiental con que conclúe a avaliación de impacto ambiental simplificada.

Artigo 6. *Ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica.*

1. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que adopte ou aprobe unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña exixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do consello de goberno dunha comunidade autónoma, cando:

a) Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e se refiran á agricultura, gandaría, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minaría, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo-terrestre, utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural, ou do uso do solo; ou ben,

b) Requiran unha avaliación por afectaren espazos da Rede Natura 2000 nos termos previstos na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

c) Os comprendidos no número 2 cando así o decida caso por caso o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico de acordo cos criterios do anexo V.

d) Os plans e programas incluídos no número 2 cando así o determine o órgano ambiental, por solicitude do promotor.

2. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica simplificada:

a) As modificacións menores dos plans e programas mencionados no número anterior.

b) Os plans e programas mencionados no número anterior que establezan o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.

c) Os plans e programas que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non cumpran os demais requisitos mencionados no número anterior.

Artigo 7. *Ámbito de aplicación da avaliación de impacto ambiental.*

1. Serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria os seguintes proxectos:

a) Os comprendidos no anexo I, así como os proxectos que, presentándose fraccionados, alcancen os limiares do anexo I mediante a acumulación das magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

b) Os comprendidos no número 2, cando así o decida caso por caso o órgano ambiental no informe de impacto ambiental de acordo cos criterios do anexo III.

c) Calquera modificación das características dun proxecto consignado no anexo I ou no anexo II, cando esa modificación cumpre, por si soa, os limiares establecidos no anexo I.

d) Os proxectos incluídos no número 2, cando así o solicite o promotor.

2. Serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada:

a) Os proxectos comprendidos no anexo II.

b) Os proxectos non incluídos nin no anexo I nin no anexo II que poidan afectar de forma apreciable, directa ou indirectamente, espazos protexidos da Rede Natura 2000.

c) Calquera modificación das características dun proxecto do anexo I ou do anexo II, distinta das modificacións descritas no artigo 7.1.c), xa autorizados, executados ou en proceso de execución, que poida ter efectos adversos significativos sobre o ambiente. Entenderase que esta modificación pode ter efectos adversos significativos sobre o ambiente cando supoña:

1.º Un incremento significativo das emisións á atmosfera.

2.º Un incremento significativo das verteduras a leitos fluviais públicos ou ao litoral.

3.º Un incremento significativo da xeración de residuos.

4.º Un incremento significativo na utilización de recursos naturais.

5.º Unha afección a espazos protexidos da Rede Natura 2000.

6.º Unha afección significativa ao patrimonio cultural.

d) Os proxectos que, presentándose fraccionados, alcancen os limiares do anexo II mediante a acumulación das magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

e) Os proxectos do anexo I que serven exclusiva ou principalmente para desenvolver ou ensaiar novos métodos ou produtos, sempre que a duración do proxecto non sexa superior a dous anos.

Artigo 8. *Supostos excluídos de avaliación ambiental e proxectos exceptuables.*

1. Esta lei non se aplicará aos seguintes plans e programas:

a) Os que teñan como único obxecto a defensa nacional ou a protección civil en casos de emerxencia.

b) Os de tipo financeiro ou orzamentario.

2. Esta lei non se aplicará aos seguintes proxectos:

a) Os relacionados cos obxectivos da defensa nacional cando tal aplicación poida ter repercusións negativas sobre tales obxectivos.

b) Os proxectos detallados aprobados especificamente por unha lei. Estes proxectos deben conter os datos necesarios para a avaliación das repercusións do proxecto sobre o ambiente e na tramitación da lei de aprobación do proxecto débense cumprir os obxectivos establecidos nesta lei.

3. O Consello de Ministros, no ámbito da Administración xeral do Estado, e o órgano que determine a lexislación de cada comunidade autónoma, no seu respectivo ámbito de competencias, poderán, en supostos excepcionais e mediante acordo motivado, excluír un proxecto determinado do procedemento de avaliación de impacto ambiental.

En particular, o Consello de Ministros no ámbito da Administración xeral do Estado e, se for o caso, o órgano que determine a lexislación de cada comunidade autónoma no seu respectivo ámbito de competencias, conforme o previsto no número anterior e caso por caso, poderá determinar se procede a exclusión do procedemento de avaliación de impacto ambiental en proxectos de:

- a) Construción de centros penitenciarios ou naqueles proxectos declarados de especial interese para a seguranza pública polas administracións competentes.
- b) Obras de reparación de infraestruturas críticas danadas como consecuencia de acontecementos catastróficos e obras de emerxencia.

4. Nos casos previstos no número anterior:

- a) Examinarase a conveniencia de someter o proxecto excluído a outra forma de avaliación que cumpra os principios e obxectivos desta lei.
- b) O acordo de exclusión e os motivos que o xustifican publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente. Adicionalmente, porase ao dispor do público a información relativa á decisión de exclusión e os motivos que a xustifican, e o exame sobre as formas alternativas de avaliación do proxecto excluído.
- c) O órgano substantivo comunicará a información prevista no número anterior á Comisión Europea, con carácter previo á autorización do proxecto.

Artigo 9. *Obrigas xerais.*

1. Os plans, os programas e os proxectos incluídos no ámbito de aplicación desta lei deberán someterse a unha avaliación ambiental antes da súa adopción, aprobación, autorización ou ben, se procede, no caso de proxectos, antes da presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa a que se refire o artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Carecerán de validez os actos de adopción, aprobación ou autorización dos plans, programas e proxectos que, estando incluídos no ámbito de aplicación desta lei, non se sometesen a avaliación ambiental, sen prexuízo das sancións que, se for o caso, poidan corresponder.

2. Cando o acceso a unha actividade ou ao seu exercicio exixa unha declaración responsable ou unha comunicación previa, e de acordo con esta lei requira unha avaliación de impacto ambiental, a declaración responsable ou a comunicación previa non poderán presentarse mentres non sexa concluída a dita avaliación de impacto ambiental polo órgano ambiental e publicada no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, e tal informe estea adoptado mediante resolución posterior adoptada polo órgano substantivo.

A declaración responsable ou a comunicación previa relativa a un proxecto carecerá de validez e eficacia para todos os efectos se, debendo someterse a unha avaliación ambiental non o foi, sen prexuízo das sancións que, se for o caso, procedan.

Artigo 10. *Falta de emisión das declaracións e informes ambientais.*

A falta de emisión da declaración ambiental estratéxica, do informe ambiental estratéxico, da declaración de impacto ambiental ou do informe de impacto ambiental, nos prazos legalmente establecidos, en ningún caso poderá entenderse que equivale a unha avaliación ambiental favorable.

Artigo 11. *Determinación do órgano ambiental e do órgano substantivo.*

1. Corresponde ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente exercer as funcións atribuídas por esta lei ao órgano ambiental cando se trate da avaliación ambiental de plans, programas ou proxectos que deban ser adoptados, aprobados ou

autorizados pola Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes dela, ou que sexan obxecto de declaración responsable ou comunicación previa ante esta Administración.

2. As funcións atribuídas por esta lei ao órgano ambiental e ao órgano substantivo, canto á tramitación dos distintos procedementos, corresponderán aos órganos que determine a lexislación de cada comunidade autónoma cando se trate da avaliación ambiental de plans, programas ou proxectos que deban ser adoptados, aprobados ou autorizados polas comunidades autónomas ou que sexan obxecto de declaración responsable ou comunicación previa ante elas.

3. No caso de plans, programas e proxectos cuxa adopción, aprobación ou autorización corresponda ás entidades locais, as funcións atribuídas por esta lei ao órgano ambiental e ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da Administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.

4. Cando o órgano substantivo sexa simultaneamente o promotor do plan, programa ou proxecto, o órgano substantivo realizará as actuacións atribuídas ao promotor nesta lei.

Artigo 12. *Resolución de discrepancias.*

1. No suposto de que existan discrepancias entre o órgano substantivo e o órgano ambiental sobre o contido da declaración ambiental estratéxica, da declaración de impacto ambiental ou, se for o caso, do informe ambiental estratéxico ou do informe de impacto ambiental, resolverá segundo a Administración que tramitase o expediente, o Consello de Ministros ou o Consello de Goberno ou órgano que a comunidade autónoma determine.

2. O órgano substantivo trasladará ao órgano ambiental un escrito fundado onde manifieste as razóns que motivan a discrepancia xunto con toda a documentación, incluíndo cantos informes e documentos considere oportunos, no prazo máximo de trinta días hábiles desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente da declaración ambiental estratéxica, da declaración de impacto ambiental ou, se for o caso, do informe ambiental estratéxico ou do informe de impacto ambiental.

3. Recibido o escrito de discrepancias, o órgano ambiental deberá pronunciarse nun prazo máximo de trinta días hábiles. Se o órgano ambiental non se pronunciar no citado prazo, entenderase que mantén o seu criterio respecto do contido da declaración ambiental estratéxica, da declaración de impacto ambiental ou, se for o caso, do informe ambiental estratéxico ou do informe de impacto ambiental formulado.

4. O órgano substantivo elevará a discrepancia ao órgano competente para a súa resolución, quen se pronunciará nun prazo máximo de sesenta días hábiles contados desde a súa recepción. En canto non se pronuncie o órgano que debe resolver a discrepancia, considerarase que a declaración ambiental estratéxica, a declaración de impacto ambiental ou, se for o caso, o informe ambiental estratéxico ou o informe de impacto ambiental manteñen a súa eficacia.

5. O acordo polo que se resolve a discrepancia publicárase no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente.

Artigo 13. *Relación entre a avaliación ambiental estratéxica e a avaliación de impacto ambiental.*

1. A avaliación ambiental estratéxica dun plan ou programa non exclúe a avaliación de impacto ambiental dos proxectos que deles deriven.

2. O órgano ambiental poderá acordar motivadamente, en prol do principio de eficacia, a incorporación de trámites e de actos administrativos do procedemento de avaliación ambiental estratéxico noutros procedementos de avaliación ambiental, sempre que non transcorrese o prazo establecido no plan ou programa ou, na falta destes, o de

catro anos desde a publicación da declaración ambiental estratéxica e non se producen alteracións das circunstancias tidas en conta na avaliación ambiental estratéxica.

Artigo 14. Relación entre a avaliación de impacto ambiental e a autorización ambiental integrada.

As comunidades autónomas disporán o necesario para incluír as actuacións en materia de avaliación de impacto ambiental, cando así sexa exixible, no procedemento de outorgamento e modificación da autorización ambiental integrada.

Artigo 15. Confidencialidade.

1. As administracións públicas que interveñen nos procedementos de avaliación ambiental deberán respectar a confidencialidade das informacións fornecidas polo promotor que, de conformidade coa normativa aplicable, teñan o dito carácter, tendo en conta, en todo caso, a protección do interese público.

2. O promotor deberá indicar que parte da información contida na documentación presentada considera que debería gozar de confidencialidade. A Administración competente decidirá sobre a información que, segundo a lexislación vixente, estea exceptuada do segredo comercial ou industrial e sobre a información amparada pola confidencialidade.

Artigo 16. Capacidade técnica e responsabilidade do autor dos estudos e documentos ambientais.

1. O documento inicial estratéxico, o estudo ambiental estratéxico e o documento ambiental estratéxico, no caso da avaliación ambiental estratéxica, e o documento inicial, o estudo de impacto ambiental e o documento ambiental, no caso da avaliación de impacto ambiental, deberán ser realizados por persoas que posúan a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior, e terán a calidade necesaria para cumprir as exixencias desta lei. Para isto, os estudos e documentos ambientais mencionados deberán identificar o seu autor ou autores e indicar a súa titulación e, se for o caso, profesión regulada. Ademais, deberá constar a data de conclusión e a sinatura do autor.

2. Os autores dos citados documentos serán responsables do seu contido e da fiabilidade da información, excepto no que se refire aos datos recibidos da Administración de forma fidedigna.

TÍTULO II

Avaliación ambiental

CAPÍTULO I

Avaliación ambiental estratéxica

Sección 1.^a Procedemento da avaliación ambiental estratéxica ordinaria para a formulación da declaración ambiental estratéxica

Artigo 17. Trámites e prazos da avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

1. A avaliación ambiental estratéxica ordinaria constará dos seguintes trámites:
 - a) Solicitude de inicio.
 - b) Consultas previas e determinación do alcance do estudo ambiental estratéxico.
 - c) Elaboración do estudo ambiental estratéxico.

d) Información pública e consultas ás administracións públicas afectadas e persoas interesadas.

e) Análise técnica do expediente.

f) Declaración ambiental estratéxica.

2. O órgano ambiental disporá dun prazo máximo de tres meses, contados desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria, acompañada do borrador do plan ou programa e dun documento inicial estratéxico, para realizar as consultas previstas no artigo 19.1 e elaborar un documento de alcance do estudo ambiental estratéxico regulado no artigo 19.2.

3. O prazo máximo para a elaboración do estudo ambiental estratéxico e para a realización da información pública e das consultas previstas nos artigos 20, 21, 22 e 23 será de quince meses desde a notificación ao promotor do documento de alcance.

4. Para a análise técnica do expediente e a formulación da declaración ambiental estratéxica, o órgano ambiental disporá dun prazo de catro meses, prorrogable por dous meses máis, por razóns xustificadas debidamente motivadas desde a recepción do expediente completo e comunicadas ao promotor e ao órgano substantivo.

Artigo 18. *Solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria.*

1. Dentro do procedemento substantivo de adopción ou aprobación do plan ou programa, o promotor presentará ante o órgano substantivo, xunto coa documentación exixida pola lexislación sectorial, unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria, acompañada do borrador do plan ou programa e dun documento inicial estratéxico que conterà, ao menos, a seguinte información:

a) Os obxectivos de planificación.

b) O alcance e o contido do plan ou programa proposto e das súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.

c) O desenvolvemento previsible do plan ou programa.

d) Os potenciais impactos ambientais tomando en consideración o cambio climático.

e) As incidencias previsibles sobre os plans sectoriais e territoriais concorrentes.

2. Se o órgano substantivo comprobar que a solicitude de inicio non inclúe os documentos sinalados no número anterior, requirirá o promotor para que, nun prazo de dez días hábiles, xunte os documentos preceptivos, cos efectos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Así mesmo, o órgano substantivo comprobará que a documentación presentada de conformidade coa lexislación sectorial cumpre os requisitos nela exixidos.

3. Unha vez realizadas as comprobacións anteriores, o órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio e os documentos que a deben acompañar.

4. No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria, o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunhas das seguintes razóns:

a) Se estimar de modo inequívoco que o plan ou programa é manifestamente inviable por razóns ambientais.

b) Se estimar que o documento inicial estratéxico non reúne condicións de calidade suficientes.

c) Se xa tiver inadmitido ou xa tiver ditado unha declaración ambiental estratéxica desfavorable nun plan ou programa substancialmente análogo ao presentado.

Con carácter previo á adopción da resolución por que se acorde a inadmisión, o órgano ambiental dará audiencia ao promotor, informando disto ao órgano substantivo, por un prazo de dez días hábiles que suspende o previsto para declarar a inadmisión.

A resolución de inadmisión xustificará as razóns polas cales se aprecia e contra ela poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, cando for o caso.

Artigo 19. *Consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas e elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.*

1. O órgano ambiental someterá o borrador do plan ou programa e o documento inicial estratéxico a consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de corenta e cinco días hábiles desde a súa recepción.

Transcorrido este prazo sen que se recibise o pronunciamento, o procedemento continuará se o órgano ambiental conta con elementos de xuízo suficientes para elaborar o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico. Neste caso, non se terán en conta os pronunciamentos antes referidos que se reciban posteriormente.

Se o órgano ambiental non tiver os elementos de xuízo suficientes, ben porque non se recibiron os informes das administracións públicas competentes que resulten relevantes, ben porque, téndose recibido, estes resultasen insuficientes para decidir, requirirá persoalmente o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que, no prazo de dez días hábiles, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días hábiles, sen prexuízo das responsabilidades en que puiden incurrir o responsable da demora. O requirimento efectuado comunicárase ao órgano substantivo e ao promotor, e suspende o prazo previsto no artigo 17.2.

En todo caso, o promotor poderá reclamar á Administración competente a emisión do informe, a través do procedemento previsto no artigo 29.1 da Lei 29/1998, do 13 xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Recibidas as contestacións ás consultas, o órgano ambiental elaborará e remitirá ao promotor e ao órgano substantivo o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, xunto coas contestacións recibidas ás consultas realizadas.

3. O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico porase á disposición do público a través da sede electrónica do órgano ambiental e do órgano substantivo.

Artigo 20. *Estudo ambiental estratéxico.*

1. Tendo en conta o documento de alcance, o promotor elaborará o estudo ambiental estratéxico, no cal se identificarán, describirán e avaliarán os posibles efectos significativos no ambiente da aplicación do plan ou programa, así como unhas alternativas razoables técnica e ambientalmente viables, que teñan en conta os obxectivos e o ámbito de aplicación xeográfico do plan ou programa.

2. O estudo ambiental estratéxico considerárase parte integrante do plan ou programa e conterá, como mínimo, a información contida no anexo IV, así como aquela que se considere razoablemente necesaria para asegurar a súa calidade. Para estes efectos, teranse en conta os seguintes aspectos:

- a) Os coñecementos e métodos de avaliación existentes.
- b) O contido e o nivel de detalle do plan ou programa.
- c) A fase do proceso de decisión en que se encontra.
- d) A medida en que a avaliación de determinados aspectos necesita ser complementada noutras fases do proceso, para evitar a súa repetición.

3. Para a elaboración do estudo ambiental estratéxico poderase utilizar a información pertinente dispoñible que se obtivese na elaboración dos plans e programas promovidos pola mesma ou por outras administracións públicas.

Artigo 21. *Versión inicial do plan ou programa e información pública.*

1. O promotor elaborará a versión inicial do plan ou programa tendo en conta o estudo ambiental estratéxico e presentará ambos os documentos ante o órgano substantivo.

2. O órgano substantivo someterá a versión inicial do plan ou programa, acompañado do estudo ambiental estratéxico, a información pública con anuncio previo no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente e, se for o caso, na súa sede electrónica. A información pública será, como mínimo, de corenta e cinco días hábiles.

A información pública poderá realizala o promotor en lugar do órgano substantivo cando, de acordo coa lexislación sectorial, corresponda ao promotor a tramitación administrativa do plan ou programa.

3. A documentación sometida a información pública incluírá, así mesmo, un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

4. O órgano substantivo adoptará as medidas necesarias para garantir que a documentación que debe someterse a información pública teña a máxima difusión entre o público, utilizando os medios de comunicación e, preferentemente, os medios electrónicos.

Artigo 22. *Consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.*

1. Simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano substantivo someterá a versión inicial do plan ou programa, acompañado do estudo ambiental estratéxico, a consulta das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas que foron previamente consultadas de conformidade co artigo 19.

Estas consultas poderá realizalas o promotor en lugar do órgano substantivo cando, de acordo coa lexislación sectorial, corresponda ao promotor a tramitación administrativa do plan ou programa.

A consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas poderase realizar por medios convencionais, electrónicos ou calquera outro, sempre que se acredite a realización da consulta.

2. As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas disporán dun prazo mínimo de corenta e cinco días hábiles desde que se lles somete a versión inicial do plan ou programa, acompañado do estudo ambiental estratéxico, para emitir os informes e alegacións que consideren pertinentes.

Artigo 23. *Proposta final de plan ou programa.*

Tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas, incluíndo, se for o caso, as consultas transfronteirizas, o promotor modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta final do plan ou programa.

Non se terán en conta os informes ou alegacións recibidos fóra dos prazos establecidos nos artigos 21 e 22.

Artigo 24. *Análise técnica do expediente.*

1. O órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental o expediente de avaliación ambiental estratéxica completo, integrado por:

- a) A proposta final de plan ou programa.
- b) O estudo ambiental estratéxico.
- c) O resultado da información pública e das consultas, incluíndo, se for o caso, as consultas transfronteirizas, así como a súa consideración.
- d) Un documento resumo en que o promotor describa a integración na proposta final do plan ou programa dos aspectos ambientais, do estudo ambiental estratéxico e da súa

adecuación ao documento de alcance, do resultado das consultas realizadas e como estas se tomaron en consideración.

2. O órgano ambiental realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos impactos significativos da aplicación do plan ou programa no ambiente, que tomará en consideración o cambio climático.

3. Se durante a análise técnica do expediente de avaliación ambiental estratéxica o órgano ambiental estimar que a información pública ou as consultas non se realizaron conforme o establecido nesta lei, requirirá o órgano substantivo para que emende o expediente de avaliación ambiental estratéxica no prazo máximo de tres meses. Nestes casos suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica.

Se, transcorridos tres meses, o órgano substantivo non remitiu o expediente emendado ou se, unha vez presentado, for insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica ordinaria e notificará ao promotor e ao órgano substantivo a resolución de terminación. Contra esta resolución poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, segundo o caso.

4. Se durante a análise técnica do expediente de avaliación ambiental estratéxica o órgano ambiental concluír que cómpre información adicional para formular a declaración ambiental estratéxica, solicitará ao promotor a información que sexa imprescindible para completar o expediente e informará disto o órgano substantivo. Esta solicitude suspende o prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica.

Se, transcorridos tres meses, o promotor non remitiu a documentación adicional solicitada ou se, unha vez presentada, esta for insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, e notificará ao promotor e ao órgano substantivo a resolución de terminación. Contra esta resolución poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, segundo o caso.

5. O órgano ambiental continuará co procedemento sempre que dispoña dos elementos de xuízo suficientes para realizar a avaliación ambiental estratéxica.

Se no expediente de avaliación ambiental estratéxica non constar algún dos informes das administracións públicas afectadas, consultadas conforme o previsto no artigo 22, e o órgano ambiental non dispuxer de elementos de xuízo suficientes para realizar a avaliación ambiental estratéxica, requirirá persoalmente o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que, no prazo de dez días, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días, sen prexuízo das responsabilidades en que puiden incurrir o responsable da demora. O requirimento efectuado comunicarase ao órgano substantivo e ao promotor, e suspende o prazo para a formulación da declaración de impacto ambiental.

Se transcorrido o prazo de dez días o órgano ambiental non recibiu o informe, comunicará ao órgano substantivo e ao promotor a imposibilidade de continuar o procedemento.

En todo caso, o promotor poderá reclamar á Administración competente a emisión do informe a través do procedemento previsto no artigo 29 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 25. *Declaración ambiental estratéxica.*

1. O órgano ambiental, unha vez finalizada a análise técnica do expediente, formulará a declaración ambiental estratéxica, no prazo de catro meses contados desde a recepción do expediente completo, prorrogables por dous meses máis por razóns xustificadas debidamente motivadas e comunicadas ao promotor e ao órgano substantivo.

2. A declaración ambiental estratéxica terá a natureza de informe preceptivo determinante e conterá unha exposición dos feitos que resuma os principais fitos do procedemento, incluíndo os resultados da información pública, das consultas, se for o caso, os das consultas transfronteirizas, así como das determinacións, medidas ou

condicións finais que deban incorporarse no plan ou programa que finalmente se aprobe ou adopte.

3. A declaración ambiental estratéxica, unha vez formulada, remitirase para a súa publicación no prazo de quince días hábiles ao «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica do órgano ambiental.

4. Contra a declaración ambiental estratéxica non procederá recurso ningún, sen prexuízo dos que, se for o caso, procedan en vía xudicial contra a disposición de carácter xeral que aprobase o plan ou programa, ou ben dos que procedan en vía administrativa ou xudicial contra o acto, se for o caso, de adopción ou aprobación do plan ou programa.

Artigo 26. *Publicidade da adopción ou aprobación do plan ou programa.*

1. O promotor incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica no plan ou programa e, de acordo co previsto na lexislación sectorial, someterao á adopción ou aprobación do órgano substantivo.

2. No prazo de quince días hábiles desde a adopción ou aprobación do plan ou programa, o órgano substantivo remitirá para a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente a seguinte documentación:

a) A resolución en que se adopta ou aproba o plan ou programa e unha referencia ao enderezo electrónico en que o órgano substantivo porá á disposición do público o contido íntegro do plan ou programa.

b) Un extracto que inclúa os seguintes aspectos:

1.º De que maneira se integraron no plan ou programa os aspectos ambientais.

2.º Como se tomou en consideración no plan ou programa o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas, incluíndo se for o caso as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, cando proceda, as discrepancias que puidesen xurdir no proceso.

3.º As razóns da escolla da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.

c) As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.

Artigo 27. *Vixencia da declaración ambiental estratéxica.*

1. A declaración ambiental estratéxica perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, non se procedese á adopción ou aprobación do plan ou programa no prazo máximo de dous anos desde a súa publicación. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o trámite de avaliación ambiental estratéxica do plan ou programa, salvo que se acorde a prórroga da vixencia da declaración ambiental estratéxica nos termos previstos nos seguintes números.

2. O promotor poderá solicitar a prórroga da vixencia da declaración ambiental estratéxica antes de que transcorra o prazo previsto no número anterior. A solicitude formulada polo promotor suspenderá o prazo de dous anos do número anterior.

3. Á vista de tal solicitude, o órgano ambiental poderá acordar a prórroga da vixencia da declaración ambiental estratéxica en caso de que non se producisen cambios substanciais nos elementos esenciais que serviron de base para realizar a avaliación ambiental estratéxica, ampliando a súa vixencia por dous anos adicionais. Transcorrido este prazo sen que se procedese á aprobación do plan ou programa, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

4. O órgano ambiental resolverá sobre a solicitude de prórroga nun prazo de seis meses contados desde a data de presentación da solicitude. Previamente, o órgano

ambiental solicitará informe ás administracións públicas afectadas por razón da materia en relación cos elementos esenciais que serviron de base para realizar a avaliación ambiental estratéxica. Estas administracións deberán pronunciarse no prazo de dous meses, que poderá ampliarse, por razóns debidamente xustificadas, por un mes máis.

5. Transcorrido o prazo de seis meses sen que o órgano ambiental notificase a prórroga da vixencia da declaración ambiental estratéxica, entenderase estimada a solicitude de prórroga.

Artigo 28. *Modificación da declaración ambiental estratéxica.*

1. A declaración ambiental estratéxica dun plan ou programa aprobado poderá modificarse cando concorran circunstancias que determinen a incorrección da declaración ambiental estratéxica, incluídas as que xurdan durante o procedemento de avaliación de impacto ambiental, tanto por feitos ou circunstancias de acaecemento posterior a esta última como por feitos ou circunstancias anteriores que, no seu momento, non foron ou non puideron ser obxecto da adecuada valoración.

2. O procedemento de modificación da declaración ambiental estratéxica poderá iniciarse de oficio ou por solicitude do promotor.

O órgano ambiental iniciará o dito procedemento de oficio, ben por propia iniciativa ou por petición razoada do órgano substantivo, ou por denuncia, mediante acordo.

No caso de que se recibise petición razoada ou denuncia, o órgano ambiental deberá pronunciarse sobre a procedencia de acordar o inicio do procedemento no prazo de vinte días hábiles desde a recepción da petición ou da denuncia.

3. No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude do promotor de inicio da modificación da declaración ambiental estratéxica, o órgano ambiental poderá resolver motivadamente a súa inadmisión. Contra esta resolución poderán, se for o caso, interporse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa ou xudicial, segundo o caso.

4. O órgano ambiental consultará polo prazo mínimo de corenta e cinco días hábiles o promotor, o órgano substantivo e as administracións públicas afectadas e persoas interesadas previamente consultadas de acordo co artigo 22, co obxecto de que emitan os informes e formulen cantas alegacións consideren oportunas e presenten cantos documentos achen precisos. A consulta poderase realizar por medios convencionais, electrónicos ou calquera outro, sempre que se acredite a realización da consulta.

Transcorrido o prazo sen que se recibisen os informes e alegacións das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, o procedemento de modificación continuará se o órgano ambiental conta con elementos de xuízo suficientes para isto. Neste caso, non se terán en conta os informes e alegacións que se reciban posteriormente.

Se o órgano ambiental non tiver os elementos de xuízo suficientes para continuar co procedemento de modificación, ben porque non se recibiron os informes das administracións públicas afectadas, ben porque, téndose recibido, estes resultan insuficientes para decidir, requirirá persoalmente o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que no prazo de dez días hábiles contados a partir do requirimento ordene ao órgano competente a remisión dos informes no prazo de dez días hábiles, sen prexuízo da responsabilidade en que incorra o responsable da demora. O requirimento efectuado comunicarase ao órgano substantivo e ao promotor e suspende o prazo previsto para que o órgano ambiental se pronuncie sobre a modificación da declaración ambiental estratéxica.

En todo caso, o promotor poderá reclamar á Administración competente a formulación dos informes, a través do procedemento previsto no artigo 29.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

5. O órgano ambiental, nun prazo de tres meses contados desde o inicio do procedemento, resolverá sobre a modificación da declaración ambiental estratéxica que no seu día se formulou.

6. A decisión do órgano ambiental sobre a modificación terá carácter determinante e non impugnabile, sen prexuízo dos recursos en vía administrativa ou xudicial que, se for o caso, procedan fronte aos actos ou disposicións que, posterior e consecuentemente, poidan ditarse. Tal decisión notificarase ao promotor e ao órgano substantivo e deberá ser remitida para a súa publicación no prazo de quince días hábiles ao «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica do órgano ambiental.

Sección 2.^a Procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada para a emisión do informe ambiental estratéxico

Artigo 29. Solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada.

1. Dentro do procedemento substantivo de adopción ou aprobación do plan ou programa, o promotor presentará ante o órgano substantivo, xunto coa documentación exixida pola lexislación sectorial, unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada do borrador do plan ou programa e dun documento ambiental estratéxico que conterá, ao menos, a seguinte información:

- a) Os obxectivos da planificación.
- b) O alcance e contido do plan proposto e das súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.
- c) O desenvolvemento previsible do plan ou programa.
- d) Unha caracterización da situación do ambiente antes do desenvolvemento do plan ou programa no ámbito territorial afectado.
- e) Os efectos ambientais previsibles e, se procede, a súa cuantificación.
- f) Os efectos previsibles sobre os plans sectoriais e territoriais concorrentes.
- g) A motivación da aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
- h) Un resumo dos motivos da selección das alternativas escollidas.
- i) As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no ambiente da aplicación do plan ou programa, tomando en consideración o cambio climático.
- j) Unha descrición das medidas previstas para o seguimento ambiental do plan.

2. Se o órgano substantivo comprobar que a solicitude de inicio non inclúe os documentos sinalados no número anterior, requirirá o promotor para que, nun prazo de dez días hábiles, os presente, cos efectos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Así mesmo, o órgano substantivo comprobará que a documentación presentada de conformidade coa lexislación sectorial cumpre os requisitos nela exixidos.

3. Unha vez realizadas as comprobacións anteriores, o órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio e os documentos que a deben acompañar.

4. No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunhas das seguintes razóns:

- a) Se estimar de modo inequívoco que o plan ou programa é manifestamente inviable por razóns ambientais.
- b) Se estimar que o documento ambiental estratéxico non reúne condicións de calidade suficientes.

Con carácter previo á adopción da resolución pola cal se acorde a inadmisión, o órgano ambiental dará audiencia ao promotor, informando disto o órgano substantivo, por un prazo de dez días que suspende o previsto para declarar a inadmisión.

A resolución de inadmisión xustificará as razóns polas cales se aprecia e contra ela poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, segundo o caso.

Artigo 30. *Consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.*

1. O órgano ambiental consultará as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, para o cal porá ao seu dispor o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan ou programa.

2. As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas deberán pronunciarse no prazo máximo de corenta e cinco días hábiles desde a recepción da solicitude de informe. Transcorrido este prazo sen que se recibise o pronunciamento, o procedemento continuará se o órgano ambiental conta con elementos de xuízo suficientes para formular o informe ambiental estratéxico. Neste caso, non se terán en conta os pronunciamentos antes referidos que se reciban posteriormente.

Se o órgano ambiental non tiver os elementos de xuízo suficientes, ben porque non se recibiron os informes das administracións públicas afectadas que resulten relevantes, ben porque, téndose recibido, estes resultan insuficientes para decidir, requirirá persoalmente o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días hábiles, sen prexuízo das responsabilidades en que puiden incurrir o responsable da demora. O requirimento efectuado comunicárase ao órgano substantivo e ao promotor e suspende o prazo.

En todo caso, o promotor poderá reclamar á Administración competente a emisión do informe a través do procedemento previsto no artigo 29.1 da Lei 29/1998, do 13 xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 31. *Informe ambiental estratéxico.*

1. O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no prazo de catro meses contados desde a recepción da solicitude de inicio e dos documentos que a deben acompañar.

2. O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no anexo V, resolverá mediante a emisión do informe ambiental estratéxico, que poderá determinar que:

a) O plan ou programa debe someterse a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria porque pode ter efectos significativos sobre o ambiente. Neste caso o órgano ambiental elaborará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas de acordo co establecido no artigo 30, e non será preciso realizar as consultas reguladas no artigo 19.

Esta decisión notificarase ao promotor xunto co documento de alcance e o resultado das consultas realizadas para que elabore o estudo ambiental estratéxico e continúe coa tramitación prevista nos artigos 21 e seguintes.

b) O plan ou programa non ten efectos significativos sobre o ambiente, nos termos establecidos no informe ambiental estratéxico.

3. O informe ambiental estratéxico, unha vez formulado, será remitido polo órgano ambiental para a súa publicación no prazo de quince días hábiles ao «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica do órgano ambiental.

4. No suposto previsto no número 1, alínea b), o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicado no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, non se procedeu á aprobación do plan ou programa no prazo máximo de catro anos desde a súa

publicación. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do plan ou programa.

5. O informe ambiental estratéxico non será obxecto de recurso ningún, sen prexuízo dos que, se for o caso, procedan en vía xudicial contra a disposición de carácter xeral que aprobou o plan ou programa, ou ben, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa contra o acto, se for o caso, de aprobación do plan ou programa.

Artigo 32. *Publicidade da adopción ou aprobación do plan ou programa.*

No prazo de quince días hábiles desde a aprobación do plan ou programa, o órgano substantivo remitirá para a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente a seguinte documentación:

- a) A resolución pola cal se adopta ou aproba o plan ou programa aprobado, e unha referencia ao enderezo electrónico en que o órgano substantivo porá á disposición do público o contido íntegro do plan ou programa.
- b) Unha referencia ao «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente en que se publicou o informe ambiental estratéxico.

CAPÍTULO II

Avaliación de impacto ambiental de proxectos

Sección 1.^a Procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria para a formulación da declaración de impacto ambiental

Artigo 33. *Trámites e prazos da avaliación de impacto ambiental ordinaria.*

1. O procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria iníciase coa recepción polo órgano ambiental do expediente completo de avaliación de impacto ambiental.

2. Con carácter previo ao inicio do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinario establécense as seguintes actuacións:

- a) Con carácter potestativo o promotor poderá solicitar, de conformidade co artigo 34, que o órgano ambiental elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental. O prazo máximo para a súa elaboración é de tres meses.
- b) Con carácter obrigatorio o órgano substantivo, dentro do procedemento substantivo de autorización do proxecto, realizará os trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

Os trámites de información pública e de consultas terán unha vixencia dun ano desde a súa finalización. Transcorrido este prazo sen que se iniciase a avaliación de impacto ambiental ordinaria, o órgano substantivo declarará a caducidade dos citados trámites.

3. Após as actuacións previas a que se refire o número anterior, a avaliación de impacto ambiental ordinaria desenvolverase nos seguintes trámites:

- a) Solicitud de inicio.
- b) Análise técnica do expediente de impacto ambiental.
- c) Declaración de impacto ambiental.

O órgano ambiental realizará estes trámites no prazo de catro meses, contados desde a recepción completa do expediente de impacto ambiental. Este prazo poderá prorrogarse por dous meses adicionais debido a razóns xustificadas, debidamente motivadas.

Artigo 34. *Actuacións previas: consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas e elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental.*

1. Con anterioridade ao inicio do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, o promotor poderá solicitar ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental. O prazo máximo para a elaboración do documento de alcance é de tres meses contados desde a recepción da solicitude do documento de alcance.

2. Para isto, o promotor presentará ante o órgano substantivo unha solicitude de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental, acompañada do documento inicial do proxecto, que conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) A definición, características e localización do proxecto.
- b) As principais alternativas que se consideran e unha análise dos potenciais impactos de cada unha delas.
- c) Un diagnóstico territorial e do ambiente afectado polo proxecto.

O órgano substantivo, unha vez comprobada formalmente a adecuación da documentación presentada, remitiraa, no prazo de dez días hábiles, ao órgano ambiental para que elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental.

3. Para a elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental, o órgano ambiental consultará as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas.

4. As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles desde a recepción da documentación.

Transcorrido este prazo sen que se recibisen estes pronunciamentos, o procedemento continuará se o órgano ambiental conta con elementos de xuízo suficientes para elaborar o documento de alcance do estudo de impacto ambiental. Neste caso, non se terán en conta os pronunciamentos antes referidos que se reciban posteriormente.

Se o órgano ambiental non tiver os elementos de xuízo suficientes, ben porque non se recibiron os informes das administracións públicas competentes que resulten relevantes, ben porque, téndose recibido, estes resultan insuficientes para decidir, requirirá persoalmente o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días hábiles, sen prexuízo das responsabilidades en que puiden incorrer o responsable da demora. O requirimento efectuado comunicarase ao órgano substantivo e ao promotor e suspende o prazo previsto para a elaboración do documento de alcance. No caso de non terse recibido informe unha vez transcorrido o prazo anterior, o órgano ambiental notificarao ao promotor, quen poderá elaborar o estudo de impacto ambiental e continuar coa tramitación do procedemento.

En todo caso, o promotor poderá reclamar á Administración competente a emisión do informe a través do procedemento previsto no artigo 29.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

5. Recibidas as contestacións ás consultas, o órgano ambiental elaborará e remitirá ao promotor e ao órgano substantivo o documento de alcance do estudo de impacto ambiental, xunto coas contestacións recibidas ás consultas realizadas dentro do prazo establecido no artigo 33.2.a).

6. Cando o proxecto debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria en virtude do disposto no artigo 47.2.a), o órgano ambiental terá en conta o resultado das consultas realizadas conforme o artigo 46 e non será preciso realizar novas consultas para a elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental.

Artigo 35. Estudo de impacto ambiental.

1. O promotor elaborará o estudo de impacto ambiental, que conterá, ao menos, a seguinte información nos termos desenvolvidos no anexo VI:

a) Descrición xeral do proxecto e previsións no tempo sobre a utilización do solo e doutros recursos naturais. Estimación dos tipos e cantidades de residuos vertidos e emisións de materia ou enerxía resultantes.

b) Exposición das principais alternativas estudadas, incluída a «alternativa cero» ou de non realización do proxecto, e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos ambientais.

c) Avaliación e, se procede, cuantificación dos efectos previsibles directos ou indirectos, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, o solo, o subsolo, o aire, a auga, os factores climáticos, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluído o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, durante as fases de execución, explotación e, se for o caso, durante a demolición ou abandono do proxecto.

Cando o proxecto poida afectar directa ou indirectamente os espazos da Rede Natura 2000, incluírase un número específico para a avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do espazo.

d) Medidas que permitan previr, corrixir e, se for o caso, compensar os efectos adversos sobre o ambiente.

e) Programa de vixilancia ambiental.

f) Resumo do estudo e conclusións en termos facilmente comprensibles.

2. A Administración porá á disposición do promotor os informes e calquera outra documentación que conste no seu poder cando resulte de utilidade para a realización do estudo de impacto ambiental.

3. O estudo de impacto ambiental perderá a súa validez se no prazo dun ano desde a data da súa conclusión non se presentou ante o órgano substantivo para a realización da información pública e das consultas.

Artigo 36. Información pública do proxecto e do estudo de impacto ambiental.

1. O promotor presentará o proxecto e o estudo de impacto ambiental ante o órgano substantivo, que os someterá a información pública durante un prazo non inferior a trinta días, precedendo anuncio no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial que corresponda e, se for o caso, na súa sede electrónica.

Esta información pública levarase a cabo nunha fase do procedemento substantivo de autorización do proxecto en que estean abertas todas as opcións relativas á determinación do contido, a extensión e a definición do proxecto.

No caso de proxectos que deban ser autorizados pola Administración xeral do Estado e que, ademais, requiran unha autorización ambiental integrada segundo o disposto na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, o órgano substantivo realizará a información pública a que se refire este artigo.

Cando se trate de proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación previa, incumbirá ao órgano ambiental a realización da información pública.

2. No anuncio do inicio da información pública o órgano substantivo ou, se for o caso, o órgano ambiental incluírá un resumo do procedemento de autorización do proxecto, que conterá, como mínimo, a seguinte información:

a) Indicación de que o proxecto está suxeito a avaliación de impacto ambiental ordinaria, así como de que, se for o caso, pode resultar de aplicación o previsto no capítulo III deste título en materia de consultas transfronteirizas.

b) Identificación do órgano competente para autorizar o proxecto ou, no caso de proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación previa, identificación do órgano ante o cal deba presentarse a mencionada declaración ou comunicación previa;

identificación daqueles órganos dos cales poida obterse información pertinente e daqueles aos cales poidan presentarse alegacións, así como do prazo dispoñible para a súa presentación.

3. O órgano substantivo ou, se for o caso, o órgano ambiental, adoptará as medidas necesarias para garantir que a documentación que debe someterse a información pública teña a máxima difusión entre o público, utilizando preferentemente os medios de comunicación e electrónicos.

Artigo 37. Consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

1. Simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano substantivo consultará as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas.

2. O órgano substantivo deberá solicitar con carácter preceptivo os seguintes informes:

- a) O informe do órgano con competencias en materia de ambiente da comunidade autónoma onde se encontre territorialmente o proxecto.
- b) O informe sobre o patrimonio cultural, cando proceda.
- c) O informe do órgano con competencias en materia de dominio público hidráulico, cando proceda.
- d) O informe sobre dominio público marítimo-terrestre, cando proceda.

As comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poderán establecer o carácter preceptivo de calquera outro informe distinto dos anteriormente mencionados.

3. As consultas realizaranse mediante unha notificación que conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) O estudo de impacto ambiental ou o lugar ou lugares en que pode ser consultado.
- b) O órgano a que se deben remitir os informes e alegacións.
- c) Toda a documentación relevante sobre o proxecto para efectos da avaliación ambiental que se encontre en poder do órgano substantivo.

A consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas poderase realizar por medios convencionais, electrónicos ou calquera outro, sempre que se acredite a realización da consulta.

4. As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas disporán dun prazo máximo de trinta días hábiles desde a recepción da notificación para emitiren os informes e formularen as alegacións que consideren pertinentes.

5. O órgano substantivo porá á disposición das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas aqueloutra información distinta da prevista no número 3 deste artigo que soamente poida obterse unha vez expirado o período de información pública a que se refire o artigo 36 e que resulte relevante para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto.

Artigo 38. Remisión ao promotor do resultado da información pública e das consultas.

No prazo máximo de trinta días hábiles desde a finalización dos trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, o órgano substantivo remitirá ao promotor os informes e alegacións recibidas para a súa consideración na redacción, se for o caso, da nova versión do proxecto e no estudo de impacto ambiental.

Artigo 39. Inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1. Dentro do procedemento substantivo de autorización do proxecto, o promotor presentará ante o órgano substantivo, xunto coa documentación exixida pola lexislación sectorial, unha solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria,

acompañada da seguinte documentación, que constituirá o contido mínimo do expediente de avaliación de impacto ambiental:

- a) O documento técnico do proxecto.
- b) O estudo de impacto ambiental.
- c) As alegacións e informes recibidos nos trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.
- d) Se for o caso, as observacións que o órgano substantivo considere oportunas.

2. Se o órgano substantivo comprobar que a solicitude de inicio non inclúe os documentos sinalados no número anterior, requirirá o promotor para que, nun prazo de dez días hábiles, xunte os documentos preceptivos, cos efectos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, o órgano substantivo comprobará formalmente que a documentación presentada cumpre os requisitos exixidos pola lexislación sectorial.

3. Unha vez realizadas as comprobacións anteriores, o órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio e os documentos que a deben acompañar.

4. No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria, o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunhas das seguintes razóns:

- a) Se estimar de modo inequívoco que o proxecto é manifestamente inviable por razóns ambientais.
- b) Se estimar que o estudo de impacto ambiental non reúne condicións de calidade suficientes.
- c) Se xa tiver inadmitido ou xa tiver ditado unha declaración de impacto ambiental desfavorable nun proxecto substantivamente análogo ao presentado.

Con carácter previo á adopción da resolución pola que se acorde a inadmisión, o órgano ambiental dará audiencia ao promotor, do cal informará ao órgano substantivo, por un prazo de dez días hábiles que suspende o previsto para declarar a inadmisión.

A resolución de inadmisión xustificará as razóns polas cales se aprecia e contra ela poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, se for o caso.

Artigo 40. *Análise técnica do expediente.*

1. O órgano ambiental realizará unha análise técnica do expediente de impacto ambiental para avaliar os efectos ambientais do proxecto.

Analizarase, en particular, cómo se tivo en consideración o resultado do trámite de información pública, das consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas e, se for o caso, o resultado das consultas transfronteirizas. Así mesmo, terase en consideración o cambio climático.

2. Se durante a análise técnica do expediente de impacto ambiental o órgano ambiental estimar que a información pública ou as consultas non se realizaron conforme o establecido nesta lei, requirirá o órgano substantivo para que emende o expediente de impacto ambiental no prazo de tres meses. Nestes casos suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración de impacto ambiental.

Se, transcorridos tres meses, o órgano substantivo non remitiu o expediente emendado ou se, unha vez presentado, for insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación de impacto ambiental ordinaria e notificará ao promotor e ao órgano substantivo a resolución de terminación. Contra esta resolución poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, segundo o caso.

3. Se, durante a análise técnica do expediente, o órgano ambiental concluír que cómpre información adicional relativa ao estudo de impacto ambiental ou que o promotor non tivo en conta as alegacións recibidas durante o trámite de información pública

requerirao, informando disto ao órgano substantivo, para que complete a información que sexa imprescindible para a formulación da declaración de impacto ambiental. Esta solicitude suspende o prazo para a formulación da declaración de impacto ambiental.

Se, transcorridos tres meses, o promotor non remitiu a información requirida ou, unha vez presentada, esta for insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación de impacto ambiental ordinaria e notificará ao promotor e ao órgano substantivo a resolución de terminación. Contra esta resolución poderán interporse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, segundo o caso.

4. O órgano ambiental continuará co procedemento sempre que dispoña dos elementos de xuízo suficientes para realizar a avaliación de impacto ambiental.

Se no expediente de impacto ambiental non constar algún dos informes preceptivos a que se refire o artigo 37.2 e o órgano ambiental non dispuxer de elementos de xuízo suficientes para realizar a avaliación de impacto ambiental, requirirá persoalmente o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que, no prazo de dez días, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días, sen prexuízo das responsabilidades en que puiden incurrir o responsable da demora. O requirimento efectuado comunicarase ao órgano substantivo e ao promotor e suspende o prazo para a formulación da declaración de impacto ambiental.

Se, transcorrido o prazo de dez días, o órgano ambiental non recibiu o informe, comunicará ao órgano substantivo e ao promotor a imposibilidade de continuar o procedemento.

En todo caso, o promotor poderá reclamar á Administración competente a emisión do informe a través do procedemento previsto no artigo 29 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 41. *Declaración de impacto ambiental.*

1. O órgano ambiental, unha vez finalizada a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, formulará a declaración de impacto ambiental.

2. A declaración de impacto ambiental terá a natureza de informe preceptivo e determinante, e determinará se procede ou non, para os efectos ambientais, a realización do proxecto e, se for o caso, as condicións en que pode desenvolverse, as medidas correctoras e as medidas compensatorias. A declaración de impacto ambiental incluirá, ao menos, o seguinte contido:

a) A identificación do promotor do proxecto e do órgano substantivo e a descrición do proxecto.

b) O resumo do resultado do trámite de información pública e das consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, e como se tiveron en consideración.

c) O resumo da análise técnica realizada polo órgano ambiental.

d) Se proceden, as condicións que deban establecerse e as medidas que permitan previr, corrixir e, se for o caso, compensar os efectos adversos sobre o ambiente.

e) As medidas compensatorias que deban establecerse en caso de concorreren as circunstancias previstas no artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

f) O programa de vixilancia ambiental.

g) Se proceder, a creación dunha comisión de seguimento.

h) En caso de operacións periódicas, a motivación da decisión e o prazo a que se refire a disposición adicional décima.

3. A declaración de impacto ambiental remitirase para a súa publicación no prazo de quince días ao «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica do órgano ambiental.

4. A declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso, sen prexuízo dos que, se for o caso, procedan en vía administrativa e xudicial contra o acto polo cal se autoriza o proxecto.

Artigo 42. Publicidade da autorización do proxecto.

1. O órgano substantivo, no prazo de quince días desde que adopte a decisión de autorizar ou denegar o proxecto, remitirá ao «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, para a súa publicación, un extracto do contido da dita decisión.

Así mesmo, publicará na súa sede electrónica a decisión sobre a autorización ou denegación do proxecto e unha referencia ao «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente en que se publicou a declaración de impacto ambiental.

2. A información a que se refire o número anterior será enviada aos Estados membros que fosen consultados segundo o capítulo III deste título, relativo ás consultas transfronteirizas.

Artigo 43. Vixencia da declaración de impacto ambiental.

1. A declaración de impacto ambiental do proxecto ou actividade perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, non se comeza a execución do proxecto ou actividade no prazo de catro anos. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o trámite de avaliación de impacto ambiental do proxecto, salvo que se acorde a prórroga da vixencia da declaración de impacto ambiental nos termos previstos nos seguintes números.

Na falta de regulación específica, entenderase por inicio da execución do proxecto cando, unha vez obtidas todas as autorizacións que sexan exhibibles, comezasen materialmente as obras ou a montaxe das instalacións necesarias para a execución do proxecto ou actividade e así conste á Administración.

Para os efectos previstos neste número, o promotor de calquera proxecto ou actividade sometido a avaliación de impacto ambiental deberá comunicar ao órgano ambiental a data de comezo da execución de tal proxecto ou actividade.

2. O promotor poderá solicitar a prórroga da vixencia da declaración de impacto ambiental antes de que transcorra o prazo previsto no número anterior. A solicitude formulada polo promotor suspenderá o prazo de catro anos do número anterior.

3. Presentada a solicitude, o órgano ambiental poderá acordar a prórroga da vixencia da declaración de impacto ambiental en caso de que non se producisen cambios substanciais nos elementos esenciais que serviron para realizar a avaliación de impacto ambiental, ampliando a súa vixencia por dous anos adicionais. Transcorrido este prazo sen que se comezase a execución do proxecto ou actividade, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación de impacto ambiental do proxecto.

4. O órgano ambiental resolverá sobre a solicitude de prórroga nun prazo de seis meses contados desde a data de presentación da solicitude. Previamente o órgano ambiental solicitará informe ás administracións públicas afectadas por razón da materia en relación cos elementos esenciais que serviron para realizar a avaliación de impacto ambiental. Estas administracións deberán pronunciarse no prazo de dous meses, que poderá ampliarse, por razóns debidamente xustificadas, por un mes máis.

5. Transcorrido o prazo sen que o órgano ambiental resolvese sobre a prórroga da vixencia da declaración de impacto ambiental, entenderase estimada a solicitude de prórroga.

Artigo 44. Modificación das condicións da declaración de impacto ambiental.

1. As condicións da declaración de impacto ambiental poderán modificarse cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) A entrada en vigor de nova normativa que incida substancialmente no cumprimento das condicións establecidas na declaración de impacto ambiental.

b) Cando a declaración de impacto ambiental estableza condicións cuxo cumprimento se faga imposible ou innecesario porque a utilización das novas e mellores técnicas dispoñibles no momento de formular a solicitude de modificación permiten unha mellor e máis adecuada protección do ambiente, respecto do proxecto ou actuación inicialmente sometido a avaliación de impacto ambiental.

c) Cando durante o seguimento do cumprimento da declaración de impacto ambiental se detecte que as medidas preventivas, correctoras ou compensatorias son insuficientes, innecesarias ou ineficaces.

2. O procedemento de modificación das condicións da declaración de impacto ambiental poderá iniciarse de oficio ou por solicitude do promotor.

O órgano ambiental iniciará o dito procedemento de oficio, ben por propia iniciativa ben por petición razoada do órgano substantivo, ou por denuncia, mediante acordo.

No caso de que se recibise petición razoada ou denuncia, o órgano ambiental deberá pronunciarse sobre a procedencia de acordar o inicio do procedemento no prazo de vinte días hábiles desde a recepción da petición ou da denuncia.

3. No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude do promotor de inicio da modificación da declaración de impacto ambiental, o órgano ambiental poderá resolver motivadamente a súa inadmisión. Contra esta resolución poderán, se for o caso, interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa ou xudicial, segundo o caso.

4. Nos procedementos iniciados por solicitude do promotor, este deberá presentar a solicitude e a documentación xustificativa da modificación da declaración de impacto ambiental ante o órgano substantivo para a súa análise, comprobación e posterior remisión ao órgano ambiental no prazo máximo de trinta días desde a recepción da solicitude.

5. Para poder resolver sobre a solicitude de modificación da declaración de impacto ambiental, o órgano ambiental consultará as administracións públicas afectadas e persoas interesadas previamente consultadas. As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días.

Transcorrido o prazo sen que se recibisen informes ou alegacións, o procedemento de modificación continuará se o órgano ambiental conta con elementos de xuízo suficientes para isto. Neste caso non se terán en conta os informes ou alegacións que se reciban posteriormente.

Se o órgano ambiental non tiver os elementos de xuízo suficientes para continuar co procedemento de modificación, ben porque non se recibiron os informes das administracións públicas afectadas que resulten relevantes ben porque, téndose recibido, estes resulten insuficientes para decidir, requirirá persoalmente o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que, no prazo de dez días contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días, sen prexuízo das responsabilidades en que puiden incurrir o responsable da demora. O requirimento efectuado comunicárase ao órgano substantivo e ao promotor e suspende o prazo para a formulación da declaración de impacto ambiental.

En todo caso, o promotor poderá reclamar á Administración competente a emisión do informe a través do procedemento previsto no artigo 29.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

6. O prazo máximo de emisión e notificación da resolución da modificación da declaración de impacto ambiental será de trinta días, contados desde a recepción dos informes solicitados ás administracións afectadas por razón da materia. Esta resolución deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente.

7. Para os efectos previstos neste artigo, o promotor de calquera proxecto ou actividade sometido a avaliación de impacto ambiental deberá comunicar ao órgano

ambiental a data de comezo da execución da modificación da condición establecida en relación co dito proxecto ou actividade.

Sección 2.^a Avaliación de impacto ambiental simplificada

Artigo 45. Solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada.

1. Dentro do procedemento substantivo de autorización do proxecto, o promotor presentará ante o órgano substantivo, xunto coa documentación exixida pola lexislación sectorial, unha solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada, acompañada do documento ambiental co seguinte contido:

a) A motivación da aplicación do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada.

b) A definición, características e localización do proxecto.

c) Unha exposición das principais alternativas estudadas e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos ambientais.

d) Unha avaliación dos efectos previsibles directos ou indirectos, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, o solo, o aire, a auga, os factores climáticos, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluído o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, durante as fases de execución, explotación e, se for o caso, durante a demolición ou abandono do proxecto.

Cando o proxecto poida afectar directa ou indirectamente os espazos da Rede Natura 2000 incluírase un punto específico para a avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do espazo.

e) As medidas que permitan previr, reducir e compensar e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no ambiente da execución do proxecto.

f) A forma de realizar o seguimento que garanta o cumprimento das indicacións e medidas protectoras e correctoras contidas no documento ambiental.

2. Se o órgano substantivo comprobar que a solicitude de inicio non inclúe os documentos sinalados no número anterior, requirirá o promotor para que, nun prazo de dez días, xunte os documentos preceptivos, cos efectos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, o órgano substantivo comprobará que a documentación presentada de conformidade coa lexislación sectorial cumpre os requisitos nela exixidos.

3. Unha vez realizadas as comprobacións anteriores, o órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio e os documentos que a deben acompañar.

4. No prazo de vinte días desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada, o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunhas das seguintes razóns:

a) Se estimar de modo inequívoco que o proxecto é manifestamente inviable por razóns ambientais.

b) Se estimar que o documento ambiental non reúne condicións de calidade suficientes.

Con carácter previo á adopción da resolución pola cal se acorde a inadmisión, o órgano ambiental dará audiencia ao promotor, do cal informará ao órgano substantivo, por un prazo de dez días que suspende o previsto para declarar a inadmisión.

A resolución de inadmisión xustificará as razóns polas cales se aprecia e contra ela poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, segundo o caso.

Artigo 46. *Consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.*

1. O órgano ambiental consultará as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, para o cal porá á súa disposición o documento ambiental do proxecto a que se refire o artigo anterior.

2. As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días desde a recepción da solicitude de informe.

Transcorrido este prazo sen que se recibise o pronunciamento, o procedemento continuará se o órgano ambiental conta con elementos de xuízo suficientes para formular o informe de impacto ambiental. Neste caso, non se terán en conta os pronunciamentos antes referidos que se reciban posteriormente.

3. Se o órgano ambiental non tiver os elementos de xuízo suficientes ben porque non se recibiron os informes das administracións públicas afectadas que resulten relevantes ben porque, téndose recibido, estes resultan insuficientes para decidir, requirirá persoalmente o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que no prazo de dez días, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días, sen prexuízo das responsabilidades en que puiden incorrer o responsable da demora.

En todo caso, o promotor poderá reclamar á Administración competente a emisión do informe a través do procedemento previsto no artigo 29.1 da Lei 29/1998, do 13 xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 47. *Informe de impacto ambiental.*

1. O órgano ambiental formulará o informe de impacto ambiental no prazo de tres meses contados desde a recepción da solicitude de inicio e dos documentos que a deben acompañar.

2. O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade co establecido no número anterior, resolverá mediante a emisión do informe de impacto ambiental, que poderá determinar que:

a) O proxecto debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria por ter efectos significativos sobre o ambiente. Neste caso, o promotor elaborará o estudo de impacto ambiental conforme o artigo 35.

Para isto, o promotor poderá solicitar ao órgano ambiental o documento de alcance do estudo de impacto ambiental nos termos do artigo 34.

b) O proxecto non ten efectos significativos sobre o ambiente, nos termos establecidos no informe de impacto ambiental.

3. O informe de impacto ambiental remitirase para a súa publicación no prazo de quince días ao «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica do órgano ambiental.

4. No suposto previsto no número 1.b), o informe de impacto ambiental perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicado no «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, non se procedeu á autorización do proxecto no prazo máximo de catro anos desde a súa publicación. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada do proxecto.

5. O informe de impacto ambiental axustarase aos criterios establecidos no anexo III.

6. O informe de impacto ambiental non será obxecto de recurso ningún, sen prexuízo dos que, se for o caso, procedan en vía administrativa ou xudicial contra o acto, se for o caso, de autorización do proxecto.

Artigo 48. *Publicidade da autorización do proxecto.*

O órgano substantivo, no prazo de quince días desde que adopte a decisión de autorizar ou denegar o proxecto, remitirá ao «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente, para a súa publicación, un extracto do contido da dita decisión.

Así mesmo, publicará na súa sede electrónica a decisión sobre a autorización ou denegación do proxecto e unha referencia ao «Boletín Oficial del Estado» ou xornal oficial correspondente en que se publicou o informe de impacto ambiental.

CAPÍTULO III

Consultas transfronteirizas

Artigo 49. *Consultas a outros Estados nos procedementos de avaliación ambiental.*

1. Cando a execución en España dun plan, un programa ou un proxecto poida ter efectos significativos sobre o ambiente doutro Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado que España teña obriga de consultar en virtude de instrumentos internacionais, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación notificará a ese Estado a existencia do plan, programa ou proxecto e o procedemento de adopción, aprobación ou autorización a que está suxeito, e outorgaralle un prazo de trinta días para que se pronuncie sobre a súa intención de participar no procedemento de avaliación ambiental.

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación realizará a notificación por instancia do órgano substantivo ou por solicitude do Estado que poida ser afectado.

2. A notificación a que se refire o número anterior realizarase o antes posible e, o máis tardar, cando se inicie o trámite de información pública. Cando o procedemento de avaliación ambiental inclúa o trámite de determinación do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico ou do estudo de impacto ambiental, a notificación poderá realizarse durante este trámite e por instancia do órgano ambiental.

3. A notificación ao Estado que poida ser afectado irá acompañada da seguinte documentación:

a) Un resumo do procedemento de adopción, aprobación ou autorización a que está suxeito o plan, programa ou proxecto, incluíndo a avaliación ambiental e a fase do procedemento en que se realizasen as consultas transfronteirizas.

b) A versión inicial do plan ou programa e a parte do estudo ambiental estratéxico relativa aos posibles efectos transfronteirizos, no caso de plans ou programas, ou o proxecto e a parte do estudo de impacto ambiental relativa aos posibles efectos transfronteirizos, no caso de proxectos.

c) Cando a notificación se realice no trámite de determinación do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico ou do estudo de impacto ambiental, incluírá o documento inicial do plan, programa ou proxecto en lugar da documentación sinalada na alínea b).

4. Se o Estado afectado manifestar a súa intención de participar no procedemento de avaliación ambiental, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, en colaboración co órgano ambiental e o órgano substantivo, e tendo en conta os acordos bilaterais ou multilaterais asinados por España para o efecto:

a) Fixará un calendario razoable para a realización das consultas transfronteirizas e as medidas que deban ser adoptadas para garantir que as autoridades públicas afectadas e o público interesado dese Estado poidan participar no procedemento de avaliación ambiental, incluíndo que documentos deben ser traducidos.

b) Remitirá a versión inicial do plan ou programa e a parte do estudo ambiental estratéxico relativa aos posibles efectos transfronteirizos, no caso de plans ou programas, ou o proxecto e a parte do estudo de impacto ambiental relativa aos posibles efectos

transfronteirizos, no caso de proxectos, cando esta documentación non se tiver xa remitido.

5. As observacións formuladas polas autoridades ambientais e o público interesado do Estado afectado teranse en conta na formulación da declaración ambiental estratéxica ou na formulación da declaración de impacto ambiental.

6. Os prazos previstos nesta lei para a avaliación ambiental dos plans, programas e proxectos suspenderanse en canto non finalicen as consultas transfronteirizas.

7. O órgano ambiental remitirá ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, para o seu traslado ao Estado afectado, a resolución pola cal se formula a declaración ambiental estratéxica do plan ou programa ou a declaración de impacto ambiental do proxecto.

Así mesmo, o órgano substantivo remitirá ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, para o seu traslado ao Estado afectado, o plan ou programa aprobado ou o proxecto autorizado.

Artigo 50. *Consultas doutros Estados nos seus procedementos de avaliación ambiental.*

1. Cando un Estado notifique que un plan, programa ou proxecto previsto no seu territorio pode ter efectos ambientais significativos en España, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación informará o outro Estado, logo de consulta ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente sobre a vontade de participar ou non na avaliación ambiental correspondente.

Así mesmo, cando o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou unha comunidade autónoma considere que a execución dun plan, programa ou proxecto doutro Estado poida ter efectos significativos sobre o ambiente español, solicitará a ese Estado, a través do Ministerio de Asuntos e Exteriores e de Cooperación, que se lle notifique a existencia do plan, programa ou proxecto e o procedemento de adopción, aprobación ou autorización a que está suxeito, para poder valorar a vontade de participar ou non na avaliación ambiental correspondente.

2. Unha vez manifestada a vontade de participar na avaliación ambiental, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, en colaboración co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e tendo en conta os acordos bilaterais ou multilaterais asinados por España para o efecto, solicitará a información relevante do plan, programa ou proxecto e dos seus posibles efectos significativos transfronteirizos sobre o ambiente.

Cando as consultas ás administracións públicas afectadas e ao público interesado non estean reguladas noutra lei ou en acordos bilaterais ou multilaterais asinados por España para o efecto, estas serán levadas a cabo polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, nos termos referidos nos artigos 36 e 38.

3. Unha vez realizadas as consultas ás administracións públicas afectadas e ao público interesado e realizada a análise técnica do expediente, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente remitirá ao Estado de orixe, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, un informe sobre os seguintes aspectos:

a) O resultado das consultas ás administracións públicas afectadas e ao público interesado.

b) As conclusións sobre os impactos transfronteirizos do proxecto, as alternativas estudadas, as medidas preventivas, correctoras e, se proceden, de seguimento, así como a forma en que estas se deben ter en conta no plan, programa ou proxecto.

4. Cando se reciba a decisión final do plan, programa ou proxecto, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente faraa pública na súa sede electrónica.

TÍTULO III

Seguimento e réxime sancionador

CAPÍTULO I

Seguimento

Artigo 51. *Seguimento das declaracións ambientais estratéxicas e dos informes ambientais estratéxicos.*

1. Os órganos substantivos ou os órganos que, se for o caso, designen as comunidades autónomas respecto dos plans ou programas que non sexan de competencia estatal deberán realizar un seguimento dos efectos no ambiente da súa aplicación ou execución para, entre outras cousas, identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e permitir levar a cabo as medidas adecuadas para evitalos.

Para estes efectos, o promotor remitirá ao órgano substantivo, nos termos establecidos na declaración ambiental estratéxica ou no informe ambiental estratéxico, un informe de seguimento sobre o cumprimento da declaración ambiental estratéxica ou do informe ambiental estratéxico. O informe de seguimento incluírá unha lista de comprobación das medidas previstas no programa de vixilancia ambiental. O programa de vixilancia ambiental e a lista de comprobación faranse públicos na sede electrónica do órgano substantivo.

2. O órgano ambiental participará no seguimento dos ditos plans ou programas. Para isto, o órgano ambiental poderá pedir información e realizar as comprobacións que considere necesarias.

3. As declaracións ambientais estratéxicas e os informes ambientais estratéxicos de plans e programas de competencia estatal poderán establecer, por proposta do órgano substantivo e co acordo expreso da comunidade autónoma, que o seguimento de determinadas condicións, criterios ou indicadores ambientais sexa realizado polo órgano competente da comunidade autónoma.

4. Para evitar duplicidades poderán utilizarse mecanismos de seguimento xa existentes.

Artigo 52. *Seguimento das declaracións de impacto ambiental e dos informes de impacto ambiental.*

1. Corresponde ao órgano substantivo ou aos órganos que, se for o caso, designen as comunidades autónomas respecto dos proxectos que non sexan de competencia estatal, o seguimento do cumprimento da declaración de impacto ambiental ou do informe de impacto ambiental.

A declaración de impacto ambiental ou o informe de impacto ambiental poderá definir, en caso necesario, os requisitos de seguimento para o cumprimento das condicións establecidas neles. Para estes efectos, o promotor remitirá ao órgano substantivo, en caso de que así se determinase na declaración de impacto ambiental ou no informe de impacto ambiental e nos termos establecidos nas citadas resolucións, un informe de seguimento sobre o cumprimento das condicións ou das medidas correctoras e compensatorias establecidas na declaración de impacto ambiental. O informe de seguimento incluírá unha lista de comprobación das medidas previstas no programa de vixilancia ambiental. O programa de vixilancia ambiental e a lista de comprobación faranse públicos na sede electrónica do órgano substantivo.

2. O órgano ambiental poderá pedir información e realizar as comprobacións que considere necesarias para verificar o cumprimento do condicionado da declaración de impacto ambiental ou do informe de impacto ambiental.

3. O promotor está obrigado a permitir aos funcionarios que teñan a condición de autoridade pública o acceso ás instalacións e lugares vinculados á execución do proxecto,

de acordo coas garantías previstas no artigo 18 da Constitución. Así mesmo, o promotor estará obrigado a prestarlles a colaboración necesaria para o seu desenvolvemento, facilitando canta información e documentación lles sexa requirida para tal efecto.

4. As declaracións de impacto ambiental e os informes de impacto ambiental de proxectos de competencia estatal, salvo os proxectos suxeitos á normativa de enerxía nuclear e os destinados á produción de explosivos, poderán establecer, por proposta do órgano substantivo e co acordo expreso da comunidade autónoma, que o seguimento de determinadas condicións, medidas correctoras e compensatorias sexa realizado polo órgano competente da comunidade autónoma.

CAPÍTULO II

Réxime sancionador

Artigo 53. *Potestade sancionadora.*

A potestade sancionadora corresponderá ao órgano substantivo nos proxectos privados que deban ser autorizados pola Administración xeral do Estado e aos órganos que determinen as comunidades autónomas no seu ámbito de competencia.

Artigo 54. *Suxeitos responsables das infraccións.*

1. Poderán ser sancionados polos feitos constitutivos das infraccións administrativas reguladas neste capítulo os promotores de proxectos que teñan a condición de persoa física ou xurídica privada que resulten responsables deles.

2. No caso de que o cumprimento dunha obriga legal corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se for o caso, se cometan e das sancións que se impoñan.

Artigo 55. *Infraccións en materia de avaliación de impacto ambiental.*

1. Sen prexuízo das infraccións que, se for o caso, poidan establecer as comunidades autónomas, as infraccións en materia de avaliación de impacto ambiental no caso de proxectos privados levados a cabo por persoa física ou xurídica privada clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. É infracción moi grave o inicio da execución dun proxecto, incluídos os suxeitos a declaración responsable ou comunicación previa, sometido a avaliación de impacto ambiental ordinaria sen ter obtido previamente a correspondente declaración de impacto ambiental.

3. Son infraccións graves:

a) O inicio da execución dun proxecto, incluídos os suxeitos a declaración responsable ou comunicación previa, sometido a avaliación de impacto ambiental simplificada sen ter obtido previamente o informe de impacto ambiental.

b) A ocultación de datos, o seu falseamento ou manipulación maliciosa no procedemento de avaliación.

c) O incumprimento das condicións ambientais, das medidas correctoras ou compensatorias establecidas na declaración de impacto ambiental e incluídas na resolución que aproba ou autoriza finalmente o proxecto, ou o incumprimento das condicións ambientais establecidas no informe ambiental, e incluídas na resolución que aproba ou autoriza finalmente o proxecto ou, se for o caso, na declaración responsable ou comunicación previa do proxecto.

d) O incumprimento do requirimento acordado pola Administración para a suspensión da execución do proxecto.

4. É infracción leve o incumprimento de calquera das obrigas ou requisitos contidos nesta lei, cando non estea tipificado como moi grave ou grave.

5. No caso de que un mesmo infractor cometa diversas accións susceptibles de ser consideradas como varias infraccións, imporanse tantas sancións como infraccións se cometesen. No caso de que uns mesmos feitos poidan ser constitutivos de diversas infraccións, imporase a sanción correspondente á infracción máis grave na súa metade superior. No caso en que uns feitos fosen constitutivos dunha infracción cualificable como medio ou instrumento para asegurar a comisión doutros feitos tamén constitutivos de infracción de modo que estes deriven necesariamente daqueles, imporase a sanción máis grave na súa metade superior.

6. As infraccións prescribirán nos seguintes prazos, que se computarán desde o día da comisión da infracción:

- a) As infraccións moi graves aos tres anos.
- b) As infraccións graves aos dous anos.
- c) As infraccións leves ao ano.

Artigo 56. *Sancións correspondentes ás infraccións en materia de avaliación de impacto ambiental.*

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior darán lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) No caso de infracción moi grave: multa desde 240.401 até 2.404.000 euros.
- b) No caso de infraccións graves: multa desde 24.001 até 240.400 euros.
- c) No caso de infraccións leves: multa de até 24.000 euros.

2. As sancións prescribirán nos seguintes prazos, que se computarán desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción:

- a) As sancións moi graves aos tres anos.
- b) As sancións graves aos dous anos.
- c) As sancións leves ao ano.

As sancións imporanse atendendo ás circunstancias do responsable, grao de culpa, reiteración, participación e beneficio obtido e grao do dano causado ao ambiente ou do perigo a que se expuxese a saúde das persoas, de conformidade co establecido no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Sen prexuízo do disposto neste artigo, a imposición dunha sanción con carácter firme pola comisión de infracción moi grave carretará a prohibición de contratar establecida no artigo 60.1.c) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou norma que, se for o caso, a substitúa.

4. Se as condutas sancionadas causasen danos ou perdas á Administración pública ou ao ambiente carentes de previsión específica na lexislación sectorial, a resolución do procedemento poderá declarar:

a) A exigencia ao infractor da reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción.

A este respecto, cando a comisión dunha infracción das previstas nesta norma producise un dano ambiental, procederase de conformidade co establecido na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, ou na normativa que, se for o caso, se dite para tal fin.

b) A indemnización polos danos e perdas causados, cando a súa contía quedase determinada durante o procedemento.

5. O establecido no presente artigo enténdese sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas na materia.

Artigo 57. *Concorrenza de sancións.*

1. Non poderán sancionarse os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

2. Cando o suposto feito infractor poida ser constitutivo de delito ou falta, darase traslado do tanto de culpa ao Ministerio Fiscal, e desde ese mesmo momento suspenderase a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite resolución firme que poña fin ao procedemento ou teña lugar o sobresemento ou o arquivamento das actuacións ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal. De non se ter apreciado a existencia de delito ou falta, o órgano administrativo competente continuará o expediente sancionador. Os feitos declarados probados na resolución xudicial firme vincularán o órgano administrativo.

CAPÍTULO III

Procedemento sancionador

Artigo 58. *Iniciación.*

1. Os procedementos sancionadores inicianse sempre de oficio, por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ben como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou denuncia.

2. Con anterioridade á iniciación do procedemento, poderanse realizar actuacións previas con obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. En especial, estas actuacións orientaranse a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou persoas que puideren resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e noutros.

3. As actuacións previas poderán ser realizadas tanto polo órgano substantivo a quen competa o seguimento como polo ambiental a quen competa a inspección na materia.

4. O acordo de iniciación dos procedementos sancionadores formalizarase co contido mínimo seguinte:

a) Identificación da persoa ou persoas físicas ou xurídicas privadas presuntamente responsables.

b) Feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que puideren corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución.

c) Instrutor e, se for o caso, secretario do procedemento, con expresa indicación do réxime de recusación de ambos.

d) Órgano competente para a resolución do expediente e norma que lle atribúa tal competencia.

e) Medidas de carácter provisorio que acordase o órgano competente para iniciar o procedemento sancionador, sen prexuízo das que se poidan adoptar durante el de conformidade co artigo seguinte.

f) Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.

5. O acordo de iniciación comunicarase ao instrutor, con traslado de cantas actuacións existan ao respecto, e notificarase ao denunciante, se for o caso, e aos interesados, entendendo en todo caso por tal o inculpado.

Artigo 59. *Medidas de carácter provisorio.*

1. O órgano competente para a instrución do procedemento sancionador, nos casos de urxencia e para a protección provisorio dos intereses implicados, poderá adoptar as medidas provisionais imprescindibles con anterioridade á iniciación do procedemento sancionador, cos límites e condicións establecidos no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e demais normativa aplicable.

2. Unha vez iniciado o procedemento sancionador, o órgano competente para resolver, de oficio ou por requirimento do órgano ambiental, poderá en calquera momento e mediante acordo motivado acordar a suspensión da execución do proxecto e adoptar outras medidas de carácter provisorio que aseguren a eficacia da resolución final que se puiden ditar.

Artigo 60. *Instrución.*

1. Os interesados disporán dun prazo de quince días para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións consideren convenientes e, se for o caso, propor proba concretando os medios de que se tenten valer. Na notificación da iniciación do procedemento indicárase aos interesados o dito prazo.

2. Cursada a notificación a que se refire o punto anterior, o instrutor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións resulten necesarias para o exame dos feitos, solicitando os datos e informacións que sexan relevantes para determinar, se for o caso, a existencia de responsabilidades susceptibles de sanción.

3. Se como consecuencia da instrución do procedemento resultar modificada a determinación inicial dos feitos, da súa posible cualificación, das sancións impoñibles ou das responsabilidades susceptibles de sanción, notificárase todo isto ao inculpado na proposta de resolución e debe concederse un prazo de quince días para a formulación de alegacións ao respecto.

Artigo 61. *Proba.*

1. Recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo establecido para isto, o órgano instrutor poderá acordar a apertura dun período de proba, de conformidade co previsto nos artigos 80 e seguintes e 137.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por un prazo non superior a trinta días nin inferior a dez días.

2. Os feitos constatados por funcionarios a que se recoñece a condición de autoridade e que se formalicen en documento público observando os requisitos legais pertinentes terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios administrados.

Artigo 62. *Proposta de resolución.*

Concluída, se for o caso, a proba, o órgano instrutor do procedemento formulará proposta de resolución en que se fixarán de forma motivada os feitos, especificando os que se consideren probados e a súa exacta cualificación xurídica, se determinarán a infracción que, se for o caso, aqueles constitúan e a persoa ou persoas que resulten responsables, especificando a sanción que propón que se impoña e as medidas provisionais que adoptou, se for o caso, o órgano competente para iniciar o procedemento ou o instrutor, ou ben se propondrá a declaración de que non existe infracción ou responsabilidade.

Artigo 63. *Audiencia.*

1. A proposta de resolución notificárase aos interesados e nela indicáraselles a posta de manifesto do procedemento. Á notificación xuntáraselle unha relación dos documentos que constan no procedemento a fin de que os interesados poidan obter as

copias dos que consideren convenientes e concederáselles un prazo de quince días para formularen alegacións e presentaren os documentos e informacións que consideren pertinentes ante o instrutor do procedemento.

2. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas, se for o caso, polo interesado.

3. A proposta de resolución cursarase inmediatamente ao órgano competente para resolver o procedemento, xunto con todos os documentos, alegacións e informacións que consten nel.

Artigo 64. *Resolución.*

1. Antes de ditar resolución, o órgano competente para resolver poderá decidir, mediante acordo motivado, a realización das actuacións complementarias indispensables para resolver o procedemento.

O acordo de realización de actuacións complementarias notificarase aos interesados e concederáselles un prazo de sete días para formularen as alegacións que teñan por pertinentes. As actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo non superior a quince días. O prazo para resolver o procedemento quedará suspendido até a terminación das actuacións complementarias. Non terán a consideración de actuacións complementarias os informes que preceden inmediatamente a resolución final do procedemento.

2. O órgano competente ditará resolución, que será motivada e decidirá todas as cuestións suscitadas polos interesados e aquelas derivadas do procedemento.

A resolución adoptarase no prazo dun mes desde a recepción da proposta de resolución e os documentos, alegacións e informacións que constan no procedemento.

3. Na resolución non se poderán aceptar feitos distintos dos determinados na fase de instrución do procedemento, salvo os que resulten, se for o caso, da aplicación do previsto no número 1 deste artigo, con independencia da súa diferente valoración xurídica. Non obstante e só cando o órgano competente para resolver considere que a infracción reviste maior gravidade que a determinada na proposta de resolución, notificarase o inculpado para que presente cantas alegacións considere convenientes, o cal fará nun prazo de quince días.

4. As resolucións dos procedementos sancionadores, ademais de conteren os elementos previstos no artigo 89.3 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, incluírán a valoración das probas practicadas e, especialmente, daquelas que constitúan os fundamentos básicos da decisión fixarán os feitos e, se for o caso, a persoa ou persoas responsables, a infracción ou infraccións cometidas e a sanción ou sancións que se impoñen, ou ben a declaración de que non existe infracción ou responsabilidade.

5. As resolucións notificaranse aos interesados. Se o procedemento se iniciou como consecuencia de orde superior ou petición razoada, a resolución comunicarase tamén ao órgano administrativo autor daquela.

6. Declararase a caducidade do expediente sancionador se, transcorrido o prazo dun ano desde que se ditou o acordo de iniciación, non se notificou a resolución.

Disposición adicional primeira. *Avaliación de proxectos suxeitos a declaración responsable ou comunicación previa.*

1. Os procedementos de avaliación de impacto ambiental regulados nesta lei serán de aplicación aos proxectos que, estando incluídos no seu ámbito de aplicación, non requiran unha autorización senón unha declaración responsable ou comunicación previa previstas no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Sen prexuízo do disposto na normativa autonómica, cando corresponda á Administración xeral do Estado formular a declaración de impacto ambiental ou emitir o

informe de impacto ambiental, as funcións atribuídas ao órgano substantivo deberá realizalas o órgano ambiental.

3. As obrigas de publicación da autorización do proxecto entenderanse cumpridas coa publicación da declaración de impacto ambiental ou do informe de impacto ambiental.

4. Nestes casos, contra a declaración de impacto ambiental e o informe de impacto ambiental poderanse interpor os recursos que, se for o caso, procedan en vía administrativa ou xudicial.

Disposición adicional segunda. *Plans e programas cofinanciados pola Unión Europea.*

A avaliación ambiental de plans e programas cofinanciados pola Unión Europea realizarase de conformidade co previsto na normativa comunitaria que lle resulte de aplicación.

Disposición adicional terceira. *Obrigas de información.*

As administracións públicas proporcionarán ao ministerio que teña as competencias en materia de ambiente a información necesaria para o cumprimento das obrigas de información derivadas do dereito internacional e comunitario.

Disposición adicional cuarta. *Relación da avaliación ambiental con outras normas.*

Para aqueles plans, programas ou proxectos para os cales existe obriga de efectuar unha avaliación ambiental en virtude desta lei e en virtude doutras normas, as administracións públicas competentes establecerán procedementos coordinados ou conxuntos co obxecto de evitar a duplicación das avaliacións.

Disposición adicional quinta. *Concorrenza e xerarquía de plans ou programas.*

1. Cando exista unha concorrenza de plans ou programas promovidos por diferentes administracións públicas, estas deberán adoptar as medidas necesarias co fin de que poidan complementarse e para evitar que se produza unha duplicidade de avaliacións, asegurando que todos os efectos ambientais significativos de cada un son convenientemente avaliados.

2. Cando os plans e programas se estructuren en distintos ámbitos xerárquicos de decisión dunha mesma Administración pública, a avaliación ambiental en cada un deles deberá realizarse tendo en conta a fase do proceso de decisión en que se encontra o plan ou programa, para evitar a duplicidade de avaliacións.

Disposición adicional sexta. *Infraestruturas de titularidade estatal.*

Para os efectos do previsto na disposición adicional cuarta, sobre concorrenza e xerarquía de plans ou programas, non deberán someterse a un novo procedemento de avaliación como consecuencia da elaboración e aprobación dun plan de ordenación urbanística ou territorial as infraestruturas de titularidade estatal en cuxa planificación sectorial se realizase a avaliación ambiental conforme o disposto nesta lei.

En tales casos, a Administración pública competente para a aprobación do plan de ordenación urbanística ou territorial poderá exixir que se teñan en conta os aspectos non especificamente considerados na primeira avaliación ambiental.

Disposición adicional sétima. *Avaliación ambiental dos plans, programas e proxectos que poidan afectar espazos da Rede Natura 2000.*

1. A avaliación dos plans, programas e proxectos que, sen teren relación directa coa xestión dun lugar da Rede Natura 2000 ou sen ser necesario para ela, poida afectar de forma apreciable os citados lugares xa individualmente xa en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase, dentro dos procedementos previstos na

presente lei, a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar tendo en conta os obxectivos de conservación dese lugar, conforme o disposto na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade.

2. No suposto de proxectos autorizados pola Administración xeral do Estado, á vista das conclusións da avaliación de impacto ambiental sobre as zonas da Rede Natura 2000, e subordinado ao disposto no artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente fixará e supervisará as medidas compensatorias necesarias para garantir a coherencia global da Rede Natura 2000. Para a súa definición, consultarase preceptivamente o órgano competente da comunidade autónoma en que se localice o proxecto. O prazo para a emisión deste informe será de trinta días. Transcorrido este prazo sen que se recibise o informe, o órgano ambiental estatal poderá proseguir as actuacións.

3. A remisión, se for o caso, da información á Comisión Europea sobre as medidas compensatorias que se adoptasen será levada a cabo polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nos termos previstos no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional oitava. *Bancos de conservación da natureza.*

1. Os bancos de conservación da natureza son un conxunto de títulos ambientais ou créditos de conservación outorgados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e, se for o caso, polas comunidades autónomas, que representan valores naturais creados ou mellorados especificamente.

2. Os bancos de conservación da natureza crearanse por resolución do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e, se for o caso, das comunidades autónomas. Nesta resolución describiranse as actuacións, identificando os terreos en que se realiza, con indicación da súa referencia catastral e, se for o caso, do número de predio rexistral; así mesmo, constará a atribución do número de créditos que a dirección xeral do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente competente en materia de medio natural outorgue, ou o órgano que para o efecto determine a correspondente comunidade autónoma, aos titulares dos terreos, de acordo cos criterios técnicos que se establezan na resolución pola cal se crea cada banco de conservación.

3. Os titulares dos terreos afectados polos bancos deberán conservar os valores naturais creados ou mellorados, e estes terreos deben só destinarse a usos que sexan compatibles cos citados valores naturais, de acordo co que dispoña a resolución de creación de cada banco de conservación da natureza.

Esta limitación do dominio farase constar no Rexistro da Propiedade na inscrición do terreo ou terreos en que se realizase a mellora ou creación de activos naturais. Para tal efecto, será título suficiente para practicar esta inscrición o certificado administrativo de que a actuación de creación ou mellora do activo natural está rexistrada no correspondente banco de conservación da natureza.

4. Os créditos de conservación poderán constituír as medidas compensatorias ou complementarias previstas na lexislación de avaliación ambiental, responsabilidade ambiental ou sobre patrimonio natural e biodiversidade, co obxectivo de que os efectos negativos ocasionados a un valor natural sexan equilibrados polos efectos positivos xerados sobre o mesmo ou semellante valor natural, no mesmo ou diferente lugar.

5. Os créditos outorgados para cada banco poderanse transmitir en réxime de libre mercado e serán propostos por cada Administración outorgante para a súa inscrición nun rexistro público compartido e único en todo o territorio nacional, dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

6. As infraccións da normativa reguladora dos bancos de conservación da natureza serán sancionadas de acordo co disposto na normativa reguladora do patrimonio natural e biodiversidade.

7. O réxime xeral, organización, funcionamento e criterios técnicos dos bancos de conservación da natureza desenvolveranse regulamentariamente.

Disposición adicional novena. *Certificación de non afección á Rede Natura 2000.*

Para os efectos do previsto na normativa europea sobre fondos comunitarios, o órgano ambiental da Administración xeral do Estado será a autoridade competente para a emisión da certificación de non afección á Rede Natura 2000 dos proxectos cuxa autorización corresponda á Administración xeral do Estado e en cuxa avaliación de impacto ambiental, cando esta sexa preceptiva, se determinase que non existen afeccións a lugares da Rede Natura 2000.

Disposición adicional décima. *Operacións periódicas.*

1. No caso de proxectos sometidos a avaliación ambiental que consistan en actuacións con prazo de duración total inferior a un ano que sexan susceptibles de repetirse periodicamente en anos sucesivos en idénticas condicións a través de proxectos que teña que autorizar o mesmo órgano substantivo con idéntico promotor, o órgano ambiental poderá establecer na declaración de impacto ambiental que a avaliación poderá estender os seus efectos para tales proxectos por un número de anos non superior a catro, e tendo en conta os impactos de carácter acumulativo.

2. Nestes casos, será preceptiva a formulación dunha solicitude previa por parte do órgano substantivo, por petición do promotor, cando remita o expediente, advertindo desta posibilidade e xustificando a identidade entre as operacións que periodicamente se repetirán en número de anos non superior ao previsto no número anterior.

O estudo de impacto ambiental conterá as actuacións periódicas nun escenario non superior a catro anos e o promotor elaborará un plan de seguimento especial, no cal se incluírán as medidas que permitan a execución do proxecto durante un número de anos non superior a catro. O estudo de impacto ambiental identificará adecuadamente e avaliará os impactos de carácter acumulativo.

3. En caso de alteración das circunstancias determinantes da declaración de impacto ambiental favorable, o órgano ambiental resolverá que a declaración de impacto ambiental decaeu na súa vixencia e carece dos efectos que lle son propios.

Disposición adicional décimo primeira. *Acumulación de procedementos de avaliación de impacto ambiental.*

Con carácter xeral, cada procedemento de avaliación de impacto ambiental deberá referirse a un único proxecto. Non obstante, o órgano ambiental poderá acordar a acumulación de procedementos cando concorran as circunstancias sinaladas no artigo 73 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional décimo segunda. *Réxime supletorio.*

En todo o non previsto nesta lei aplicarase, cando proceda, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional décimo terceira. *Tramitación electrónica.*

Os trámites regulados nesta lei realizaranse por vía electrónica nas sedes electrónicas que para tal efecto habiliten as administracións públicas competentes, nos termos establecidos no título III da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición adicional décimo cuarta. *Identificación das persoas interesadas.*

1. As administracións públicas competentes adoptarán as medidas adecuadas para identificar as persoas interesadas que deban ser consultadas segundo o disposto nesta

lei, co fin de garantir que a súa participación nos procedementos de avaliación ambiental sexa efectiva.

En particular, poderán crear rexistros para a inscrición das persoas físicas ou xurídicas que acrediten a condición de persoa interesada de acordo coa definición contida nesta lei.

2. En virtude dos principios de información mutua, cooperación e colaboración, as administracións públicas establecerán os mecanismos máis eficaces para un efectivo intercambio de información sobre as persoas interesadas que se identificasen.

Disposición adicional décimo quinta. *Reglas de explotación do transvasamento Texo-Segura.*

1. En función das existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía a comezos de cada mes, establécense os seguintes niveis mensuais conforme os cales se acordará a realización dos transvasamentos, cun máximo anual total de 650 hm³ en cada ano hidrolóxico (600 para o Segura e 50 para o Guadiana).

Nivel 1. Darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan iguais ou maiores que 1.500 hm³, ou cando as achegas conxuntas entrantes a estes encoros nos últimos doce meses sexan iguais ou maiores que 1.000 hm³. Neste caso o órgano competente autorizará un transvasamento mensual de 68 hm³, até o máximo anual antes referido.

Nivel 2. Darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan inferiores a 1.500 hm³, sen chegar aos volumes previstos no nivel 3, e as achegas conxuntas rexistradas nos últimos doce meses sexan inferiores a 1.000 hm³. Neste caso o órgano competente autorizará un transvasamento mensual de 38 hm³, até o máximo anual antes referido.

Nivel 3. De situacións hidrolóxicas excepcionais, darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía non superen, a comezos de cada mes, os valores que se determinen no Plan hidrolóxico do Texo vixente. O Goberno, mediante o real decreto previsto posteriormente neste número, establecerá para o nivel 3 o transvasamento máximo mensual que o órgano competente poderá autorizar discrecionalmente e de forma motivada, así como os valores mensuais antes referidos, definitorios do nivel 3, co obxectivo único que se indica posteriormente.

Nivel 4. Darase esta situación cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan inferiores a 400 hm³, e neste caso non cabe aprobar transvasamento ningún.

Co único obxectivo de dotar de maior estabilidade interanual as subministracións, minimizando a presentación de situacións hidrolóxicas excepcionais a que se refire o nivel 3, sen modificar en ningún caso o máximo anual de auga transvasable, por proposta xustificada do ministerio competente en materia de augas, e logo de informe favorable da Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura, poderán modificarse, mediante real decreto, tanto o volume de existencias e o de achegas acumuladas recollidos no nivel 1 como os volumes de transvasamento mensual correspondentes aos niveis 1, 2, 3 e os volumes de existencias para cada mes correspondentes ao nivel 3. Así mesmo, neste real decreto defínense os criterios de predición de achegas para a aplicación da regra en horizontes plurimensuais.

Para efectos de favorecer o desenvolvemento dos municipios ribeiregos, explotarase o sistema de forma que o volume de transvasamento xa autorizado e pendente de aplicación se manteña preferentemente nos encoros de cabeceira antes que noutros almacenamentos en tránsito ou destino, sempre que tal explotación sexa compatible cunha xestión racional e integrada do sistema conxunto.

Salvo en situacións catastróficas ou de extrema necesidade debidamente motivadas que impidan o envío de auga, se non se transvasaron no prazo autorizado os volumes aprobados previstos nos niveis 1 e 2, poderanse transferir nos tres meses seguintes ao fin do período de autorización, salvo que se produza un cambio de nivel.

Os recursos cuxo transvasamento fose xa autorizado poderán ser utilizados polos seus usuarios ao longo do ano hidrolóxico até o final deste. No caso de que ao termo do ano hidrolóxico exista na bacía receptora algún volume dispoñible de auga transvasada, será obxecto dunha nova distribución e considerárase como recurso aproveitábel para os usos do transvasamento a que correspondan no ano hidrolóxico seguinte.

Os volumes cuxo transvasamento fose autorizado distribuiranse entre abastecementos e regadíos, na proporción dun 25 por cento para abastecemento e o 75 por cento restante para regadío, até o máximo das súas dotacións anuais e asegurando sempre ao menos 7,5 hm³/mes para os abastecementos urbanos.

2. A Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura autorizará os transvasamentos cando concorran as condicións hidrolóxicas dos niveis 1 e 2, e o ministro que teña atribuídas as competencias en materia de auga, logo de informe desta comisión, cando concorran as condicións do nivel 3. No caso dos niveis 1 e 2, a autorización dos transvasamentos efectuarase preferentemente por semestres, mentres que no caso do nivel 3 se realizará preferentemente por trimestres, salvo que o órgano competente xustifique en calquera dos niveis a utilización de prazos distintos.

3. Con carácter previo á primeira reunión do ano hidrolóxico da Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura e, en todo caso, antes da primeira autorización do transvasamento, exclusivamente nos niveis 1 e 2, a Dirección Xeral da Auga elaborará, para a súa consideración pola Comisión Central de Explotación para efectos das autorizacións, un informe xustificativo das necesidades hídricas nas zonas e abastecementos afectos ao transvasamento Texo-Segura, que se referirá, para as zonas regables, aos cultivos planificados e, para os abastecementos, ás demandas estimadas, así como ás posibilidades de regulación existentes para tales caudais.

Este informe será elaborado pola Dirección Xeral da Auga a partir da información da planificación hidrolóxica e deberá actualizarse semestralmente, de acordo co disposto no Regulamento de planificación hidrolóxica sobre seguimento dos plans hidrolóxicos.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio.*

1. Esta lei aplícase a todos os plans, programas e proxectos cuxa avaliación ambiental estratéxica ou avaliación de impacto ambiental se inicie a partir do día da entrada en vigor da presente lei.

2. A regulación da vixencia das declaracións de impacto ambiental aplícase a todas aquelas que se publiquen con posterioridade á entrada en vigor desta lei.

3. As declaracións de impacto ambiental publicadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei perderán a súa vixencia e cesarán na produción dos efectos que lle son propios se non se tiver comezado a execución dos proxectos ou actividades no prazo máximo de seis anos desde a entrada en vigor desta lei. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o trámite de avaliación de impacto ambiental do proxecto conforme o establecido nesta lei.

4. A regulación da modificación das declaracións ambientais estratéxicas e das condicións das declaracións de impacto ambiental aplícase a todas aquelas formuladas antes da entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio da modificación da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional.*

A aplicación da disposición adicional terceira da Lei 10/2001, do 5 de xullo, reguladora do Plan hidrolóxico nacional, graduarase no tempo conforme as seguintes prescricións:

1. A implantación do novo nivel de referencia de 400 hectómetros cúbicos para a definición de excedentes transvasables na cabeceira do Texo seguirá un réxime transitorio de forma que este novo nivel se alcance como máximo en cinco anos conforme o seguinte procedemento.

2. Na data de entrada en vigor do novo plan hidrolóxico do Texo, elaborado conforme a Directiva marco da auga, o nivel elevarase 32 hectómetros cúbicos e irase elevando en tramos adicionais de 32 hectómetros cúbicos no día 1 de xaneiro de cada ano sucesivo, até alcanzar os 400 hectómetros cúbicos finais. Igualmente, a curva de definición de situacións hidrolóxicas excepcionais vixente irase elevando de forma gradual e simultánea aos seus correspondentes niveis de referencia, até alcanzar a curva final.

3. Se no inicio ou en calquera momento do período transitorio se alcanzar un nivel de existencias embalsadas de 900 hectómetros cúbicos, tanto o novo nivel de referencia de 400 hectómetros cúbicos como a curva de condicións excepcionais entrarían en vigor de forma inmediata.

4. A Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura velará pola aplicación destes criterios e resolverá as incidencias que puideren xurdir no período de transición.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan á presente lei e, en particular, as seguintes:

- a) A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.
- b) O texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro.
- c) O Real decreto 1131/1988, do 30 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.

2. A derogación das normas previstas no número anterior, na súa condición de normativa básica e respecto das comunidades autónomas producirase, en todo caso, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei. Non obstante, se antes de que conclúa este prazo as comunidades autónomas aproban novos textos normativos adaptados a esta lei, a derogación prevista no número anterior producirase no momento en que as novas normas autonómicas entren en vigor.

3. Queda derogada a disposición adicional primeira da Lei 11/2005, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei 10/2001, do 5 de xullo de 2001, do Plan hidrolóxico nacional.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.*

Un. Modifícase a letra a) do número 1 do artigo 76 do seguinte modo:

«a) A utilización de produtos químicos ou de substancias biolóxicas, a realización de verteduras, tanto líquidas como sólidas, o derramamento de residuos, así como o depósito de elementos sólidos para recheos, que alteren ou supoñan un risco de alteración das condicións dos ecosistemas con dano para os valores neles contidos.»

Dous. Engádense dúas novas letras s) e t) no número 1 do artigo 76 coa seguinte redacción:

«s) O incumprimento das obrigas e prohibicións establecidas nas normas reguladoras e nos instrumentos de xestión, incluídos os plans, dos espazos naturais protexidos e espazos protexidos da Rede Natura2000.»

«t) A subministración ou almacenamento de combustible mediante o fondeo permanente de buques tanque nas augas comprendidas dentro dos espazos naturais protexidos e dos espazos protexidos da Rede Natura 2000, a recepción do dito combustible, así como o abastecemento de combustible aos referidos buques tanque.

Considerarase que o fondeo é permanente aínda que haxa eventuais períodos de ausencia do buque ou se substitúa por outro da mesma compañía, armador ou grupo, sempre que a finalidade do fondeo sexa o almacenamento para a subministración de combustible.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 76, que queda redactado do seguinte modo:

«2. As infraccións recollidas no número anterior cualificaranse do seguinte modo:

a) Como moi graves, as recollidas nas alíneas a), b), c), d), e), f), s) e t) se os danos superan os 100.000 euros; calquera das outras, se os danos superan os 200.000 euros; e a reincidencia cando se cometa unha infracción grave do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior no prazo dos dous anos seguintes á súa notificación, sempre que a resolución sancionadora adquirise firmeza en vía administrativa.

b) Como graves, as recollidas nas alíneas a), b), c), d), e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), s) e t) cando non teñan a consideración de moi graves; e a reincidencia cando se cometa unha infracción leve do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior no prazo dos dous anos seguintes á súa notificación, sempre que a resolución sancionadora adquirise firmeza en vía administrativa.

c) Como leves, as recollidas nas alíneas o), p), q) e r).»

Catro. Modifícanse os números 2 e 6 do artigo 77, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. Na imposición das sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, tendo en conta os seguintes criterios: a magnitude do risco que supón a conduta infractora e a súa repercusión; a contía, se for o caso, dos danos ocasionados; a súa transcendencia polo que respecta á seguranza das persoas ou bens protexidos por esta lei; as circunstancias do responsable; o grao de intencionalidade apreciable no infractor ou infractores; e, se for o caso, o beneficio ilícitamente obtido como consecuencia da conduta infractora, así como a irreversibilidade dos danos ou deterioracións producidos.»

«6. No ámbito da Administración xeral do Estado, a contía de cada unha das multas coercitivas non excederá 3.000 euros.»

Cinco. Suprímese o número 4 do artigo 77.

Seis. Engádesse un novo artigo 80 coa seguinte redacción:

«Serán sancionadas as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que resulten responsables das accións ou omisións constitutivas das infraccións administrativas tipificadas na presente lei, incluídos, se for o caso, os promotores da actividade infractora, os empresarios que a executan, os técnicos directores e calquera outro suxeito que interveña, por acción ou omisión, ou cuxa participación resulte imprescindible para a comisión da infracción.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura.*

Modifícase o último parágrafo da disposición adicional primeira, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Polo contrario, se se producen menores perdas, os recursos adicionais xerados distribuiranse nun setenta por cento para regadío, en proporción ás referidas zonas regables, mentres que o trinta por cento restante se asignará para abastecementos da provincia de Almería.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional.*

Un. Modifícase a disposición adicional terceira, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Canto ás transferencias de auga aprobadas desde a cabeceira do Texo, consideraranse augas excedentarias todas aquelas existencias encoradas no conxunto de Entrepeñas-Buendía que superen os 400 hm³. Por baixo desta cifra non se poderán efectuar transvasamentos en ningún caso.

Este volume mínimo poderá revisarse no futuro conforme as variacións efectivas que experimenten as demandas da bacía do Texo, de acordo cos principios de eficiencia e sustentabilidade, de forma que se garanta en todo caso o seu carácter preferente e se asegure que as transferencias desde cabeceira nunca poidan supor un límite ou impedimento para o desenvolvemento natural desa bacía.»

Dous. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta.

Levaranse a cabo con carácter de urxencia, e de acordo con criterios de viabilidade, as obras previstas no anexo ao Plan hidrolóxico nacional que aínda non fosen executadas e que permitan a Castilla-La Mancha utilizar a infraestrutura do transvasamento Texo-Segura, así como os recursos correspondentes que teña asignados e reservados.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.*

Modifícase o artigo 72, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 72. *Infraestructuras de conexión interbacías.*

1. A Dirección Xeral da Auga poderá autorizar a cesión de dereitos, a que se refire esta sección, que implique o uso de infraestructuras que interconectan territorios de distintos plans hidrolóxicos de bacía; esta autorización implica a de uso das infraestructuras de interconexión. Entenderanse desestimadas as solicitudes de cesión unha vez transcorridos os prazos previstos sen terse notificado a resolución administrativa.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 69.3, o réxime económico-financieiro aplicable a estas transaccións será o establecido nas normas singulares que regulen o réxime de explotación das correspondentes infraestructuras.

3. A autorización das cesións que regula o presente artigo non poderán alterar o establecido nas regras de explotación de cada un dos transvasamentos.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 11/2005, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional.*

Modifícase o número 1 da disposición adicional sexta, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. En aplicación do principio de transparencia e para unha completa información pública e seguranza xurídica de todos os afectados, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente publicará e actualizará a información relativa ás transferencias ordinarias entre distintas demarcacións hidrográficas nos termos seguintes:

Na demarcación receptora, estableceranse uns valores de referencia para os consumos mensuais das augas transvasadas por usos e zonas de rega. As

subministracións a estas demandas non superarán os valores de referencia fixados e admítense desviacións ocasionais respecto a estes valores sempre que a media interanual de desviacións non supere o total anual sinalado.

Con respecto ao principio de preferencia da bacía cedente e ás determinacións da planificación hidrolóxica, estableceranse uns valores mensuais de referencia dos desencoramentos na demarcación cedente para satisfacer os seus requirimentos propios. Os desencoramentos mensuais non superarán os valores de referencia fixados, e admitiranse desviacións ocasionais respecto a estes valores sempre que a media interanual de desviacións non supere o total anual sinalado.

Precedendo informe da Dirección Xeral da Auga, e nun prazo máximo de 3 meses, mediante real decreto defíniranse os valores mensuais dos consumos de referencia de augas transvasadas por usos e zonas de rega na demarcación de destino e as súas porcentaxes admisibles de desviación máxima ocasional, así como os valores mensuais de desencoramentos de referencia na demarcación de orixe, as súas porcentaxes admisibles de desviación máxima ocasional, e cantas circunstancias específicas deban ser consideradas para a súa completa definición. Para isto considerárase a información hidrolóxica dispoñible e respectaranse as determinacións da planificación hidrolóxica das diferentes demarcacións.

A Dirección Xeral da Auga supervisará tanto as subministracións mensuais aos usos e zonas de rega do transvasamento como os desencoramentos de referencia, e para o efecto pode solicitar as comprobacións e xustificacións que considere oportunas, así como ordenar a execución dos medios técnicos que se requiran para isto.

Mediante real decreto determináranse a periodicidade da actualización de datos e o seu intervalo temporal, os formatos de presentación, o alcance mínimo dos valores históricos e os datos estatísticos que deben incorporarse.»

Disposición derradeira sexta. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpóranse ao ordenamento xurídico español a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, e a Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente.

Disposición derradeira sétima. *Relacións da avaliación ambiental coa lexislación sectorial.*

1. No prazo dun ano, as normas sectoriais reguladoras da tramitación e da adopción ou aprobación dos plans e programas conterán as disposicións necesarias para garantir que aqueles comprendidos no ámbito de aplicación desta lei se sometan a unha avaliación ambiental estratéxica antes da súa adopción ou aprobación.

2. As normas sectoriais reguladoras da tramitación e da adopción ou aprobación dos plans, programas e proxectos deberán establecer prazos para as actuacións que a presente lei atribúe ao órgano substantivo ou ao promotor. Esta adaptación normativa deberá realizarse no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei.

Disposición derradeira oitava. *Títulos competenciais.*

1. Esta lei, incluídos os seus anexos, dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación básica de protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

2. Non teñen carácter básico e, por tanto, soamente serán de aplicación á Administración xeral do Estado e aos seus organismos públicos os seguintes preceptos:

a) Os artigos 3.3, 8.3, 8.4, 11.1; o capítulo III do título III; a disposición adicional sexta; os números 2 e 3 da disposición adicional sétima; e a disposición adicional novena.

b) Os prazos establecidos nos artigos 17, 18, 19, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47 e na disposición adicional décima.

3. A disposición adicional oitava dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación mercantil, e ao abeiro do artigo 149.1.23.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación básica en materia de protección do ambiente.

O segundo parágrafo do número 3 da disposición adicional oitava ampárase na competencia que o artigo 149.1.8.^a da Constitución outorga ao Estado en materia de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos.

4. A disposición adicional décimo quinta, as disposicións derradeiras segunda, terceira, cuarta e quinta e a disposición transitoria segunda dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.22.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma, e a autorización das instalacións eléctricas cando o seu aproveitamento afecta outra comunidade ou o transporte de enerxía saia do seu ámbito territorial.

Disposición derradeira novena. *Autorización de desenvolvemento.*

1. No ámbito de competencias do Estado e para os procedementos de avaliación ambiental estratéxica e de avaliación de impacto ambiental en que sexa competente a Administración xeral do Estado, o Goberno ditará cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido nesta lei.

2. Así mesmo, autorízase o Goberno para adaptar os anexos ás modificacións que, se for o caso, sexan introducidas pola normativa comunitaria.

3. Tamén se autoriza o Goberno para actualizar o anexo VI naqueles aspectos de carácter técnico ou de natureza conxuntural e cambiante, co fin de adaptalo ao progreso técnico, científico e económico.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira décimo primeira. *Entrada en vigor en relación coa normativa autonómica de desenvolvemento.*

Sen prexuízo da súa aplicación ás avaliacións ambientais competencia da Administración xeral do Estado desde o momento da súa entrada en vigor, para efectos do disposto nas disposicións derogatoria e derradeiras sétima e novena, e da aplicación da presente lei como lexislación básica, as comunidades autónomas que dispoñan de lexislación propia en materia de avaliación ambiental deberán adaptala ao disposto nesta lei no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, momento en que, en calquera caso, serán aplicables os artigos desta lei, salvo os non básicos, a todas as comunidades autónomas. Non obstante, as comunidades autónomas poderán optar por realizar unha remisión en bloque a esta lei, que resultará de aplicación no seu ámbito territorial como lexislación básica e supletoria.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Proxectos sometidos á avaliación ambiental ordinaria regulada no título II, capítulo II, sección 1.^a

Grupo 1. Gandaría.

a) Instalacións destinadas á cría de animais en explotacións gandeiras reguladas polo Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras e que superen as seguintes capacidades:

- 1.º 40.000 prazas para galiñas.
- 2.º 55.000 prazas para polos.
- 3.º 2.000 prazas para porcos de carne.
- 4.º 750 prazas para porcas de cría.

Grupo 2. Industria extractiva.

a) Explotacións e frontes dunha mesma autorización ou concesión a ceo aberto de xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos das seccións A, B, C e D cuxo aproveitamento está regulado pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas e normativa complementaria, cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

1. Explotacións en que a superficie de terreo afectado supere as 25 ha.
2. Explotacións que teñan un movemento total de terras superior a 200.000 metros cúbicos anuais.
3. Explotacións que se realicen por baixo do nivel freático, tomando como nivel de referencia o máis elevado entre as oscilacións anuais, ou que poden supor unha diminución da recarga de acuiferos superficiais ou profundos.
4. Explotacións de depósitos ligados á dinámica actual: fluvial, fluvioglaciaria, litoral ou eólica. Aquel outros depósitos e turbeiras que polo seu contido en flora fósil poidan ter interese científico para a reconstrución palinolóxica e paleoclimática. Extracción de turba, cando a superficie do terreo de extracción supere as 150 ha.
5. Explotacións visibles desde autoestradas, autovías, estradas nacionais e comarcais, espazos naturais protexidos, núcleos urbanos superiores a 1.000 habitantes ou situadas a distancias inferiores a 2 km de tales núcleos.
6. Explotacións de substancias que poidan sufrir alteracións por oxidación, hidratación, etc. e que induzan, en límites superiores aos incluídos nas lexislacións vixentes, a acidez, toxicidade ou outros parámetros en concentracións tales que supoñan risco para a saúde humana ou o ambiente, como as menas con sulfuros, explotacións de combustibles sólidos, explotacións que requiran tratamento por lixiviación *in situ* e minerais radioactivos.
7. Extraccións que, aínda non cumprindo ningunha das condicións anteriores, se sitúen a menos de 5 km dos límites da área que se prevexa afectar cos labores e as instalacións anexas de calquera explotación ou concesión mineira a ceo aberto existente.

b) Minaría subterránea nas explotacións en que se dea algunha das circunstancias seguintes:

- 1.º Que a súa paraxénese poida, por oxidación, hidratación ou disolución, producir augas ácidas ou alcalinas que dean lugar a cambios no pH ou liberen ións metálicos ou non metálicos que supoñan unha alteración do medio natural.
- 2.º Que exploten minerais radioactivos.
- 3.º Aquelas cuxas minas se encontren a menos de 1 km (medido en plano) de distancia de núcleos urbanos e que poidan inducir riscos por subsidencia.

c) Extracción ou almacenamento subterráneo de petróleo e gas natural con fins comerciais cando:

- 1.º A cantidade de produción sexa superior a 500 toneladas por día no caso do petróleo e de 500.000 metros cúbicos por día no caso do gas ou ben
- 2.º se realicen en medio mariño.

d) Os proxectos consistentes na realización de perforacións para a exploración, investigación ou explotación de hidrocarburos, almacenamento de CO₂, almacenamento de gas e xeotermia de media e alta entalpía que requiran a utilización de técnicas de fracturación hidráulica.

Non se inclúen nesta alínea as perforacións de sondaxes de investigación que teñan por obxecto a toma de mostras previas a proxectos de perforación que requiran a utilización de técnicas de fracturación hidráulica.

En todos os números deste grupo inclúense as instalacións e estruturas necesarias para a extracción, tratamento, almacenamento, aproveitamento e transporte do mineral, acumulacións de estériles, balsas, así como as liñas eléctricas, abastecementos de auga e a súa depuración e camiños de acceso novos.

Grupo 3. Industria enerxética.

a) Refinarías de petróleo bruto (coa exclusión das empresas que produzan unicamente lubricantes a partir de petróleo bruto), así como as instalacións de gasificación e de licuefacción de, ao menos, 500 t de carbón ou de lousa bituminosa ao día.

b) Centrais térmicas e outras instalacións de combustión dunha potencia térmica de, ao menos, 300 MW.

c) Centrais nucleares e outros reactores nucleares, incluídos o desmantelamento ou clausura definitiva de tales centrais e reactores (con exclusión das instalacións de investigación para a produción e transformación de materiais fisiónables e fértiles), cuxa potencia máxima non supere 1 kW de carga térmica continua.

d) Instalación de reproceso de combustibles nucleares irradiados.

e) Instalacións deseñadas para:

- 1.º A produción ou enriquecemento de combustible nuclear.
- 2.º O proceso de reutilización de combustible nuclear irradiado ou de residuos de alta radioactividade.
- 3.º O depósito final do combustible nuclear gastado.
- 4.º Exclusivamente o depósito final de residuos radioactivos.
- 5.º Exclusivamente o almacenamento (proxectado para un período superior a dez anos) de combustibles nucleares irradiados ou de residuos radioactivos nun lugar distinto do de produción.

f) Tubaxes cun diámetro de máis de 800 mm e unha lonxitude superior a 40 km para o transporte de:

- 1.º gas, petróleo ou produtos químicos, incluíndo instalacións de compresión,
- 2.º fluxos de dióxido de carbono con fins de almacenamento xeolóxico, incluídas as estacións de bombeo asociadas.

g) Construción de liñas de transmisión de enerxía eléctrica cunha voltaxe igual ou superior a 220 kV e cunha lonxitude superior a 15 km, salvo que discorran integramente en subterráneo por solo urbanizado, así como as súas subestacións asociadas.

h) Instalacións para o almacenamento de petróleo ou produtos petroquímicos ou químicos cunha capacidade de, ao menos, 200.000 t.

i) Instalacións para a utilización da forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) que teñan 50 ou máis aerogeneradores, ou que teñan máis de 30 MW ou que se encontren a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

j) Instalacións para a produción de enerxía eléctrica a partir da enerxía solar destinada á súa venda á rede que non se encontren en cubertas ou tellados de edificios existentes e que ocupen máis de 100 ha de superficie.

Grupo 4. Industria siderúrxica e do mineral. Produción e elaboración de metais.

a) Instalacións para a produción de metais en bruto non ferrosos a partir de minerais, de concentrados ou de materias primas secundarias mediante procesos metalúrxicos, químicos ou electrolíticos.

b) Instalacións integradas para a fundición inicial do ferro coado e do aceiro.

c) Instalacións para a elaboración de metais ferrosos nas cales se realice algunha das seguintes actividades:

1.º Laminación en quente cunha capacidade superior a 20 t de aceiro en bruto por hora.

2.º Forxa con martelos cuxa enerxía de impacto sexa superior a 50 kJ por martelo e cando a potencia térmica utilizada sexa superior a 20 MW.

3.º Aplicación de camadas protectoras de metal fundido cunha capacidade de tratamento de máis de 2 t de aceiro bruto por hora.

d) Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción de máis de 20 t por día.

e) Instalacións para a fundición (incluída a aliaxe) de metais non ferrosos, con excepción de metais preciosos, incluídos os produtos de recuperación (refinación, restos de fundición etc.), cunha capacidade de fusión de máis de 4 t para o chumbo e o cadmio ou 20 t para todos os demais metais, por día.

f) Instalacións para o tratamento da superficie de metais e materiais plásticos por proceso electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ao tratamento empregadas sexa superior a 30 metros cúbicos.

g) Instalacións de calcinación e de sinterización de minerais metálicos con capacidade superior a 5.000 t por ano de mineral procesado.

h) Produción de cemento, cal e óxido de magnesio:

1.º Fabricación de cemento por molturación cunha capacidade de produción superior a 500 t diarias.

2.º Fabricación de clínker en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 500 t diarias ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 t por día.

3.º Produción de cal en fornos cunha capacidade de produción superior a 50 t diarias.

4.º Produción de óxido de magnesio en fornos cunha capacidade de produción superior a 50 t diarias.

i) Instalacións para a fabricación de vidro, incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 t por día.

j) Instalacións para a fundición de substancias minerais, incluída a produción de fibras minerais, cunha capacidade de fundición superior a 20 t por día.

k) Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante enforamento, en particular, tellas, tixolos, tixolos refractarios, azulexos, gres ou porcelana, cunha capacidade de produción superior a 75 t por día e unha capacidade de enforamento de máis de 4 metros cúbicos e máis de 300 kg por metro cúbico de densidade de carga por forno.

Grupo 5. Industria química, petroquímica, téxtil e papeleira.

a) Instalacións para a produción a escala industrial de substancias mediante transformación química ou biolóxica dos produtos ou grupos de produtos seguintes:

- 1.º Produtos químicos orgánicos:
 - i) Hidrocarburos simples (lineares ou cíclicos, saturados ou insaturados, alifáticos ou aromáticos).
 - ii) Hidrocarburos oxixenados, tales como alcois, aldehidos, cetonas, ácidos orgánicos, ésteres e mesturas de ésteres acetatos, éteres, peróxidos, resinas epoxi.
 - iii) Hidrocarburos sulfurados.
 - iv) Hidrocarburos nitroxenados, en particular, aminas, amidas, compostos nitrosos, nítricos ou nitratos, nitrilos, cianatos e isocianatos.
 - v) Hidrocarburos fosforados.
 - vi) Hidrocarburos haloxenados.
 - vii) Compostos orgánicos metálicos.
 - viii) Materias plásticas (polímeros, fibras sintéticas, fibras a base de celulosa).
 - ix) Cauchos sintéticos.
 - x) Corantes e pigmentos.
 - xi) Tensioactivos e axentes de superficie.
 - 2.º Produtos químicos inorgánicos:
 - i) Gases e, en particular, o amoníaco, o cloro ou o cloruro de hidróxeno, o flúor ou fluoruro de hidróxeno, os óxidos de carbono, os compostos de xofre, os óxidos do nitróxeno, o hidróxeno, o dióxido de xofre, o dicloruro de carbonilo.
 - ii) Ácidos e, en particular, o ácido crómico, o ácido fluorhídrico, o ácido fosfórico, o ácido nítrico, o ácido clorhídrico, o ácido sulfúrico, o ácido sulfúrico fumante, os ácidos sulfurados.
 - iii) Bases e, en particular, o hidróxido de amonio, o hidróxido potásico, o hidróxido sódico.
 - iv) Sales como o cloruro de amonio, o clorato potásico, o carbonato potásico (potasa), o carbonato sódico (sosa), os perboratos, o nitrato arxéntico.
 - v) Non metais, óxidos metálicos ou outros compostos inorgánicos como o carburo de calcio, o silicio, o carburo de silicio.
 - 3.º Fertilizantes a base de fósforo, nitróxeno ou potasio (fertilizantes simples ou compostos).
 - 4.º Produtos fitosanitarios e de biocidas.
 - 5.º Produtos farmacéuticos mediante un proceso químico ou biolóxico.
 - 6.º Produtos explosivos.
- b) Instalacións para o tratamento previo (operacións tales como o lavado, o branqueamento, a mercerización) ou para a tinxidura de fibras ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento supere as 10 t diarias.
 - c) As instalacións para o curtume de peles e coiros cando a capacidade de tratamento supere as 12 t de produtos acabados por día.
 - d) Instalacións industriais para:
 - 1.º A produción de pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas similares.
 - 2.º A produción de papel e cartón, cunha capacidade de produción superior a 200 t diarias.
 - e) Instalacións de produción e tratamento de celulosa cunha capacidade de produción superior a 20 t diarias.
- Grupo 6. Proxectos de infraestruturas.
- a) Estradas:
 - 1.º Construción de autoestradas e autovías.

2.º Construción dunha nova estrada de catro carrís ou máis ou realifación e/ou alarga dunha estrada existente de dous carrís ou menos con obxecto de conseguir catro carrís ou máis, cando tal nova estrada ou o tramo de estrada realifado e/ou alargado alcance ou supere os 10 km nunha lonxitude continua.

b) Ferrocarrís:

1.º Construción de liñas de ferrocarril para tráfico de longo percorrido.

2.º Ampliación do número de vías dunha liña de ferrocarril existente nunha lonxitude continuada de máis de 10 km.

c) Construción de aeródromos clasificados como aeroportos, segundo a definición do artigo 39 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, con pistas de engalaxe e aterraxe dunha lonxitude igual ou superior a 2.100 metros.

d) Construción de portos comerciais, pesqueiros ou deportivos que admitan barcos de arqueo superior a 1.350 t.

e) Peiraos para carga e descarga conectados á terra e portos exteriores (con exclusión dos peiraos para transbordadores) que admitan barcos de arqueo superior a 1.350 t, excepto que se sitúen en zona I, de acordo coa delimitación dos espazos e usos portuarios regulados no artigo 69, alínea a) do texto refundido da Lei de oortos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro.

f) Construción de vías navegables, reguladas na Decisión n.º 661/2010/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2010, sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede transeuropea de transporte, e portos de navegación interior que permitan o paso de barcos de arqueo superior a 1.350 t.

Grupo 7. Proxectos de enxeñaría hidráulica e de xestión da auga.

a) Presas e outras instalacións destinadas a reter a auga ou almacenala permanentemente cando o volume novo ou adicional de auga almacenada sexa superior a 10 hectómetros cúbicos.

b) Proxectos para a extracción de augas subterráneas ou a recarga artificial de acuíferos, se o volume anual de auga extraída ou introducida é igual ou superior a 10 hectómetros cúbicos.

c) Proxectos para o transvasamento de recursos hídricos entre bacías fluviais, excluídos os transvasamentos de auga de consumo humano por tubaxe, en calquera dos seguintes casos:

1.º Que o transvasamento teña por obxecto evitar a posible escaseza de auga e o volume de auga transvasada sexa superior a 100 hectómetros cúbicos ao ano.

2.º Que o fluxo medio plurianual da bacía da extracción supere os 2.000 hectómetros cúbicos ao ano e o volume de auga transvasada supere o 5 % do citado fluxo.

d) Estacións de tratamento de augas residuais cuxa capacidade sexa superior a 150.000 habitantes-equivalentes.

Grupo 8. Proxectos de tratamento e xestión de residuos.

a) Instalacións de incineración de residuos perigosos definidos no artigo 3.e) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, así como as de eliminación deses residuos mediante depósito en vertedoiro, depósito de seguranza ou tratamento químico (como se define na epígrafe D9 do anexo I da Lei 22/2011).

b) Instalacións de incineración de residuos non perigosos ou de eliminación deses residuos mediante tratamento fisicoquímico (como se define na epígrafe D9 do anexo I da Lei 22/2011), cunha capacidade superior a 100 t diarias.

c) Vertedoiros de residuos non perigosos que reciban máis de 10 t por día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 t, excluídos os vertedoiros de residuos inertes.

Grupo 9. Outros proxectos.

a) Os seguintes proxectos cando se desenvolvan en espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais, segundo a regulación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade:

1.º Instalacións de vertedoiros de residuos non perigosos non incluídos no grupo 8 deste anexo I, así como de residuos inertes ou materiais de extracción de orixe fluvial, terrestre ou mariña que ocupen máis de 1 ha desuperficie.

2.º Proxectos para destinar áreas incultas ou áreas seminaturais á explotación agrícola ou aproveitamento forestal madeireiro que impliquen a ocupación dunha superficie maior de 10 ha.

3.º Proxectos de transformación en regadío ou de enxugamento de terreos, cando afecten unha superficie maior de 10 ha.

4.º Dragaxes fluviais cando o volume extraído sexa superior a 20.000 metros cúbicos anuais e dragaxes mariñas cando o volume extraído sexa superior a 20.000 metros cúbicos anuais.

5.º Tubaxes para o transporte de produtos químicos e para o transporte de gas e petróleo, cun diámetro de máis de 800 mm e unha lonxitude superior a 10 km nos espazos a que se refire a alínea a), e tubaxes para o transporte de fluxos de dióxido de carbono con fins de almacenamento xeolóxico, incluídas as estacións de bombeo asociadas.

6.º Liñas para a transmisión de enerxía eléctrica cuxo trazado afecte os espazos naturais considerados neste artigo cunha lonxitude superior a 3 km, excluídas as que atravesen zonas urbanizadas.

7.º Parques eólicos que teñan máis de 10 aeroxeradores ou 6 MW de potencia.

8.º Instalacións para a produción de enerxía hidroeléctrica.

9.º Construción de aeroportos, segundo a definición do artigo 39 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, con pistas de engalaxe e aterraxe dunha lonxitude inferior a 2.100 metros.

10.º Proxectos que requiran a urbanización do solo para polígonos industriais ou usos residenciais que ocupen máis de 5 ha; construción de centros comerciais e aparcadoiros fóra de solo urbanizable e que en superficie ocupen máis de 1 ha; instalacións hoteleiras en solo non urbanizable.

11.º Pistas de esquí, remontes e teleféricos e construcións asociadas.

12.º Parques temáticos.

13.º Instalacións de conducción de auga a longa distancia cun diámetro de máis de 800 mm e unha lonxitude superior a 10 km.

14.º Concentracións parcelarias que provoquen cambio de uso do solo cando supoña unha alteración substancial da cobertura vexetal.

15.º Explotacións e frontes dunha mesma autorización ou concesión a ceo aberto de xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos das seccións A, B, C e D cuxo aproveitamento está regulado pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e normativa complementaria.

16.º Construción de autoestradas, autovías e autoestradas convencionais de novo trazado.

17.º Extracción ou almacenamento subterráneo de petróleo e gas natural.

18.º Instalacións para a produción de enerxía eléctrica a partir da enerxía solar destinada á súa venda á rede que non se coloquen en cubertas ou tellados de edificios existentes e que ocupen unha superficie de máis de 10 ha.

b) Calquera proxecto que supoña un cambio de uso do solo nunha superficie igual ou superior a 100 ha.

c) Lugares de almacenamento de conformidade coa Lei 40/2010, do 29 de decembro, de almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.

d) Instalacións para a captura de fluxos de CO₂ con fins de almacenamento xeolóxico, de conformidade coa Lei 40/2010, do 29 de decembro, de almacenamento

xeolóxico de dióxido de carbono, procedente de instalacións incluídas neste anexo, ou cando a captura total anual de CO₂ sexa igual ou superior a 1,5 Mt.

ANEXO II

Proxectos sometidos á avaliación ambiental simplificada regulada no título II, capítulo II, sección 2.^a

Grupo 1. Agricultura, silvicultura, acuicultura e gandería.

a) Proxectos de concentración parcelaria que non estean incluídos no anexo I cando afecten unha superficie maior de 100 ha.

b) Forestacións segundo a definición do artigo 6.g) da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, que afecten unha superficie superior a 50 ha e cortas de masas forestais co propósito de cambiar a outro tipo de uso do solo.

c) Proxectos de xestión de recursos hídricos para a agricultura:

1.º Proxectos de consolidación e mellora de regadíos nunha superficie superior a 100 ha (proxectos non incluídos no anexo I).

2.º Proxectos de transformación en regadío ou de enxugamento de terreos, cando afecten unha superficie superior a 10 ha.

d) Proxectos para destinar áreas naturais, seminaturais ou incultas á explotación agrícola, que non estean incluídos no anexo I, cuxa superficie sexa superior a 10 ha.

e) Instalacións para a acuicultura intensiva que teña unha capacidade de produción superior a 500 t ao ano.

f) Instalacións destinadas á cría de animais en explotacións gandeiras reguladas polo Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, e que superen as seguintes capacidades:

1.º 2.000 prazas para gando ovino e caprino.

2.º 300 prazas para gando vacún de leite.

3.º 600 prazas para vacún de carne.

4.º 20.000 prazas para coellos.

Grupo 2. Industrias de produtos alimenticios.

a) Instalacións industriais para a elaboración de graxas e aceites vexetais e animais, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

1.º Que estea situada fóra de polígonos industriais.

2.º Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.

3.º Que ocupe unha superficie de, ao menos, 1 ha.

b) Instalacións industriais para o envasamento e enlatamento de produtos animais e vexetais cuxa materia prima sexa animal, exceptuado o leite, e teñan unha capacidade de produción superior a 75 t por día de produtos acabados (valores medios trimestrais), e instalacións cuxa materia prima sexa vexetal e teñan unha capacidade de produción superior a 300 t por día de produtos acabados (valores medios trimestrais); ou ben se empregue tanto materia prima animal como vexetal e teña unha capacidade de produción superior a 75 t por día de produtos acabados (valores medios trimestrais).

c) Instalacións industriais para fabricación de produtos lácteos, sempre que a instalación reciba unha cantidade de leite superior a 200 t por día (valor medio anual).

d) Instalacións industriais para a fabricación de cervexa e malte, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

1.º Que estea situada fóra de polígonos industriais.

- 2.º Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.
 - 3.º Que ocupe unha superficie de, ao menos, 1 ha.
- e) Instalacións industriais para a elaboración de confeituras e almibres, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:
- 1.º Que estea situada fóra de polígonos industriais.
 - 2.º Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.
 - 3.º Que ocupe unha superficie de, ao menos, 1 ha.
- f) Instalacións para o sacrificio, despezamento ou desmancha de animais cunha capacidade de produción de canais superior a 50 t por día.
- g) Instalacións industriais para a fabricación de féculas, sempre que se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:
- 1.º Que estea situada fóra de polígonos industriais.
 - 2.º Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.
 - 3.º Que ocupe unha superficie de, ao menos, 1 ha.
- h) Instalacións industriais para a fabricación de fariña de peixe e aceite de peixe, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:
- 1.º Que estea situada fóra de polígonos industriais.
 - 2.º Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.
 - 3.º Que ocupe unha superficie de, ao menos, 1 ha.
- i) Azucreiras cunha capacidade de tratamento de materia prima superior ás 300 t diarias.
- Grupo 3. Perforacións, dragaxes e outras instalacións mineiras e industriais.
- a) Perforacións profundas, con excepción das perforacións para investigar a estabilidade ou a estratigrafía dos solos e subsolo, en particular:
- 1.º Perforacións xeotérmicas de máis de 500 metros.
 - 2.º Perforacións para o almacenamento de residuos nucleares.
 - 3.º Perforacións de máis de 120 metros para o abastecemento de auga.
 - 4.º Perforacións petrolíferas ou gasísticas de exploración ou investigación.
- b) Instalacións no exterior e no interior para a gasificación do carbón e lousas bituminosas non incluídas no anexo I.
- c) Exploración mediante sísmica mariña.
- d) Extracción de materiais mediante dragaxes mariñas excepto cando o obxecto do proxecto sexa manter as condicións hidrodinámicas ou de navegabilidade.
- e) Dragaxes fluviais (non incluídas no anexo I) e en esteiros, cando o volume do produto extraído sexa superior a 100.000 metros cúbicos anuais.
- f) Instalacións para a captura de fluxos de CO₂ con fins de almacenamento xeolóxico, de conformidade coa Lei 40/2010, do 29 de decembro, de almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono, procedente de instalacións non incluídas no anexo I.
- g) Explotacións de áreas (non incluídas no anexo I) que se achen en:
- 1.º terreo de dominio público hidráulico para extraccións superiores a 20.000 metros cúbicos anuais ou
 - 2.º zona de policía de leitos fluviais e a súa superficie sexa maior de 5 ha.
- h) Explotacións a ceo aberto e extracción de turba (proxectos non incluídos no anexo I).
- i) Instalacións industriais no exterior para a extracción de carbón, petróleo, gas natural, minerais e lousas bituminosas (proxectos non incluídos no anexo I).

Grupo 4. Industria enerxética.

a) Instalacións industriais para:

1.º A produción de electricidade, vapor e auga quente (proxectos non incluídos no anexo I) con potencia instalada igual ou superior a 100 MW.

b) Construción de liñas para a transmisión de enerxía eléctrica (proxectos non incluídos no anexo I) cunha voltaxe igual ou superior a 15 kV, que teñan unha lonxitude superior a 3 km, salvo que discorran integramente en subterráneo por solo urbanizado, así como as súas subestacións asociadas.

c) Fabricación industrial de briquetas de hulla e de lignito.

d) Instalacións para a produción de enerxía hidroeléctrica.

e) Instalacións para o transporte de vapor e auga quente, de oleodutos e gasodutos, excepto no solo urbano, que teñan unha lonxitude superior a 10 km e tubaxes para o transporte de fluxos de CO₂ con fins de almacenamento xeolóxico (proxectos non incluídos no anexo I).

f) Instalacións para o procesamento e almacenamento de residuos radioactivos (que non estean incluídas no anexo I).

g) Instalacións para a utilización da forza do vento para a produción de enerxía. (parques eólicos) non incluídas no anexo I, salvo as destinadas a autoconsumo que non excedan os 100 kW de potencia total.

h) Instalacións para a produción de enerxía en medio mariño.

i) Instalacións para a produción de enerxía eléctrica a partir da enerxía solar, destinada á súa venda á rede, non incluídas no anexo I nin instaladas sobre cubertas ou tellados de edificios ou en solos urbanos e que ocupen unha superficie maior de 10 ha.

j) Almacenamento de gas natural sobre o terreo. Tanques con capacidade unitaria superior a 200 t.

k) Almacenamento subterráneo de gases combustibles.

l) Almacenamento sobre o terreo de combustibles fósiles non incluídos no anexo I.

m) Instalacións para a produción de lingotes de ferro ou de aceiro (fusión primaria ou secundaria), incluídas as instalacións de fundición continua cunha capacidade de máis de 2,5 t por hora.

Grupo 5. Industria siderúrxica e do mineral. Produción e elaboración de metais.

a) Fornos de coque (destilación seca do carbón).

b) Instalacións para a fabricación de fibras minerais artificiais.

c) Estaleiros.

d) Instalacións para a construción e reparación de aeronaves.

e) Instalacións para a fabricación de material ferroviario.

f) Instalacións para a fabricación e montaxe de vehículos de motor e fabricación de motores para vehículos.

g) Embudadura de fondo mediante explosivos ou expansores do terreo.

Grupo 6. Industria química, petroquímica, téxtil e papeleira.

a) Instalacións industriais de tratamento de produtos intermedios e produción de produtos químicos.

b) Instalacións industriais para a produción de pesticidas e produtos farmacéuticos, pinturas e vernices, elastómeros e peróxidos.

c) Instalacións industriais de almacenamento de produtos petrolíferos, petroquímicos e químicos con máis de 100 metros cúbicos de capacidade (proxectos non incluídos no anexo I).

d) Instalacións industriais para a fabricación e tratamento de produtos a base de elastómeros.

e) Instalacións industriais para a produción de papel e cartón (proxectos non incluídos no anexo I).

Grupo 7. Proxectos de infraestruturas.

- a) Proxectos de urbanizacións de polígonos industriais.
- b) Proxectos situados fóra de áreas urbanizadas de urbanizacións, incluída a construción de centros comerciais e aparcadoiros e que en superficie ocupen máis de 1 ha.
- c) Construción de vías ferroviarias e de instalacións de transbordo intermodal e de terminais intermodais de mercadorías (proxectos non incluídos no anexo I).
- d) Construción de aeródromos, segundo a definición establecida no artigo 39 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea (non incluídos no anexo I), así como calquera modificación nas instalacións ou operación dos aeródromos que figuran no anexo I ou no anexo II que poida ter efectos significativos para o ambiente, de conformidade co establecido no artigo 7.2.c) desta lei.

Quedan exceptuados os aeródromos destinados exclusivamente a:

- 1.º uso sanitario e de emerxencia, ou
- 2.º prevención e extinción de incendios, sempre que non se encontren en espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais, segundo a regulación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.
- e) Obras de alimentación artificial de praias cuxo volume de fornecemento de area supere os 500.000 metros cúbicos ou ben que requiran a construción de diques ou espigóns.
- f) Tranvías, metros aéreos e subterráneos, liñas suspendidas ou liñas similares dun determinado tipo que sirvan exclusiva ou principalmente para o transporte de pasaxeiros.
- g) Construción de vías navegables terra dentro (non incluídas no anexo I).
- h) Obras costeiras destinadas a combater a erosión e obras marítimas que poidan alterar a costa, por exemplo, pola construción de quebraondas, diques, espigóns e outras obras de defensa contra o mar, excluídos o mantemento e a reconstrución de tales obras e as obras realizadas na zona de servizo dos portos.
- i) Construción de variantes de poboación e estradas convencionais non incluídas no anexo I.
- j) Modificación do trazado dunha vía de ferrocarril existente nunha lonxitude de máis de 10 km.

Grupo 8. Proxectos de enxeñaría hidráulica e de xestión da auga.

- a) Extracción de augas subterráneas ou recarga de acuíferos (non incluídos no anexo I) cando o volume anual de auga extraída ou introducida sexa superior a 1 hectómetro cúbico e inferior a 10 hectómetros cúbicos anuais.
- b) Proxectos para o transvasamento de recursos hídricos entre bacías fluviais cando o volume de auga transvasada sexa superior a 5 hectómetros cúbicos anuais e que non estean incluídos no anexo I.
Exceptúanse os proxectos para o transvasamento de auga de consumo humano por tubaxe e os proxectos para a reutilización directa de augas depuradas.
- c) Obras de canalización e proxectos de defensa de leitos fluviais e marxes cando a lonxitude total do tramo afectado sexa superior a 5 km. Exceptúanse aquelas actuacións que se executen para evitar o risco en zona urbana.
- d) Instalacións de tratamento de augas residuais cuxa capacidade estea comprendida entre os 10.000 e os 150.000 habitantes-equivalentes.
- e) Instalacións de desalgaadura ou desalobración de auga cun volume novo ou adicional superior a 3.000 metros cúbicos ao día.
- f) Instalacións de condución de auga a longa distancia cun diámetro de máis de 800 mm e unha lonxitude superior a 40 km (proxectos non incluídos no anexo I).

g) Presas e outras instalacións destinadas a reter a auga ou almacenala, sempre que se dea algún dos seguintes supostos:

1.º Grandes presas segundo se definen no Regulamento técnico sobre seguranza de presas e encoros, aprobado por Orde do 12 de marzo de 1996, cando non se encontren incluídas no anexo I.

2.º Outras instalacións destinadas a reter a auga, non incluídas no ordinal anterior, con capacidade de almacenamento, novo ou adicional, superior a 200.000 metros cúbicos.

Grupo 9. Outros proxectos.

a) Pistas permanentes de carreiras e de probas para vehículos motorizados.

b) Instalacións de eliminación ou valorización de residuos non incluídas no anexo I que non se desenvolvan no interior dunha nave en polígono industrial, ou con calquera capacidade se a actividade se realiza no exterior ou fóra de zonas industriais.

c) Instalacións terrestres para a vertedura ou depósito de materiais de extracción de orixe fluvial, terrestre ou mariña non incluídos no anexo I con superficie superior a 1 ha.

d) Instalacións de almacenamento de serralla, de almacenamento de vehículos desbotados e instalacións de desmantelamento e descontaminación de vehículos que non se desenvolvan no interior dunha nave en polígono industrial, ou con calquera capacidade se a actividade se realiza no exterior ou fóra de zonas industriais.

e) Instalacións destinadas á valorización de residuos (incluíndo o almacenamento fóra do lugar de produción) que non se desenvolvan no interior dunha nave en polígono industrial, excluídas as instalacións de residuos non perigosos cuxa capacidade de tratamento non supere as 5.000 t anuais e de almacenamento inferior a 100 t.

f) Instalacións ou bancos de proba de motores, turbinas ou reactores.

g) Instalacións para a recuperación ou destrución de substancias explosivas.

h) Pistas de esquí, remontes, teleféricos e construcións asociadas (proxectos non incluídos no anexo I).

i) Campamentos permanentes para tendas de campaña ou caravanas con capacidade mínima de 500 hóspedes.

j) Parques temáticos (proxectos non incluídos no anexo I).

k) Proxectos para gañar terras ao mar, sempre que supoñan unha superficie superior a cinco hectáreas.

l) Urbanizacións de vacacións e instalacións hoteleiras fóra de solo urbanizado e construcións asociadas.

m) Calquera proxecto que supoña un cambio de uso do solo nunha superficie igual ou superior a 50 ha.

Grupo 10. Os seguintes proxectos que se desenvolvan en espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais, segundo a regulación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

a) Estacións de tratamento de augas residuais cando poidan supor transformacións ecolóxicas negativas para o espazo.

b) Obras de canalización e proxectos de defensa de cursos naturais cando poidan supor transformacións ecolóxicas negativas para o espazo.

c) Calquera proxecto non previsto no presente anexo II que supoña un cambio de uso do solo nunha superficie igual ou superior a 10 ha.

ANEXO III

Criterios mencionados no artigo 47.5 para determinar se un proxecto do anexo II debe someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria

1. Características dos proxectos: as características dos proxectos deberán considerarse, en particular, desde o punto de vista:

- a) Do tamaño do proxecto.
- b) Da acumulación con outros proxectos.
- c) Da utilización de recursos naturais.
- d) Da xeración de residuos.
- e) Da contaminación e outros inconvenientes.
- f) Do risco de accidentes, considerando en particular as substancias e as tecnoloxías utilizadas.

2. Localización dos proxectos: a sensibilidade ambiental das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos deberá considerarse tendo en conta os principios de sustentabilidade, en particular:

- a) O uso existente do solo.
- b) A abundancia relativa, calidade e capacidade rexenerativa dos recursos naturais da área.

c) A capacidade de carga do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

- 1.º Zonas húmidas.
- 2.º Zonas costeiras.
- 3.º Áreas de montaña e de bosque.
- 4.º Reservas naturais e parques.
- 5.º Áreas clasificadas ou protexidas pola lexislación do Estado ou das comunidades autónomas; lugares Rede Natura 2000.
- 6.º Áreas en que se excederon xa os obxectivos de calidade ambiental establecidos na lexislación comunitaria.
- 7.º Áreas de gran densidade demográfica.
- 8.º Paisaxes con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica.
- 9.º Áreas con potencial afección ao patrimonio cultural.

3. Características do potencial impacto: os potenciais efectos significativos dos proxectos deben considerarse en relación cos criterios establecidos nos anteriores números 1 e 2 e tendo presente, en particular:

- a) A extensión do impacto (área xeográfica e tamaño da poboación afectada).
- b) O carácter transfronteirizo do impacto.
- c) A magnitude e complexidade do impacto.
- d) A probabilidade do impacto.
- e) A duración, frecuencia e reversibilidade do impacto.

ANEXO IV

Contido do estudo ambiental estratéxico

A información que deberá conter o estudo ambiental estratéxico previsto no artigo 20 será, como mínimo, a seguinte:

1. Un esbozo do contido, obxectivos principais do plan ou programa e relacións con outros plans e programas pertinentes;

2. Os aspectos relevantes da situación actual do ambiente e a súa probable evolución en caso de non se aplicar o plan ou programa;

3. As características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de maneira significativa e a súa evolución tendo en conta o cambio climático esperado no prazo de vixencia do plan ou programa;

4. Calquera problema ambiental existente que sexa relevante para o plan ou programa, incluíndo en particular os problemas relacionados con calquera zona de especial importancia ambiental, como as zonas designadas de conformidade coa lexislación aplicable sobre espazos naturais e especies protexidas e os espazos protexidos da Rede Natura 2000;

5. Os obxectivos de protección ambiental fixados nos ámbitos internacional, comunitario ou nacional que garden relación co plan ou programa e a maneira en que tales obxectivos e calquera aspecto ambiental se tiveron en conta durante a súa elaboración;

6. Os probables efectos significativos no ambiente, incluídos aspectos como a biodiversidade, a poboación, a saúde humana, a fauna, a flora, a terra, a auga, o aire, os factores climáticos, a súa incidencia no cambio climático –en particular, unha avaliación adecuada da pegada de carbono asociada ao plan ou programa–, os bens materiais, o patrimonio cultural, a paisaxe e a interrelación entre estes factores. Estes efectos deben comprender os efectos secundarios, acumulativos, sinérxicos, a curto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos;

7. As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, compensar calquera efecto negativo importante no ambiente da aplicación do plan ou programa, incluíndo aquelas para mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático e permitir a súa adaptación a el;

8. Un resumo dos motivos da selección das alternativas consideradas e unha descrición da maneira en que se realizou a avaliación, incluídas as dificultades, como deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia que se poidan ter encontrado para reunir a información requirida;

9. Un programa de vixilancia ambiental en que se describan as medidas previstas para o seguimento;

10. Un resumo de carácter non técnico da información facilitada en virtude das epígrafes precedentes.

ANEXO V

Criteria mencionados no artigo 31 para determinar se un plan ou programa debe someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria

1. As características dos plans e programas, considerando en particular:

a) A medida en que o plan ou programa establece un marco para proxectos e outras actividades, ben en relación coa localización, natureza, dimensións e condicións de funcionamento ou ben en relación coa asignación de recursos.

b) A medida en que o plan ou programa inflúe noutros plans ou programas, incluídos os que estean xerarquizados.

c) A pertinencia do plan ou programa para a integración de consideracións ambientais, co obxecto, en particular, de promover o desenvolvemento sustentable.

d) Problemas ambientais significativos relacionados co plan ou programa.

e) A pertinencia do plan ou programa para a implantación da lexislación comunitaria ou nacional en materia de ambiente como, entre outros, os plans ou programas relacionados coa xestión de residuos ou a protección dos recursos hídricos.

2. As características dos efectos e da área probablemente afectada, considerando en particular:

a) A probabilidade, duración, frecuencia e reversibilidade dos efectos.

- b) O carácter acumulativo dos efectos.
- c) O carácter transfronteirizo dos efectos.
- d) Os riscos para a saúde humana ou o ambiente (debidos, por exemplo, a accidentes).
- e) A magnitude e o alcance espacial dos efectos (área xeográfica e tamaño da poboación que poidan verse afectadas).
- f) O valor e a vulnerabilidade da área probablemente afectada debido:
 - 1.º Ás características naturais especiais.
 - 2.º Aos efectos no patrimonio cultural.
 - 3.º Á superación de valores límite ou de obxectivos de calidade ambiental.
 - 4.º Á explotación intensiva do solo.
 - 5.º Aos efectos en áreas ou paisaxes con rango de protección recoñecido nos ámbitos nacional, comunitario ou internacional.

ANEXO VI

Estudo de impacto ambiental e criterios técnicos

1. Contido. O estudo de impacto ambiental a que se refire o artigo 35 deberá incluír, ao menos, os seguintes datos:
 - a) Obxecto e descrición do proxecto e as súas accións, nas fases de execución, explotación e desmantelamento.
 - b) Exame de alternativas do proxecto que resulten ambientalmente máis adecuadas, de conformidade co disposto no artigo 1, que sexan tecnicamente viables e xustificación da solución adoptada.
 - c) Inventario ambiental e descrición dos procesos e interaccións ecolóxicos ou ambientais claves.
 - d) Identificación e valoración de impactos, tanto na solución proposta como nas súas alternativas.
 - e) Se for o caso, avaliación das repercusións do proxecto na Rede Natura 2000, de conformidade co establecido no artigo 35.
 - f) Establecemento de medidas preventivas, correctoras e compensatorias para reducir, eliminar ou compensar os efectos ambientais significativos.
 - g) Programa de vixilancia e seguimento ambiental.
 - h) Documento de síntese.
2. Descrición do proxecto definido no artigo 5.3.b), que incluírá:
 - a) Localización.
 - b) Relación de todas as accións inherentes á actuación de que se trate, mediante un exame detallado tanto da fase da súa realización como do seu funcionamento.
 - c) Descrición dos materiais que se van utilizar, solo que se vai ocupar e outros recursos naturais cuxa eliminación ou afectación se considere necesaria para a execución do proxecto.
 - d) Descrición, se for o caso, dos tipos, cantidades e composición dos residuos, verteduras, emisións ou calquera outro elemento derivado da actuación, como a perigosidade sísmica natural ou a perigosidade sísmica inducida polo proxecto, tanto de tipo temporal durante a realización da obra como permanente cando xa estea realizada e en operación, en especial, rúidos, vibracións, cheiros, emisións luminosas, emisións de partículas, etc.
 - e) Un exame multicriterio das distintas alternativas que resulten ambientalmente máis adecuadas, incluída a «alternativa cero» ou de non actuación, e que sexan tecnicamente viables, e unha xustificación da solución proposta que terá en conta diversos criterios económicos e funcionais, entre os cales estará o ambiental. A selección da mellor alternativa deberá estar soportada por unha análise global multicriterio onde se

teñan en conta non soamente aspectos económicos senón tamén os de carácter social e ambiental.

f) Unha descrición das exixencias previsibles no tempo verbo da utilización do solo e outros recursos naturais, para cada alternativa examinada.

3. Inventario ambiental, que comprenderá ao menos:

a) Estudo do estado do lugar e das súas condicións ambientais antes da realización das obras, así como dos tipos existentes de ocupación do solo e aproveitamentos doutros recursos naturais, tendo en conta as actividades preexistentes.

b) Identificación, censo, inventario, cuantificación e, se for o caso, cartografía, de todos os aspectos ambientais mencionados no artigo 35 que poidan ser afectados pola actuación proxectada, incluída a paisaxe nos termos do Convenio europeo da paisaxe.

c) Descrición das interaccións ecolóxicas clave e a súa xustificación.

d) Delimitación e descrición cartografada do territorio afectado polo proxecto para cada un dos aspectos ambientais definidos.

e) Estudo comparativo da situación ambiental actual, coa actuación derivada do proxecto obxecto da avaliación, para cada alternativa examinada.

f) As descricións e estudos anteriores faranse de forma sucinta na medida en que foren precisas para a comprensión dos posibles efectos do proxecto sobre o ambiente.

4. Identificación, cuantificación e valoración de impactos.

Incluirase a identificación, a cuantificación e a valoración dos efectos significativos previsibles das actividades proxectadas sobre os aspectos ambientais indicados no número anterior para cada alternativa examinada.

Se for o caso, incluíranse as modelizacións necesarias para completar o inventario ambiental e identificar e valorar os impactos do proxecto.

Necesariamente, a identificación dos impactos ambientais procederá do estudo das interaccións entre as accións derivadas do proxecto e as características específicas dos aspectos ambientais afectados en cada caso concreto, incluída a paisaxe nos termos do Convenio europeo da paisaxe.

Distinguiranse os efectos positivos dos negativos; os temporais dos permanentes; os simples dos acumulativos e sinérxicos; os directos dos indirectos; os reversibles dos irreversibles; os recuperables dos irrecuperables; os periódicos dos de aparición irregular; os continuos dos descontínuos.

Indicarase os impactos ambientais compatibles, moderados, severos e críticos que se prevexan como consecuencia da execución do proxecto.

A cuantificación dos efectos significativos dun plan, programa ou proxecto sobre o ambiente consistirá na identificación e descrición, mediante datos mensurables, das variacións previstas dos hábitats e das especies afectadas como consecuencia do desenvolvemento do plan ou programa ou pola execución do proxecto.

Mediranse, en particular, as variacións previstas:

Na superficie do hábitat ou tamaño da poboación afectada directa ou indirectamente a través das cadeas tróficas ou dos vectores ambientais, en concreto, fluxos de auga, residuos, enerxía ou atmosféricos; solo, ribeira do mar e das rías. Para isto utilizaranse unidades biofísicas do hábitat ou especie afectadas.

Na intensidade do impacto con indicadores cuantitativos e cualitativos. En caso de non encontrar un indicador adecuado para o efecto, poderá deseñarse unha escala que represente en termos de porcentaxe as variacións de calidade experimentadas polos hábitats e especies afectados.

Na duración, a frecuencia e a reversibilidade dos efectos que o impacto ocasionará sobre o hábitat e especies.

Na abundancia ou número de individuos, a súa densidade ou a extensión da súa zona de presenza.

Na diversidade ecolóxica medida, ao menos, como número de especies ou como descrición da súa abundancia relativa.

Na rareza da especie ou do hábitat (avaliada no plano local, rexional e superior, incluído o plano comunitario), así como o seu grao de ameaza.

Na variación e cambios que vaian experimentar, entre outros, os seguintes parámetros do hábitat e especie afectados:

- O estado de conservación.
- O estado ecolóxico cuantitativo.
- A integridade física.
- A estrutura e función.

A valoración destes efectos realizarase, sempre que sexa posible, a partir da cuantificación, e para isto empregaranse os métodos contidos en normas ou estudos técnicos que sexan de aplicación. A Administración, a través da súa sede electrónica, porá ao dispor dos promotores os documentos necesarios para identificar, cuantificar e valorar os impactos.

Xerarquizaranse os impactos ambientais identificados e valorados, para coñecer a súa importancia relativa.

5. Cuantificación e avaliación das repercusións do proxecto na Rede Natura 2000.

No caso de espazos da Rede Natura 2000 cuantificaranse singularmente as variacións nos elementos esenciais dos hábitats e especies que motivaron a súa designación:

Estrutura e función dos compoñentes do sistema ecolóxico e identificación dos procesos ecolóxicos esenciais do lugar.

Área, representatividade e estado de conservación dos hábitats prioritarios e non prioritarios do lugar.

Tamaño da poboación, grao de illamento, ecotipos ou poboacións localmente adaptadas, grupo xenético, estrutura de idades e estado de conservación das especies presentes no lugar en cuestión.

Importancia relativa do lugar na rexión bioxeográfica e na coherencia da Rede Natura 2000.

Outros elementos e funcións ecolóxicas identificadas no lugar.

6. Proposta de medidas preventivas, correctoras e compensatorias.

Indicaranse as medidas previstas para evitar, reducir, eliminar ou compensar os efectos ambientais negativos significativos das distintas alternativas do proxecto. Con este fin:

Descríbiranse as medidas adecuadas para previr, atenuar ou suprimir os efectos ambientais negativos da actividade, tanto no referente ao seu deseño e localización, como canto aos procedementos de anticontaminación, depuración e dispositivos xenéricos de protección do ambiente.

Na falta das anteriores medidas, aqueloutras dirixidas a compensar os ditos efectos, a ser posible con accións de restauración ou da mesma natureza e efecto contrario ao da acción emprendida.

O orzamento do proxecto incluírá estas medidas co mesmo nivel de detalle que o resto do proxecto, nun número específico, que se incorporará ao estudo de impacto ambiental.

7. Programa de vixilancia e seguimento ambiental.

O programa de vixilancia ambiental establecerá un sistema que garanta o cumprimento das indicacións e medidas preventivas, correctoras e compensatorias

contidas no estudo de impacto ambiental tanto na fase de execución como na de explotación. Este programa atenderá á vixilancia durante a fase de obras e ao seguimento durante a fase de explotación do proxecto. Os obxectivos perseguidos son os seguintes:

- a) Vixilancia ambiental durante a fase de obras:
 - Detectar e corrixir desviacións, con relevancia ambiental, respecto ao previsto no proxecto de construción.
 - Supervisar a correcta execución das medidas ambientais.
 - Determinar a necesidade de suprimir, modificar ou introducir novas medidas.
 - Seguimento da evolución dos elementos ambientais relevantes.
 - Alimentar futuros estudos de impacto ambiental.
- b) Seguimento ambiental durante a fase de explotación. O estudo de impacto ambiental xustificará a extensión temporal desta fase considerando a relevancia ambiental dos efectos adversos previstos.
 - Verificar a correcta evolución das medidas aplicadas na fase de obras.
 - Seguimento da resposta e evolución ambiental do contorno á implantación da actividade.
 - Alimentar futuros estudos de impacto ambiental.

O orzamento do proxecto incluírá a vixilancia e seguimento ambiental, en fase de obras e fase de explotación, en número específico, o cal se incorporará ao estudo de impacto ambiental. 6. Documento de síntese, que comprenderá en forma sumaria:

- a) As conclusións relativas á viabilidade das actuacións propostas.
- b) As conclusións relativas á análise e avaliación das distintas alternativas.
- c) A proposta de medidas preventivas correctoras compensatorias e o programa de vixilancia tanto na fase de execución da actividade proxectada como na do seu funcionamento e, se for o caso, desmantelamento.

O documento de síntese non debe exceder vinte e cinco páxinas e redactarse en termos alcanzables á comprensión xeral.

Indicaranse, así mesmo, as dificultades informativas ou técnicas encontradas na realización do estudo con especificación da orixe e causa de tales dificultades.

8. Conceptos técnicos.

- a) Efecto significativo: aquel en que se manifesta como unha modificación do ambiente, dos recursos naturais ou dos seus procesos fundamentais de funcionamento, que produza ou poida producir no futuro repercusións apreciables neles.
- b) Efecto positivo: aquel admitido como tal, tanto pola comunidade técnica e científica como pola poboación en xeral, no contexto dunha análise completa dos custos e beneficios xenéricos e das externalidades da actuación considerada.
- c) Efecto negativo: aquel que se traduce en perda de valor naturalístico, estético-cultural, paisaxístico, de produtividade ecolóxica ou en aumento dos prexuízos derivados da contaminación, da erosión ou do entullamento e demais riscos ambientais en discordancia coa estrutura ecolóxico-xeográfica, o carácter e a personalidade dunha localidade determinada.
- d) Efecto directo: aquel que ten unha incidencia inmediata nalgún aspecto ambiental.
- e) Efecto indirecto: aquel que supón incidencia inmediata respecto á interdependencia ou, en xeral, respecto á relación dun sector ambiental con outro.
- f) Efecto simple: aquel que se manifesta sobre un único compoñente ambiental ou cuxo modo de acción é individualizado, sen consecuencias na indución de novos efectos, nin na da súa acumulación nin na da súa sinerxía.
- g) Efecto acumulativo: aquel que ao prolongarse no tempo a acción do axente indutor incrementa progresivamente a súa gravidade, ao carecerse de mecanismos de

eliminación con efectividade temporal similar á do incremento do axente causante do dano.

h) Efecto sinérxico: aquel que se produce cando o efecto conxunto da presenza simultánea de varios axentes supón unha incidencia ambiental maior que o efecto suma das incidencias individuais consideradas illadamente.

Así mesmo, inclúese neste tipo aquel efecto cuxo modo de acción induce no tempo a aparición doutros novos.

i) Efecto permanente: aquel que supón unha alteración indefinida no tempo de factores de acción predominante na estrutura ou na función dos sistemas de relacións ecolóxicas ou ambientais presentes no lugar.

j) Efecto temporal: aquel que supón alteración non permanente no tempo, cun prazo temporal de manifestación que pode estimarse ou determinarse.

k) Efecto reversible: aquel en que a alteración que supón pode ser asimilada polo contorno de forma medible, a medio prazo, debido ao funcionamento dos procesos naturais da sucesión ecolóxica e dos mecanismos de autodepuración do medio.

l) Efecto irreversible: aquel que supón a imposibilidade, ou a «dificultade extrema», de retornar á situación anterior á acción que o produce.

m) Efecto recuperable: aquel en que a alteración que supón pode eliminarse, ben pola acción natural ben pola acción humana, e, así mesmo, aquel en que a alteración que supón pode ser substituíble.

n) Efecto irrecuperable: aquel en que a alteración ou perda que supón é imposible de reparar ou restaurar, tanto pola acción natural como pola humana.

o) Efecto periódico: aquel que se manifesta cun modo de acción intermitente e continua no tempo.

p) Efecto de aparición irregular: aquel que se manifesta de forma imprevisible no tempo e cuxas alteracións é preciso avaliar en función dunha probabilidade de ocorrencia, sobre todo naquelas circunstancias non periódicas nin continuas pero de gravidade excepcional.

q) Efecto continuo: aquel que se manifesta cunha alteración constante no tempo, acumulada ou non.

r) Efecto descontínuo: aquel que se manifesta a través de alteracións irregulares ou intermitentes na súa permanencia.

s) Impacto ambiental compatible: aquel cuxa recuperación é inmediata tras o cesamento da actividade e non precisa medidas preventivas ou correctoras.

t) Impacto ambiental moderado: aquel cuxa recuperación non precisa medidas preventivas ou correctoras intensivas e no cal a consecución das condicións ambientais iniciais require certo tempo.

u) Impacto ambiental severo: aquel en que a recuperación das condicións do medio exige medidas preventivas ou correctoras e no cal, aínda con esas medidas, aquela recuperación precisa un período de tempo dilatado.

v) Impacto ambiental crítico: aquel cuxa magnitude é superior ao limiar aceptable. Con el prodúcese unha perda permanente da calidade das condicións ambientais, sen posible recuperación, mesmo coa adopción de medidas protectoras ou correctoras.

x) Impacto residual: perdas ou alteracións dos valores naturais cuantificadas en número, superficie, calidade, estrutura e función, que non poden ser evitadas nin reparadas unha vez aplicadas *in situ* todas as posibles medidas de prevención e corrección.

y) Perigosidade sísmica: probabilidade de que o valor dun certo parámetro que mide o movemento do chan (intensidade, aceleración, etc.) sexa superado nun determinado período de tempo.

9. Especificacións relativas ás obras, instalacións ou actividades comprendidas nos anexos I e II:

a) Refinarías de petróleo bruto (coa exclusión das empresas que produzan unicamente lubricantes a partir de petróleo bruto), así como as instalacións de gasificación e de licuefacción de, ao menos, 500 toneladas de carbón de xistos bituminosos ao día.

b) Centrais térmicas e outras instalacións de combustión con potencia térmica de, ao menos, 300 MW, así como centrais nucleares e outros reactores nucleares (con exclusión das instalacións de investigación para a produción e transformación de materias fisionables e fértiles nas cales a potencia máxima non pase de 1 KW de duración permanente térmica).

As centrais nucleares e outros reactores nucleares deixan de considerarse como tales instalacións cando a totalidade do combustible nuclear e dos outros elementos radioactivamente contaminados fose retirada de modo definitivo do lugar da instalación.

c) Instalacións destinadas exclusivamente ao almacenamento permanente ou a eliminar definitivamente residuos radioactivos: para os efectos da presente lei entenderase por almacenamento permanente de residuos radioactivos, calquera que for a súa duración temporal, aquel que estea especificamente concibido para esta actividade e que se ache fóra do ámbito da instalación nuclear ou radioactiva que produce eses residuos.

d) Instalacións siderúrxicas integrais.

e) Instalacións químicas integradas: para os efectos da presente lei, entenderase a integración como a daquelas empresas que comezan na materia prima bruta ou en produtos químicos intermedios e o seu produto final é calquera produto químico susceptible de utilización posterior comercial ou de integración nun novo proceso de elaboración.

Cando a instalación química-integrada pretenda situarse nunha localización determinada en que non haxa un conxunto de instalacións químicas preexistente, quedará suxeita á presente lei, sexa cal for o produto químico obxecto da súa fabricación.

Cando a instalación química-integrada pretenda situarse nunha localización determinada en que xa exista un conxunto de instalacións químicas, quedará suxeita á presente lei se o produto ou produtos químicos que pretenda fabricar están clasificados como tóxicos ou perigosos, segundo a regulación que para tal efecto recolle o Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH), polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos.

f) Construción de autoestradas, autovías, estradas convencionais e variantes de poboación. Para os efectos desta lei, estes tipos de estradas son os definidos na Lei de estradas.

g) Aeroportos con pistas de engalaxe e aterraxe dunha lonxitude maior ou igual a 2.100 metros e aeroportos de uso particular: para os efectos desta lei entenderase por aeroporto a definición contida na Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, e no Convenio de Chicago de 1944, relativo á creación da Organización da Aviación Civil Internacional (anexo 14). Neste senso, enténdese por aeroporto a área definida de terra ou auga (que inclúe todas as súas edificacións, instalacións e equipamentos) destinada total ou parcialmente á chegada, saída e movemento en superficie de aeronaves.

h) Portos comerciais, vías navegables e portos de navegación interior que permitan o acceso a barcos superiores a 1.350 toneladas e portos deportivos.

En relación ás vías navegables e portos de navegación interior que permitan o acceso a barcos superiores a 1.350 toneladas, entenderase que permiten o acceso a barcos superiores a 1.350 toneladas de arqueo.

i) Instalacións de eliminación de residuos perigosos por incineración, tratamento químico ou almacenamento en terra: para os efectos da presente lei, entenderase tratamento químico, referido a tratamento fisicoquímico, e por almacenamento en terra, entenderase depósito de seguranza en terra.

As accións de que poida derivar un proceso erosivo incontrolable ou que produzan perdas de solo superiores ás admisibles en relación coa capacidade de rexeneración do solo.

As accións que alteren paisaxes naturais ou humanizadas de valores tradicionais arraigados.

O emprego de especies non incluídas nas escalas sucesionais naturais da vexetación correspondente á estación que se vai repoboar.

A actuación que implique unha notable diminución da diversidade biolóxica.

j) Terreos incultos e áreas seminaturais: para os efectos da presente lei enténdense incluídos nesta denominación os terreos que nunca foron cultivados ou aqueles que o foron mais sufriron un abandono desa actividade e que cumpran as condicións e prazos que determine a Lei de montes e que permitiron que fosen poboados por vexetación forestal leñosa.

k) Extracción a ceo aberto de hulla, lignito ou outros xacigos minerais: para os efectos da presente lei entenderase por extracción a ceo aberto aquelas tarefas ou actividades de aproveitamento ou explotación dos xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos que necesariamente requiran a aplicación de técnica mineira e non se realicen mediante labores subterráneos. Considérase necesaria a aplicación de técnica mineira nos casos en que se deban utilizar explosivos, formar cortas, tallos ou bancos de 3 metros ou máis de altura, ou o emprego de calquera clase de maquinaria.

l) Cambio de uso do solo: para os efectos da presente lei entenderase por cambio de uso do solo a transformación de calquera uso de solo rural entre si (agrícola, gandeiro, forestal, cinexético ou calquera outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais) cando supoña unha alteración substancial da cobertura vexetal ou a transformación do uso de solo rural en solo urbanizado.

m) Consolidación e mellora de regadíos: para os efectos da presente lei entenderase por consolidación de regadíos as accións que afectan regadíos infradotados de auga, ben por falta de auga ben por perdas excesivas nas conducións, e que teñen como fin completar as necesidades de auga dos cultivos existentes. Considéranse accións de mellora de regadíos as que afectan a superficie regada suficientemente dotada, ou moi dotada, de auga, sobre as que se consideran oportunas actuacións que supoñan melloras tendentes ao aforro de auga ou melloras socioeconómicas das explotacións.

n) Valor medio trimestral: entenderase por valor medio trimestral, tendo en conta os días de produción efectiva, o período de 90 días consecutivos de máxima produción.

o) Valor medio anual: entenderase por valor medio anual a media dos valores medios diarios ao longo dun ano natural.

p) Instalación hoteleira: para os efectos desta lei, consideraranse como instalacións hoteleiras aqueles aloxamentos turísticos habilitados para o público cuxa capacidade mínima sexa de 30 prazas.

q) Transmisión de enerxía eléctrica: inclúe a actividade (transporte), as instalacións (rede interconectada de alta e media tensión) e o fin (subministración a clientes finais ou distribuidores). Neste concepto inclúense as subestacións.